

dez • eme

Número 10 Outubro 2005 7 euros

Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundação 10 de Março

memoria e historia

DÁI TE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruír a historia do sindicalismo en galicia.
lega ou deposita o material relacionado co mundo do traballo
que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e
visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da
memoria histórica

(carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas,
vídeos, ou calquera outro material)

VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  **10 DE MARZO**

sindicato nacional de cc.oo. de galicia

• Via Pasteur, 45 B - Polígono do Tambo • 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 574 082 • email: f10m@galicia.es

EDITORIAL

A memoria histórica, unha necesidade social

5

AO REDOR DA HISTORIA

Formulando as grandes cuestións.

A Historia: unha nova idade da razón

Eric Hobsbawm

7

A memoria colectiva, entre a historia e a política

Francisco Erice

14

Os límites da liberalización franquista.

Fraga e os intelectuais: os manifestos de 1963

Irene Díaz

23

DOSIER DOCUMENTAL

A memoria histórica dos traballadores da construcción

naval no Arquivo da Fundación 10 de Marzo

José Gómez Alén

30

TESTEMUÑOS

Manuel Amor Deus. Aproximación a unha biografía da resistencia obreira ao franquismo

José Gómez Alén

42

UNHA IMAXE

O abrazo de Juan Genovés

Ángel Llorente Hernández

61

UN CONCEPTO

Memoria e esquecemento: diversidade conceptual

Gloria Bayona

64

MISCELÁNEA

O franquismo e o mundo rural

Javier Tebar Hurtado

71

MEMORIA HISTÓRICA

Unhas notas sobre o Memorial Democrático

Pere Ysàs

76

O Premio "Alfredo Suárez Ferrín": un traballo de difusión dos valores cívicos, morais e democráticos na Coruña

Carlos Pereira Martínez

78

A memoria como patrimonio Víctor Pardo

81

A universidade e a memoria histórica. A cátedra extraordinaria Memoria Histórica do século XX

José Gómez Alén

84

Os camiños da retirada

Redacción DEZEME

85

DE LIBROS

A ditadura franquista e a súa estratexia defensiva

DISIDENCIA Y SUBVERSIÓN. LA LUCHA DEL RÉGIMEN

FRANQUISTA POR SU SUPERVIVENCIA, de Pere Ysàs

Gloria Bayona Fernández

87

A dignidade dunha biografía da resistencia democrática

EL DAÑO Y LA MEMORIA. LAS PRISIONES DE MARÍA SALVO,

de Ricard Vinyes

Fernando Hernández Holgado

89

A recuperación das marxinadas da historia

MUJERES CAÍDAS. PROSTITUTAS LEGALES Y CLANDESTINAS

EN EL FRANQUISMO, de Mirta Núñez Díaz-Balart

Fernando Hernández Holgado

92

Nova achega ó estudio da represión franquista en Galicia

OURENSE, 1936-1939. ALZAMIENTO, GUERRA E REPRESIÓN,

de Xulio Prada

Ángel Rodríguez Gallardo

94

Unha nova aportación ó estudio das loitas obreiras

LA CONQUISTA DE LA LIBERTAD. HISTORIA DE LAS COMISIONES

OBRERAS DE ANDALUCÍA, VV. AA.

Eloísa Baena

99

Unha proposta editorial necesaria

CULTURA Y GÉNERO EN CULTURA MODERNA, VV. AA.

Redacción DEZEME

100

GUÍA DE RECURSOS

Informe de Amnistía Internacional. Poñer fin ao silencio e a inxustiza

Eduardo Bragado

101

ENCONTROS

Conclusións do III Congreso Internacional

Historia a Debate

Carlos Barros

105

Dúas convocatorias

Redacción DEZEME

110

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo

Fundación 10 de Marzo

111

NO PRÓXIMO NÚMERO

112

AUTORES DESTE NÚMERO

113

Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIALES DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Número 10 / Outubro de 2005

COORDINACIÓN

José Gómez Alén

CONSELLO DE REDACCIÓN

José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado (Vigo), José Gómez Alén (Santiago de Compostela), Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Carlos Pereira Martínez (A Coruña), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier Tebar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias)

COLABORACIONES

Eric Hobsbawm, Francisco Erice, Irene Díaz, Ángel Llorente Hernández, Gloria Bayona,

Javier Tebar Hurtado, Pere Ysàs, Carlos Pereira, Víctor Pardo, Fernando Hernández Holgado, Eloísa Baena, Ángel Rodríguez Gallardo, Eduardo Bragado, Antonia Tato Fantaña, Carlos Barros, José Gómez Alén.

FOTOGRAFÍAS

Arquivo Fundación 10 de Marzo
Abel López Rodríguez
Manuel Amor Deus
Josefa Varela Fontán

TRADUCCIÓN E CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO DA REVISTA E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SA

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00

TIRADA: 225 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIONES DOS AUTORES




fundación 10 de marzo
sindicato nacional de cc.oo. de galicia


Via Pasteur, 45 B / Polígono do Tambre / 15890 - Santiago de Compostela
Telfs. 981 574 082 / e-mail: f10msn@galicia.ccoo.es

dez·eme

OUTUBRO 2005



TODA UNA ORGANIZACIÓN al servicio de su COMUNICACIÓN VISUAL



Reprografía | Impresión Digital | Impresión Offset | Impresión Gran Formato | Encuadernación

A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Telf. 981 274 820
Fax. 981 274 909
hercules@torculo.com

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Via Edíson, 33-35 Polígono del Tambre
Telf. 981 95 83 20
Fax 981 57 56 93
torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3
Telf. 986 213 456
Fax. 986 207 825
artes@torculo.com

A memoria histórica. Unha necesidade social

O contido deste novo *DEZ?EME* xira derredor dun tema que nos últimos tempos ocupa amplos espazos nos medios. Referímonos á cuestión da memoria histórica.

Na actualidade e desde ámbitos moi diversos, estase a proxectar sobre a sociedade unha mensaxe: a necesidade de recuperar a memoria histórica, referida sobre todo a unha parte da nosa historia no século XX. Son frecuentes os traballos xornalísticos sobre o tema e as incursións dos narradores, animados polo interese das editoriais, que descubriron en certos asuntos un filón editorial; a profusión de asociacións de recuperación da memoria, os debates no campo da historiografía, a postura interesada dos partidos políticos e as iniciativas parlamentarias, xunto doutras de diversa orixe, como poden ser a proposta de Memorial Democrático en Cataluña, ou a creación da Cátedra Extraordinaria da Memoria Histórica na Universidade Complutense de Madrid, das que nos facemos eco nas páxinas deste número. De aí que fora unha obriga que, unha revista editada por unha Fundación que desde 1991 vén dedicando parte dos seus esforzos á investigación historiográfica do franquismo como unha forma de contribuír á formación da memoria histórica que despois permanecerá na sociedade, dedicase un número a tratar dalgúnha forma esta cuestión.

Procuramos, coma sempre, que os artigos reflectan aspectos que veñen formando parte da nosa liña editorial e que poidan ter interese historiográfico e social. Así o entendemos ao incluir a proposta historiográfica de Eric Hobsbawm, a quen desde aquí agradecemos a súa atención e disposición para podermos traducir o seu traballo. O historiador británico critica a deformación posmoderna da historia con fins políticos e reclama a necesidade de reconstruir a fronte historiográfica da razón e o papel que nesa fronte debe ter o marxismo. A sección inclúe o artigo de Francisco Erice «A memoria colectiva, entre a historia e a política» e o traballo de Irene Díaz, «Os límites da liberalización franquista. Fraga e os intelectuais: os manifestos de 1963».

O «Testemuño» presenta unha aproximación á biografía dun histórico dirixente das Comisións Obreras de Galicia, Manuel Amor Deus, das que foi o seu primeiro secretario xeral. No «Dossier documental» ofrecemos nesta ocasión unha escolma das diferentes fontes documentais que poden atoparse no arquivo histórico da nosa Fundación sobre o traballo e a conflitividade no sector da construcción naval, que é tamén a nosa construcción na reivindicación da memoria dos traballadores deste sector; tema que centra, así mesmo, a nosa proposta gráfica.

Na sección «Unha imaxe», Ángel Llorente analiza a obra de Juan Genovés *O abrazo*, que, convertido en cartel, empapelou as cidades españolas durante a transición e que representa, na memoria colectiva dunha parte da sociedade, o símbolo da loita polas liberdades democráticas e a amnistía.

Gloria Bayona, na sección «Un concepto», reflexiona sobre a memoria e o esquecemento. E en «Memoria Histórica», Pere Ysàs presenta o proxecto de Memorial Democrático, e ademais damos conta dalgunhas iniciativas de interese. En «Miscelánea» incluímos un artigo de Javier Tebar. Como é habitual, dedicamos o correspondente espazo á sección de «Encontros» coas convocatorias de congresos.



Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO




NÚMERO 1,
abril 2000:
*Arquivo
Ángel Barcia*



NÚMERO 2,
novembro 2000:
O franquismo



NÚMERO 3,
xuño 2001:
*O mundo
do traballo*



NÚMERO 4,
decembro 2001:
Migracións




NÚMERO 5,
xuño 2002:
*Partidos
políticos*
coordinador: Ramón Máz



NÚMERO 6,
febreiro 2003:
*Cultura
e política*



NÚMERO 7,
xullo 2003:
*Ambiente
de mobilización
social*
coordinador: Ramón López Facal



NÚMERO 8,
febreiro 2004:
*O século
das mulleres*



NÚMERO 9,
decembro 2004:
*O primeiro
franquismo*



NÚMERO 10,
outubro 2005:
*Memoria
e historia*

Información e subscições:

FUNDACIÓN 10 de MARZO

Via Pasteur, 45 B / 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA / Telfs. +34 981 574 082 / f10m.sn@galicia.ccoo.es



Dezeme nº 10. 2005. ISSN 1576-4044. Páxs. 7-13.

FORMULANDO AS GRANDES CUESTIÓNS A HISTORIA: UNHA NOVA IDADE DA RAZÓN

ERIC HOBSBAWM¹

Ata o momento os filósofos só interpretaron o mundo: trátase de cambialo». A historiografía marxista desenvolveuse en dúas liñas paralelas, que se corresponden coas dúas metades da famosa «Tese sobre Feuerbach» de Marx. A maioría dos intelectuais que se converteron en marxistas de 1880 en diante, incluíndo os historiadores, fixérono porque querían cambiar o mundo en asociación cos movementos

socialistas e do traballo —movementos que se ían transformar, en gran parte baixo a inspiración marxista, en forzas políticas de masa—. Esta asociación levou dun xeito natural os historiadores que querían cambiar o mundo cara a certos campos de estudo, especialmente á historia da xente corrente, dos traballadores. Aínda que cun atractivo lóxico para a xente de esquerdas, na orixe isto non tiña unha conexión

¹ Tradución do inglés: Antonia Tato Fontañá. Este artigo tomouse do seu discurso de peche do Coloquio da British Academy sobre Historiografía marxista. Agradecémoslle o permiso para traducir o texto.

A enorme expansión da educación universitaria e da conflitividade estudiantil produciu un substancial e novo continxente académico de persoas dispostas a cambiar o mundo nos anos sesenta

específica coas interpretacións marxistas. Pola contra, cando estes intelectuais deixaron de ser revolucionarios sociais, de 1890 en diante, moitos deixaron tamén de ser marxistas.

A revolución soviética de outubro de 1917 incentivou o compromiso. Non obstante, non esquezamos que o Marxismo non foi formalmente abandonado polos partidos socialdemócratas más importantes de Europa ata 1950 ou áinda máis tarde. Tamén produciu o que se podería chamar ‘historiografía marxista obligatoria’ na URSS e nos estados que máis adiante caeron baixo réximes comunistas. A era do antifascismo reforzou a motivación para se converter en marxista.

Desde os anos cincuenta, esta motivación debilitouse nos países desenvolvidos —pero non no Terceiro Mundo— áinda que a enorme expansión da educación universitaria e da conflitividade estudiantil produciu un substancial e novo continxente académico de persoas dispostas a cambiar o mundo nos anos sesenta. Non obstante, áinda que radicais, un número considerable deles xa non eran marxistas de maneira clara, ou non eran marxistas en absoluto.

Este rexurdimento acadou o punto culminante nos anos setenta, pouco despois de que empezase unha reacción masiva contra o Marxismo —de novo por razóns políticas ante todo—. O seu efecto principal foi destruír a crenza —agás no caso dos liberais, que áinda o cren— de que se pode predicir o éxito dunha forma concreta de organizar a sociedade humana coa axuda da análise histórica. A historia disociouse da teleoloxía.²

Dado o incerto panorama dos movementos sociodemocráticos e sociorrevolucionarios, paréceme improbable que volva haber unha vaga de adhesión ao marxismo politicamente motivada. Pero temos que evitar un centrismo occidental excesivo. Se teño que xulgar pola demanda dos meus propios libros de historia, observo que aumentou en Corea do Sur e en Taiwán

desde os oitenta, en Turquía nos noventa e hai indicios de que agora está a aumentar no mundo árabe.

Sobre a ‘interpretación’ do mundo

Entrementres, ¿que pasa coa «interpretación do mundo»? Neste punto a cuestión é un pouco diferente pero tamén paralela. Trátase do crecemento do que se podería denominar a reacción anti-Ranke³ na historia, da que o Marxismo foi un elemento importante, áinda que non sempre recoñecido de todo. Esencialmente, este foi un movemento sobre.

Desafiou a crenza positivista de que a estrutura obxectiva da realidade era, por así díilo, autoexplicativa: bastaba con lle aplicar a metodoloxía da ciencia, explicar por que as cousas sucedían da maneira que o facían e descubrir *wie es eigentlich gewesen* («como foi en realidade»). Para todos os historiadores, a historiografía quedou, e queda, ancorada nunha realidade obxectiva —a realidade do que sucedeu no pasado—. Pero non parte de feitos senón de problemas, e esixe de nós que nos preguntemos como e por que tales problemas (paradigmas e conceptos) se formulan en diferentes medios socioculturais e en tradicións históricas.

Pero foi asemade un movemento para aproximar a historia ás ciencias sociais e, xa que logo, para convertela en parte dunha disciplina capaz de explicar as transformacións da sociedade humana no curso do seu pasado. A Historia ía tratar do que Lawrence Stone⁴ chamou «preguntar os grandes porqués». Este ‘xiro social’ non veu de dentro da historiografía, senón das ciencias sociais (algunhas delas en proceso de creación) que, daquela, elas mesmas estaban afirmándose como disciplinas evolutivas, é dicir, históricas.

En tanto que Marx poida ser considerado como o pai da socioloxía do coñecemento, o Marxismo de certo contribuíu ao primeiro destes movementos, áinda que



ten sido atacado erroneamente por un suposto obxectivismo cego. Pola outra banda, o impacto máis coñecido das ideas marxistas — a énfase nos factores sociais e económicos— non era especificamente marxista, aínda que o efecto da análise marxista pesou moito. Foi parte dun movemento historiográfico xeral, que se observou desde 1890 en diante, que ía acadar o seu cumio nos cincuenta e nos sesenta para beneficio da miña propia xeración de historiadores, que tivemos a sorte de sermos os que transformamos a disciplina.

Esta corrente socioeconómica foi máis ampla có Marxismo. Algunha vez a iniciativa de fundar os xornais e as institucións da historia socioeconómica veu dos socialdemócratas marxistas (como no caso do *Vierteljahrschrift* en 1983). Pero non foi este o caso en Gran Bretaña, Francia ou os Estados Unidos. E mesmo en Alemaña a escola de economía, que era fondamente histórica, estaba lonxe de ser marxista. Só no Terceiro Mundo do século XIX —Rusia e os Balcáns— así como no do século XX, a historia económica foi en primeiro lugar sociorrevolucionaria na súa orientación, como toda a ‘ciencia social’ e, xa que logo, propensa a ser moi atraída por Marx.

O impacto de Marx na historia

Os intereses históricos da maioría dos historiadores marxistas non están tanto na ‘base’ (a infraestrutura económica) coma nas relacións entre a base e a superestructura. O número de historiadores explicitamente marxistas foi sempre máis ben pequeno. O impacto máis importante de Marx na historia foi a través dos historiadores e científicos sociais que recolleron os grandes interrogantes de Marx, independentemente de que lles desen respuestas ou non. E, a cambio, a historiografía marxista adiantou moito en comparación co que era nos días de Karl Kautski e Georgi Plekhanov,⁵ en boa medida debido a que foi alimentada por outras disciplinas (sobre todo pola antropoloxía social) e por pensadores influenciados por Marx que ademais o complementaban, como foi o caso de Max Weber.⁶

Recalco a xeneralidade desta corrente historiográfica non porque queira infravalorar as diferenzas no seu seo ou nos seus compoñentes, como o Marxismo. Os modernizadores históricos fixérонse as mesmas preguntas e víronse eles mesmos embarcados nas mesmas batallas intelectuais, tanto se coleron a súa inspiración da xeografía humana, da socioloxía

O impacto más importante de Marx na historia foi a través dos historiadores e científicos sociais que recolleron os grandes interrogantes de Marx, lles desen respuestas ou non

A historia necesita que a defendan daqueles que negan a súa capacidade de axudarnos a comprender o mundo

durkheimiana⁷ e da estatística coma no caso de Francia (tanto a escola dos Annales como Labrousse), ou da socioloxía weberiana como a *Historische Sozialwissenschaft* na Alemaña federal, ou do Marxismo dos historiadores do Partido Comunista que se converteron nos cruciais portadores da modernización histórica en Gran Bretaña, ou polo menos fundaron a principal revista.

Todos eles víanse como aliados contra do conservadorismo historiográfico, ainda cando representaban posicións políticas ou ideolóxicas mutuamente hostís, como Michael Postan⁸ e os seus estudantes británicos marxistas. A expresión clásica desta coalición de progreso é a revista *Past & Present*, que acadou unha influencia considerable entre os historiadores. A razón do seu éxito radica no feito de que os mozos marxistas que a fundaron rexeitaren á mantenta toda exclusividade e os mozos modernizados doutras tendencias estaban dispostos a unirse a eles, e, ainda máis, sabían que as diferenzas políticas e ideolóxicas non tiñan por que ser un atranco na colaboración. Esta fronte progresista avanzou de maneira espectacular desde fins da segunda guerra mundial ata os anos setenta, no que Lawrence Stone chama «amplo abano de cambios na natureza do discurso histórico». Isto durou ata a crise de 1985, coa transición dos estudos cuantitativos aos cualitativos, da macro á microhistoria, da análise estrutural á narrativa, do social ao cultural.

Desde aquela, a coalición modernizadora está á defensiva —o mesmo que os seus compoñentes non marxistas—, como a historia económica e social.

Nos anos setenta, a corrente dominante da historia transformárase tanto, en boa medida pola influencia da forma marxista de formular «as grandes cuestións», que me vin escribindo: «Hoxe é con frecuencia imposible dicir se un traballo o escribiu un marxista ou un non mar-

xista, non sendo que o autor especifique a súa posición ideolóxica... Gustaríame que chegase o momento en que ninguén preguntase se os autores son marxistas ou non». Pero, como tamén puntualicei, estamos lonxe de tal utopía. Polo contrario, a necesidade de insistir no que o Marxismo pode darlle á historiografía aumentou considerablemente desde aquela. Moito máis do que aumentara en moito tempo. Iso é porque a historia necesita que a defendan daqueles que negan a súa capacidade de axudarnos a comprender o mundo, e porque novos desenvolvimentos das ciencias transformaron a axenda historiográfica.

No plano metodolóxico, o fenómeno negativo máis importante foi a construción dun conxunto de barreiras entre o que sucedeu e o que sucede na historia e a nosa capacidade de observalo e comprendelo. Rexítase que exista unha realidade obxectiva e non construída polo observador por diferentes e cambiantes motivos. Afirmase que non podemos penetrar alén das limitacións da linguaaxe, é dicir, dos conceptos, que son o único medio que temos para falar do mundo, incluído o pasado.

Esta visión eliminaría a cuestión de saber se hai patróns e regularidades no pasado sobre os que os historiadores poñan pronunciarse significativamente. Ao mesmo tempo, historiadores menos teóricos argumentan que o curso do pasado é demasiado continxente para xeneralizar ou para explicacións superficiais porque as opcións en historia son innumerables. Puido ou pode pasar calquera cousa. De forma implícita, estes argumentos están contra a ciencia. Vou pasar por alto intentos máis triviais de volver ao pasado: o intento de lles atribuír o curso da historia a altos responsables políticos ou militares, ou á omnipotencia de ideas ou ‘valores’, ou o de reducir a erudición histórica a busca, importante pero en si mesma insuficiente, da empatía co pasado.

A miña verdade é tan válida coma a túa

O gran perigo político máis inmediato que ameaza a historiografía hoxe é o ‘antiuniversalismo’, é dicir «a miña verdade é tan válida coma a túa, sexan cales sexan os feitos». Por suposto isto seduce a historia dos varios grupos identitarios, para os que a cuestión central non é o que sucedeu, senón como atinxen os membros dun grupo específico. Para este tipo de historia o que importa non é a explicación racional senón a ‘significación’; non o que sucedeu, senón o que senten os membros dun grupo que se define colectivamente fronte aos de fóra en termos de relixión, de sexo, de etnia, de nación, de xeito de vida ou de calquera outra forma.

Velaí o atractivo que ten o relativismo para a historia dos grupos identitarios. Por diversas razóns, os últimos trinta anos forman a época dourada da invención masiva de mitos e mentiras históricas produto de desviacións emocionais. Algunxs deles son un perigo público: refirome a países como a India nos tempos do BJP,⁹ aos Estados Unidos, á Italia de Berlusconi, sen mencio-

nar moitos dos novos nacionalismos, con reforzo integrista ou sen el.

Por unha banda isto produciu unha verba infinita e trivialidades nas marxes extremas da historia de grupos como feministas, homosexuais, negros e outros; pero doutra banda tamén estimulou desenvolvimentos históricos de estudos culturais moi interesantes; ese é o caso do novo «pulo da memoria nos estudos históricos contemporáneos» como o chama Jay Winter¹⁰ e do que *Les Lieux de Mémoire*¹¹ (lugares da memoria) é un bo exemplo.

É moito hora de restablecer a coalición dos que queren crer na historia como unha investigación racional do curso das transformacións humanas contra dos que sistematicamente distorsionan a historia por motivos políticos —e tamén, de maneira más xeral, contra relativistas e posmodernistas, que negan esta posibilidade—. Posto que parte destes posmodernistas e relativistas se consideran de esquerdas, poderían darse diverxencias que dividisen os historiadores de formas políticas insólitas. Para a miña idea, o

O gran perigo
político más
inmediato que
ameaza a
historiografía
hoxe é o
‘antiuniversalismo’



enfoque marxista é un elemento necesario nesta reconstrucción da fronte da razón, como o foi na década dos cincuenta e dos sesenta. A contribución marxista é hoxe probablemente máis relevante, dado que os outros compoñentes da coalición —os Anais post-Braudel e os inspirados pola antropoloxía social estrutural funcional— renunciaron. A antropoloxía social como disciplina viuse en particular afectada pola avalancha cara á subxectividade posmoderna.

Os ‘modos de producción’ (ou como queira que lles chamemos) baseados en importantes innovacións na tecnoloxía produtiva, nas comunicacóns e na organización social —pero tamén no poder militar— son o núcleo da evolución humana

Lamarck¹³ sobre Darwin a través da historia humana. E non serve de moito disfrazalo con metáforas biolóxicas —‘memes’¹⁴ e non ‘xenes’—. A herdanza biolóxica non funciona da mesma maneira cá herdanza cultural.

Resumindo, a revolución do DNA esixe un método histórico específico para estudar a evolución da especie humana. Ao tempo, proporciona un marco racional da historia do mundo, unha historia que establece como unidade dos estudos históricos o planeta na súa complexa totalidade e non un contorno determinado ou unha subárea dentro del. A historia é a continuación da evolución biolóxica do *Homo sapiens* por outros medios.

En segundo lugar, a nova bioloxía evolutiva elimina a crúa e precipitada distinción entre historia e ciencias da natureza, xa moi debilitada pola ‘historización’ sistemática destas últimas nas décadas pasadas: Luigi Cavalli-Sforza, un dos pioneiros multidisciplinarios da revolución do DNA, fala de «O pracer intelectual de encontrar tantas similitudes entre campos de estudio tan dispares, algúns dos cales pertencen tradicionalmente aos dous bandos rivais da cultura: as ciencias e as humanidades». En síntese, libéranos do falso debate de se a historia é ou non unha ciencia.

Historia evolutiva da humanidade

Mentres os posmodernistas negaban a posibilidade dunha comprensión histórica e os historiadores apenas se decataban, os avances no campo das ciencias naturais devolvíanlle á historia evolutiva da humanidade o seu posto. E facíano de dúas maneiras:

Primeiro porque as novas análises do DNA estableceron unha cronoloxía más exacta do desenvolvemento do home desde que apareceu o *Homo sapiens* como especie, e concretamente para a cronoloxía da difusión da especie, desde o seu punto de orixe en África polo resto do mundo e a posterior evolución, antes da aparición das fontes escritas. Así se estableceu a abraiente brevidade da historia do home —segundo criterios xeolóxicos e paleontológicos— e asemade se eliminou o reducionismo da sociobiología neodarwiniana.¹² Os cambios na vida humana, tanto colectiva como individual, no curso dos pasados dez mil anos e máis en concreto nas dez últimas xeracións, son grandes de máis como para seren explicados na súa totalidade por un mecanismo darwiniano de evolución a través dos xenes. Esas transformacións corresponden a unha aceleración na transmisión das características adquiridas, por mecanismos culturais e non xenéticos. Supón que é a vinganza de

En terceiro lugar, fainos retornar ao enfoque básico da evolución humana adoptado por arqueólogos e historiadores, que é estudar os modos de interacción entre as nosas especies e o seu contorno así como o seu crecente control sobre el. Iso significa facerse as preguntas que fixo Marx. Os ‘modos de producción’ (ou como queira que lles chamemos) baseados en importantes innovacións na tecnoloxía produtiva, nas comunicacóns e na organización social —pero tamén no poder militar— son o núcleo da evolución humana. Marx foi ben consciente de que estas innovacións non se fan a si mesmas: as forzas materiais e culturais e as relacións de produción non se poden separar. Son as activi-

dades dos homes e das mulleres en situacións históricas, actuando e tomando decisións —«facendo a súa propia historia»— pero non no baleiro, nin sequera nun baleiro atribuído por medio dun cálculo racional.

Emporiso, as novas perspectivas na historia deberían facernos retornar a ese obxectivo esencial, se ben bastante irrealsizable, dos que estudan o pasado: a «historia total». Non a «historia de todo» senón a historia considerada como unha rede indivisible na que todas as actividades humanas están relacionadas. Os marxistas non son os únicos que teñen esta meta (temos por exemplo tamén a Fernand Braudel), pero si que foron os que a perseguiron con máis teimosía, como ben observou un deles, Pierre Vilar.¹⁵

Entre as cuestións teóricas para as que a perspectiva da historia como interacción é esencial, hai unha crucial para a comprensión da evolución histórica do *Homo sapiens*. Trátase do conflito entre as forzas que fan a transformación do *Homo sapiens* desde o neolítico ata a humanidade nuclear e as forzas cuxo obxectivo é o mantemento inmutable da reproducción e a estabilidade en colectivididades humanas ou contornos sociais. Na maior parte da historia, as forzas que inhiben o cambio contrarrestárono de xeito efectivo, áinda que con algunha excepción. Hoxe este equilibrio inclínase nunha dirección. O desequilibrio, que quizais supere a capacidade de comprensión dos humanos, supera de certo a capacidade de control das institucións sociais e políticas. Poida que os historiadores marxistas, que tiveron oportunidade de reflexionar sobre as consecuencias involuntarias e non desexadas dos proxectos colectivos humanos no século XX, sexan quen polo menos de axudarnos a comprender como se chegou á situación actual.

NOTAS

² *Teleoloxia*, ‘doutrina que se ocupa das causas finais’.

³ Reacción contra de Leopold von Ranke, considerado o pai da escola dominante da historiografía académica antes de 1914.

⁴ Lawrence Stone (1920-1999), un dos historiadores más eminentes e influentes da historia social, autor entre outros títulos, de *The Causes of the English Revolution, 1529-1642* (1972) e de *The Family, Sex and Marriage in England 1500-1800* (1977).

⁵ Respectivamente teóricos da socialdemocracia alemaña e da rusa, nos comezos do século XX.

⁶ Sociólogo alemán (1864-1920).

⁷ Por Emile Durkheim (1858-1917), que foi un dos pais fundadores da socioloxía moderna.

⁸ Michael Postan ocupou a cátedra de historia económica na Universidade de Cambridge desde 1937.

⁹ O partido Bharatiya Janata dirixiu o Goberno indio desde 1999 ata maio de 2004.

¹⁰ Profesor da Universidade de Yale (EUA) e especialista en historia das guerras do século XX, sobre todo dos lugares da memoria.

¹¹ *Les Lieux de mémoire*, Gallimard, París, editado por Pierre Nora, sete volumes, 1984-1992.

¹² Por Charles Darwin (1809-1882), o naturalista británico responsable da teoría da evolución das especies sobre a base da selección natural.

¹³ Jean-Baptiste Lamarck (1744-1829), naturalista francés que foi o primeiro en rexeitar a idea da permanenza das especies.

¹⁴ Os *memes* segundo Richard Dawkins, destacado neodarwinista, son unidades de base de memoria, supostos vectores da supervivencia e transmisión culturais, o mesmo que os xenes son os vectores da subsistencia das características xenéticas.

¹⁵ Jacques Revel e Lynn Hunt (eds.), *Histories: French Constructions of the Past*, Nova York, The New Press, 1995.

As novas
perspectivas
na historia
deberían
facernos
retornar a ese
obxectivo
esencial, se ben
bastante
irrealizable,
dos que estudan
o pasado: a
«historia total»



Dezeme nº 10. 2005. ISSN 1576-4044. Páxs. 14-22.

A MEMORIA COLECTIVA, ENTRE A HISTORIA E A POLÍTICA

FRANCISCO ERICE

A puxanza dun novo campo historiográfico

Hai xa máis dunha década, o historiador Charles S. Maier preguntábase se non estaríamos sufrindo unha «farta de memoria», dada a obsesión que as cuestións relacionadas co recordo e a rememoración chegaran a suscitar.¹ Dado que esta tendencia non fixo más que afianzarse, non debe estrañar que diagnósticos posteriores cheguen a conclusións semellantes: «boom da memoria», «saturación da memoria», «culto á memoria», son expresións de estudiosos actuais que reflicten unha realidade moi similar á descrita por Maier.²

¿En que medida pode afirmarse que esta hipertrofia da memoria constitúe un trazo

específico do noso tempo? Marc Bloch aseguraba que, a diferenza doutras, a civilización occidental sempre esperou moito da memoria, debido á súa herdanza clásica e cristiá; a nosa arte, a nosa literatura, «están llenos de los ecos del pasado», os nosos homes de acción «siempre tienen en sus labios sus lecciones, reales o imaginarias».³ Pero, sen dúbida, o florecemento da memoria como obxecto de consideración e análise histórico social é bastante máis recente. Aínda que xa en 1925 o sociólogo Maurice Halbwachs publicaba o seu estudio, hoxe clásico, sobre *Los marcos sociales de la memoria*, introducindo o concepto de *memoria colectiva*, a irrupción do tema no campo historiográfico data praticamente da década de 1980: os traballos fundamentais, ben

diferentes entre si, do xa citado Maier, Yerushalmi, Lowenthal, ou os de Namer, Roussel e por suposto Pierre Nora en Francia, corresponden a estes primeiros e frutíferos impulsos.⁴ Non ten nin faladoiro que, en España, o arrinque destes estudos é máis tardío, sendo seguramente o da socióloga Paloma Aguilar, *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, o que más contribuíu a alentar o interese por este xénero de asuntos.⁵

O auxe da memoria, que se proxecta a través dunha diversidade de formas e se insire de xeito específico nos debates políticos e culturais de cada sociedade, adquiriu porén un carácter xeneralizado, desde Europa occidental e os Estados Unidos ata Sudáfrica ou América Latina, pasando polos antigos países do *socialismo real*, por citar algúns ámbitos especialmente sensibilizados nos últimos tempos. Huyssen describiu con tino esta difusión, relacionándoa coa propia pluralidade de funcións da memoria:

La difusión geográfica de dicha cultura de la memoria es tan amplia como variados son los usos políticos de la memoria, que abarcan desde la movilización de pasados míticos para dar agresivo sustento a las políticas chauvinistas o fundamentalistas (por ejemplo, la Serbia pos-comunista, el populismo hindú en la India), hasta los intentos recientes en Argentina y Chile de crear esferas públicas para la memoria ‘real’, que contrarresten la política de los régimes pos-dictatoriales que persiguen el olvido tanto a través de la reconciliación y de las amnistías oficiales como del silenciamiento represivo. Pero al mismo tiempo, claro está, no siempre resulta fácil trazar la línea que separa el pasado mítico del pasado real, que, sea donde fuere, es una de las encrucijadas que se plantean a toda política de la memoria. Lo real pude ser mitologizado de la misma manera que lo mítico puede engendrar fuertes efectos

de realidad. En suma, la memoria se ha convertido en una obsesión cultural de monumentales proporciones en el mundo entero.⁶

Podemos albergar serias dúbidas sobre se este fenómeno está a contribuir ao afondamento da conciencia histórica colectiva ou se, como sinala Lowenthal, se incrementou o noso coñecemento do pasado, pero se moderou o seu uso creativo. Probablemente haxa moito de certo no feito de que, como observaba John R. Gillis, os excesos do termo *memoria* fanlle perder significado «en proporción directa al aumento creciente de su poder retórico».⁷

En todo caso, no debate aberto sobre as causas deste rexurdir do interese pola memoria, dado que se trata dunha realidade polifacética, puideron invocarse motivacións múltiples. Por exemplo, tense relacionado cunha resposta ao fenómeno da globalización e unha certa *sensibilidad compensatoria* ante a erosión ou perda das identidades *locais*, ou púxose en correspondencia coa posmoderna reivindicación da subxectividade e das racionalidades *parciais* fronte á crise dos meta-relatos totalizadores.⁸ Tamén se atribuíu, en sentido máis xeral, á reacción psicolóxica fronte aos cambios acelerados do noso tempo. Elizabeth Jelin apunta á sensibilidade fronte ao «cambio rápido o a una vida sin anclaje o raíces», e Todorov, pola súa banda, evoca o carácter evasivo fronte aos problemas do presente que pode chegar a asumir o recordo dos sufrimentos do pasado, «procurándonos además el beneficio de la buena conciencia».⁹ Así mesmo, a activación da polémica sobre o Holocausto xudeu, segundo Huyssen, contribuíu a intensificar as discusións en torno á memoria a comezos da década de 1980 en Europa e os Estados Unidos, e xerou efectos imitativos en relación con outros procesos de represión ou xenocidio. Algúns impulsos más, dignos de ser tidos en conta, proceden de recentes procesos de transición ou cambio político, como os de

América Latina ou os países de Europa centro-oriental.¹⁰ Hai ademais un factor xenérico fundamental, que ten que ver cos *usos ideolóxicos* ou o recurso á memoria para a obtención de beneficios individuais ou colectivos; aquí o abano de posibilidades é inmenso, desde as invocacións con fins *identitarios* ou para reivindicar supostos dereitos nacionais ou de grupo, ata a mesma rendibilización, individual ou compartida, da condición de vítima no pasado; dito sexa isto, sen entrar na valoración da xustiza ou pertinencia de semellantes utilizacións.¹¹

**O interese
cidadán
correspón dese,
sen dúbida, coa
importancia real
que os procesos
de construcción
da memoria
colectiva
posúen nas
relacións e
conflitos de
poder e na
pugna de
intereses sociais**

Combates pola memoria

A ninguén se lle escapa que esta desmesurada atención pola memoria ten, pois, dúas dimensións distintas pero interrelacionadas: unha *académica* e outra cívico-política. A primeira plásmase na avalancha de estudos sobre políticas e *lugares* de memoria, conmemoracións, monumentos, mecanismos e formas de transmisión do pasado, que proliferaron nas últimas décadas, e entronca con *especialidades* tales como a nova Historia cultural, a *Historia oral* ou a curiosamente denominada Historia do Tempo Presente. A memoria, individual ou *social*, como soporte documental ou como obxecto de análise en si mesma, converteuse en ingrediente básico de estudos relacionados coa construcción de identidades, a articulación de suxeitos colectivos, as estratexias de asimilación e control polos poderes establecidos (e tamén de resistencia por parte dos sectores oprimidos), os usos sociais da Historia e tantas outras cuestións palpitantes do noso tempo. De aí que, malia o perceptible aroma posmoderno que denotan algúns destes asuntos, ata un historiador tan crítico co relativismo propio do *pensamento débil* como Hobsbawm, nun recente texto-manifesto, salve da súa crítica contra a posmodernidade historiográfica traballos sobre a memoria (citando explicitamente a Pierre Nora e Jay Winter), cualificándoos de

«desarrollos históricos inéditos y sumamente interesantes en el campo de los estudios culturales».¹²

En todo caso, sen a dimensión *mundana*, cívico-política, non se podería entender o interese académico, como sucede adoito na investigación histórica. Afirmouse, con razón, que a cuestión da memoria colectiva «se ha convertido en las últimas décadas en una inmensa caja de resonancias emocionales e ideológicas, difundidas a lo largo de todo el mundo y casi, prácticamente, aplicables a toda situación».¹³ Oviamente, o fenómeno non é privativo do caso español; América Latina, a Europa do Leste, ou a sempre viva sensibilidade sobre a memoria do Holocausto, representan outros tantos exemplos dese afán rememorativo, mostrando a miúdo que, como sinalou Reyes Mate, «la estructura de la memoria se ha fraguado en torno a las grandes catástrofes» e que «las víctimas son sus depositarios naturales».¹⁴ De aí xorde o que se denomina *deber de memoria*, de evidentes conexións coa recuperación da esperanza dos vencidos e esmagados pola historia da que falara Walter Benjamin; pero tamén, como reacción, exacerbouse a preocupación polos *excesos de memoria*, en sintonía coa consigna nietzscheana da *necesidade do esquecemento*, ou polo menos avogando pola distinción entre *usos* e *abusos* da memoria, tal como o formulou, entre outros, Todorov.

Alén dos componentes político-morais implicados, o interese ciudadán correspón dese, sen dúbida, coa importancia real que os procesos de construcción da memoria colectiva posúen nas relacións e conflitos de poder e na pugna de intereses sociais. En tempos non moi remotos e no noso país, un xeneral Franco en vías de converterse de simple militar golpista en caudillo, resaltaba o valor e a importancia das prácticas conmemorativas e monumentalistas (políticas de memoria, en definitiva) con motivo do discurso de *unificación* das forzas que apoianban a súa particular *cruzada*:



Y en los lugares de la lucha donde brilló el fuego de las armas y corrió la sangre de los héroes, elevaremos estelas y monumentos en que grabaremos los nombres de los que con su muerte, un día tras otro, van forjando el templo de la Nueva España, para que los caminantes y viajeros se detengan un día ante las piedras glorioas y rememoren a los heroicos artífices de esta gran Patria española.

Pero non son só os réximes fascistas ou as ditaduras, afeccionadas en por si á prosopopea, a estetización ou ritualización da política e a manipulación directa do pasado, as que manifestan interese por este tipo de exercicios. As actividades memorialísticas desenvolvidas desde o poder e as *batallas pola memoria* ou a construcción de contra-memorias fan parte da dialéctica social cotiá en todas as partes, especialmente onde as fracturas político-sociais xeraron tamén quebras do discurso oficial ou *nacional* sobre o propio pasado. Os debates acerca do período nazi en Alemaña e a chamada *querela dos historiadores*; o *revisionismo* histórico da Resistencia en Italia; as polémicas no bicentenario da Revolución, acerca da memoria de Vichy e o

colaboracionismo en Francia; ou as loitas por elaborar unha memoria alternativa da represión das ditaduras do Cono Sur contra gobernos posditatoriais esquecidos, pragmáticos ou excesivamente prudentes..., son algúns exemplos da importancia para o presente que semellantes controversias chegan a adquirir.¹⁵ A ligazón destes debates ás disputas políticas do presente vén a recordarnos as enfáticas afirmacións de Faulkner («o pasado nunca morre, nin sequera é pasado»), ou de Marx e Engels («na sociedade burguesa, o pasado domina o presente»).

... E tamén no noso país

Como en tantas outras cousas, en España os traballos académicos verbo da memoria iniciáronse cun certo atraso. Algo semellante pode dicirse —o cal resulta máis curioso— dos movementos cidadáns pola *recuperación da memoria*, que aquí centraron os seus obxectivos na reivindicación das vítimas do Franquismo, formulando a revisión mesma dun proceso de transición posfranquista supostamente baseado nun *pacto de esquecemento* ou un *borrado de memoria* que,

As actividades memorialísticas desenvolvidas desde o poder e as batallas pola memoria ou a construcción de contra-memorias fan parte da dialéctica social cotiá (...) en España os traballos académicos verbo da memoria iniciáronse cun certo atraso

As polémicas sobre a denominada memoria histórica da Guerra Civil e o Franquismo acentuáronse nos últimos anos, grazas á proliferación de asociacións, grupos e plataformas que se autopostulan como as súas recuperadoras

amais de inxusto para as vítimas e os seus herdeiros familiares e ideolóxicos, resultaría lesivo para a configuración da memoria colectiva, desvalorizando a *calidade* mesma da democracia resultante. Así, a Asociación de Familiares e Amigos de Represaliados da Segunda República afirmaba, nun dos seus comunicados, que en España «no se ha construido una Memoria acorde con los valores democráticos de defensa de la Libertad», atribuíndo a «las lagunas y carencias de la llamada Transición a la Democracia»; agora, cun sistema de liberdades xa consolidado, sería chegado o momento dunha nova Política da Memoria por parte das autoridades e dunha cidadanía que non debían permitir «que se olvide, que se esconda o que se hurte» unha parte «de nuestra historia, de nuestra identidad», por saúde democrática e, no caso de fillos e netos de perseguidos e represaliados, por «orgullo de la gesta democrática de sus padres, tíos y abuelos que tan cara les costó».¹⁶

A idea dun pacto de silencio intencionado durante a Transición, cuestionada por algúns investigadores (sobre todo Santos Juliá, que prefire falar de *amnistía* que de *amnesia*), é compartida por moitos historiadores, sociólogos ou políticólogos. Xa a comezos da década de 1990, Gregorio Morán afirmaba, en intencionado xogo de palabras, que nos converteríamos en «Reino de desmemoriados», e que «cancelar los pasados fue instrumentalizado en función de una pretendida reconciliación de los españoles». Os historiadores cataláns Cullá e B. de Riquer referíronse a «la nefasta política de ‘desmemoria colectiva’ practicada desde la transición y que se basa, entre otras cosas, en negarse a reconocer la existencia de muchas cuestiones pendientes derivadas de la guerra y del Franquismo». Segundo Sevillano Calero, co cambio político en España non se asumiron responsabilidades polo pasado, e a memoria formouse sobre un esquecemento evasivo para favorecer a convivencia, co cal «la política de memoria no ha reconstruido el pasado desde la diversidad y el respeto de las

diversas memorias colectivas que coexisten». Carme Molinero, pola súa parte, opina que os organismos democráticos posteriores a 1977 non desenvolveron unha política de memoria contraposta á do Franquismo, que polo tanto non se viu contrarrestada institucionalmente; o resultado foi o mantemento da memoria xerada polo réxime anterior, coexistindo coa memoria individual dos vencidos e dos loitadores contra a ditadura. Recentemente Ian Gibson¹⁷ apuntaba, de maneira indirecta, a unha das causas desta «cortina de silencio», concretamente aos nexos de continuidade què, coma no caso chileno, existían en España entre o vello e o novo réxime, entre outras cousas na *clase política* ou a mesma Coroa: «con un rey nombrado por Franco y ratificado por el pueblo, no cabía ningún Nüremberg».

As polémicas sobre a denominada *memoria histórica* da Guerra Civil e o Franquismo acentuáronse nos últimos anos, grazas á proliferación de asociacións, grupos e plataformas que se autopostulan como as súas *recuperadoras*; con elas chegaron as primeiras escavacións de foxas comúns, as peticóns de retirada de estatuas en lugares públicos ou de placas en rúas e prazas, as homenaxes ou conmemoracións e outras actividades que, por primeira vez, tiveron repercusión nos medios de comunicación de masas (prensa, radio, mesmo televisión), xerando amplas e a miúdo agres controversias. Alén da sintonía que poidan ter con fenómenos parecidos xalundes, para explicar este auxe das políticas de memoria *desde abajo*, insistiuse nos cambios xeracionais (paso do protagonismo dos fillos aos netos dos vencidos), a cancelación das hipotecas da Transición (o medo á involución, por exemplo) ou a insatisfacción coa democracia realmente existente no noso país; tampouco non cabe desdeñar o peso que tiveron algunas actitudes dos gobernos do PP, provocando a alarma dos que vían nelas indicios regresivos ou de conivencia cos valores do Franquismo ou incluso suscitando (por parte do PSOE ou o PNV en especial)

identificacións do partido hexemónico da dereita española co pasado, con finalidades deslexitimadoras de clara intencionalidade electoralista.¹⁸

A este movemento variado e multiforme e mais á receptividade social que xerou débense en gran medida as iniciativas políticas e lexislativas que se foron sucedendo, desde a Proposición non de lei do 20 de novembro de 2002 que, por primeira vez, abordaba no Parlamento o recoñecemento das vítimas da Guerra Civil e o Franquismo, ata a creación, por Real Decreto do 10 de setembro de 2004, dunha Comisión Intermisterial encargada de «estudiar la situación de los que, como consecuencia de su compromiso democrático, padecieron actuaciones represivas durante la guerra civil y el franquismo, y hasta la restauración de las libertades democráticas, así como de proponer medidas, legales o de otro tipo, que resulten necesarias para ofrecerles adecuado reconocimiento y satisfacción moral».¹⁹. Un recente e amplio informe de Amnistía Internacional no que se avala a política de *reparación*, instaba o Goberno actual a cumplir os compromisos adquiridos.²⁰

Necesidade e riscos da memoria

O autor destas liñas non alberga dúbidas acerca da *xustiza* que implica semellante reparación, nin tampouco sobre a necesidade de recuperar ou reactualizar, na memoria popular, algúns dos valores fundamentais e as aspiracións de liberdade e cambio social que alentou á experiencia republicana e que alimentou a resistencia antifranquista. Pero non cabe obviar, desde o rigor intelectual e a autocriticidade política, algúns dos argumentos daqueles que censuraron as formulacións achegadas polos movementos de *recuperación da memoria*, máis alá de que se comparten ou non as razóns últimas de quen os esgrime.

A primeira obxección digna de ser atendida é a inadecuación mesma do concepto de

memoria histórica, popular e de doada comprensión, pero inzado de riscos desde o punto de vista teórico, e que presenta un flanco especialmente feble no debate establecido cos detractores das medidas reparadoras en curso. O concepto en si, desde logo, tende a confundir memoria con historia, esquecendo que a memoria é sempre selectiva, partidista e se constrúe sobre a base non da reproducción fiel do pasado, senón dunha incorporación parcial *significativa*, realizada en torno a valores e con fins lexitímos ou identitarios. Pode argumentarse que o historiador tamén *selecciona*, pero faino consonte as normas deontolóxicas (é dicir, metodológicas) propias do seu oficio e baixo o control ou a supervisión dun gremio profesional que as establece, acepta e exige aos seus compoñentes. O *espírito de partido* propio da memoria colectiva, lexítimo de seu, precisa de algúns modo ser reconducido, polo historiador, cara a unha certa imparcialidade procedemental que a construcción daquela non require. Por iso, hai tendencialmente *unha* historia (aínda que poida *dicirse* de moitas maneiras e non estea nunca a salvo da *contaminación ideolóxica*), mentres que existen diversas memorias (obviamente, tamén da dereita). A memoria é, por exemplo, compatible co mito, cousa que non sucede coa Historia como disciplina científica ou que aspira a selo. A mesma idea implícita da memoria como depósito da *verdade histórica* que se trata de exhumar ou recuperar non se corresponde co que psicólogos cognitivos, sociólogos e historiadores admiten sobre o particular. A memoria colectiva (a mal chamada *memoria histórica*) non se recupera, senón que se *constrúe*, aínda que a investigación histórica sobre temas pouco coñecidos do pasado ou a divulgación social dos coñecementos obtidos constitúan unha axuda importante. Isto —insisto— non quita lexitimidade ás tarefas de asociacións e colectivos que reivindican a memoria do antifranquismo, se ben convén lembrar que existen outras memorias en conflito, que tamén responden a esa lóxica selectiva e partidista.²¹

**A memoria
é sempre
selectiva,
partidista e se
constrúe sobre a
base non da
reproducción fiel
do pasado,
senón dunha
incorporación
parcial
significativa (...)**
**A memoria é,
por exemplo,
compatible co
mito, cousa que
non sucede coa
Historia como
disciplina
científica ou que
aspira a selo**

O segundo risco deriva das visións nostálicas e fetichistas. A memoria dun pasado digno ou glorioso actúa en ocasións como compensación fronte a un presente pouco ilusionante ou un porvir escasamente prometedor. A falta de proxectos coherentes ou viables para o futuro pode levar consigo o refuxio na memoria como unha forma de escapismo. O resultado sería algo parecido a esa morriña estéril do pasado que criticaba Hobsbawm a propósito da esquerda e o movemento obreiro, e que ás veces parece percibirse nalgúns reivindicacións da memoria.²² Desconfianza acerca dos *excesos de memoria* que xa, por certo, Marx manifestara en máis dunha ocasión, con palabras tan contundentes coma estas:

El drama de los franceses, así como el de los obreros, son *los grandes recuerdos*. Es necesario que los acontecimientos pongan término de una vez para siempre a todo este culto reaccionario del pasado.²³

No son estes, desde logo, os únicos atrancos dunhas *políticas de memoria* que aspiren a reivindicar e proseguir a loita dos vencidos. No caso da memoria republicana da Guerra Civil e o Franquismo, son evidentes as tentacións do vitimismo (e, polo tanto, a ausencia de autocriticidade) ou mesmo á despolitización (coma tal, as visións puramente moralistas ou humanitarias), que non contribúen a fixar na memoria popular as especificidades da violencia franquista ou facilitan os contra-argumentos baseados na idea da equidistancia («todos fomos culpables») e o seu lóxico corolario de *facer conta nova* do pasado. A memoria pode ser tamén obxecto de mercantilización: por exemplo, en operacións editoriais más ou menos oportunistas, e ata utilizada incluso como reclamo turístico.²⁴ Isto pode xerar efectos de saturación e bloqueo da mesma memoria e, por suposto, de banalización do pasado.

Todo indica que a batalla pola memoria da Guerra Civil e a represión franquista non só non remitirá nos próximos tempos, senón

que tenderá a intensificarse. Os ideólogos e os medios de comunicación más lúcidos da dereita política comezaron a percibir a transcendencia da interpretación do pasado nas loitas pola hexemonía social. Recentemente, o diario *El Mundo* iniciaba a publicación dunha serie de libros sobre a Guerra Civil cun pretendido espírito de *imparcialidade*, cuxa intención, en todo caso, quedaba perfectamente clara no seu editorial:

Un país que ha alcanzado la madurez democrática no puede estar permanentemente impregnando su discurso político de referencias *guerracivilistas*, ni retirando símbolos, ni trasladando archivos, ni concediendo homenajes póstumos, ni abriendo las fosas de los desaparecidos, y, ni mucho menos, distinguiendo constantemente entre vencedores y vencidos, entre ángeles y demonios.²⁵

Semanas antes, nas páxinas do diario *ABC*, o historiador Pedro C. González Cuevas lamentaba que a dereita, malia os seus oito anos de goberno, deixara o «imaxinario ideolóxico» nas mans da esquerda. Esta última, alegando unha suposta amnesia con respecto á Guerra Civil e o Franquismo, teríase lanzado así a unha campaña de deslexitimación dos seus adversarios, renunciando «ao principio de reconciliación nacional», e apelando a unha visión maniquea do pasado amparada no especioso concepto de *memoria histórica*. A renuncia conservadora á loita pola hexemonía cultural fora acompañada dunha escasa autocriticidade por parte da esquerda, cuxo «último desdén ha sido la retirada de la estatua de Franco situada frente a los Nuevos Ministerios, conservando, en cambio, las de Prieto y Largo Caballero, cuya responsabilidad en el estallido de la guerra civil es evidente y que se encuentran en el mismo lugar».²⁶

Máis alá da delirante equiparación de Franco (coma se dun simple *conservador* calquera se tratara) cos dous coñecidos dirixentes socialistas, os argumentos demostran

A memoria pode ser tamén obxecto de mercantilización: por exemplo, en operacións editoriais más ou menos oportunistas

a importancia que expoñentes da dereita comezan a outorgar ao *control* dun pasado que cría propio ou, cando menos, neutralizado. O articulista conclúa a súa argumentación chamando ao «necesario rearme intelectual» da dereita política, «emancipándose de la caricaturesca construcción de la memoria histórica elaborada por la izquierda» e coñecendo e assumindo a súa historia, «llena de errores y de aciertos, como toda obra humana, pero cuyo balance es más positivo que el de su antagonista».

É, en todo caso, evidente que o pasado, como afirmaba Faulkner, «non está morto». Hai un diálogo da celebre novela de Orwell, 1984, que ilustra de forma case perfecta este peso sobre o presente dos *fantasmas* do pasado. «¿Por que imos brindar desta volta?», pregunta irónico o seu *carcereiro* ao xa descuberto disidente Winston; «¿polo despiste da policía do pensamento? ¿polo morte do Grande Irmán? ¿polo humanidade? ¿polo futuro?». «Polo pasado», respónelle Winston. «Si, o pasado é máis importante, concedeu O'Brien seriamente».

NOTAS

¹ Cit. en Gabrielle M. Spiegel, «Memoria e Historia: tiempo litúrgico y tiempo histórico», en M. Cabrera e M. Mc Mahon (coord.), *La situación de la Historia. Ensayos de historiografía*, Santa Cruz de Tenerife, Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Laguna, 2002, pax. 67.

² Véxase Ignacio Peiró Martín, «La consagración de la memoria: una mirada panorámica a la historiografía contemporánea», *Ayer* (Madrid) n.º 53, 2004, 179-205. Sobre excesos da memoria e algún dos seus riscos, Régine Robin, *La mémoire saturée*, París, Stock, 2003.

³ Marc Bloch, *Apología para la historia o el oficio del historiador*, México, Fondo de Cultura Económica, 1996, pax. 122.

⁴ Charles S. Maier, *The Unmasterable Past. History, Holocaust, and German National Identity*, Cambridge (Massachussets), Harvard University Press, 1988. Yosef Hayim Yerushalmi, *Zakhor: Jewish History and Jewish Memory*, Washington, University of Washington Press, 1982 (hai ed. española en

Barcelona, Anthropos, 2002). David Lowenthal, *The Past is a Foreign Country*, Cambridge, Cambridge University Press, 1985 (hai ed. española en Madrid, Akal, 1998). Gérard Namer, *La Commémoration en France de 1945 à nos jours*, París, L'Harmattan, 1987. Henry Rousso, *Le syndrome de Vichy. De 1944 à nos jours*, París, Du Seuil, 1987. Pierre Nora dirixía en 1984 o primeiro tomo da monumental obra colectiva *Les lieux de mémoire* (ed. en tres volumes en París, Gallimard, 1997).

⁵ Madrid, Alianza, 1996; o texto corresponde a unha tese de doutoramento defendida pola autora o ano anterior. Pouco despois, Josefina Cuesta Bustillo, ao prologar o dossier sobre *Memoria e Historia* publicado pola revista *Ayer* (Madrid), n.º 32, 1998, constataba o carácter recente do cultivo deste campo no noso país.

⁶ Andreas Huyssen, *En busca del futuro perdido. Cultura y memoria en tiempos de globalización*, México, Fondo de Cultura Económica, 2002, páxs. 20-21.

⁷ Frase de Gillis, recollida en I. Peiró Martín, *op. cit.*, pax. 190.

⁸ Algunhas formulacións neste sentido, en A. Huyssen, *op. cit.*, páxs. 32-33 e outras; en María Cruz Romeo Mateo, «La cultura de la memoria», *Pasajes. Revista de Pensamiento Contemporáneo* (Valencia), n.º 11, 2003, 63; ou en Fina Birulés, «La crítica de lo que hay: entre memoria y olvido», en M. Cruz (compil.), *Hacia dónde va el pasado. El porvenir de la memoria en el mundo contemporáneo*, Barcelona, Paidós, 2002, páxs. 141-149.

⁹ Elizabeth Jelin, *Los trabajos de la memoria*, Madrid, Siglo XXI, 2002, páxs. 9-10. Tzvetan Todorov, *Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX*, Barcelona, Península, 2002, páxs. 553.

¹⁰ Sobre Europa centro-oriental, hai un interesante volume colectivo, publicado case ao fio dos cambios iniciais destes sistemas, o de Alain Brossat e outros, *En el Este, la memoria recuperada*, ed. española en Valencia, Alfons el Magnànim, 1992. Sobre América Latina, e específicamente sobre o Cono Sur, destançan as numerosas publicacións do equipo de investigadores dirixido por E. Jelin dentro do proxecto *Memorias de la represión*. Sobre as políticas aplicadas á memoria do pasado en procesos de *transición democrática* en diferentes partes do mundo, ofrece moitos datos de interese o libro colectivo de Alexandra Barahona de Brito, Paloma Aguilar Fernández e Carmen González Enríquez (eds.), *Las políticas hacia el pasado. Juicios, depuraciones, perdón y olvido en las nuevas democracias*, Madrid, Istmo, 2002.

¹¹ Como un exemplo entre moitos posibles, Norman G. Finkelstein (*La industria del holocausto. Reflexiones sobre la explotación del sufrimiento judío*, Madrid, Siglo XXI, 2000) ilustrou como a memoria do exterminio dos xudeus se utiliza nos Estados

Todo indica que a batalla pola memoria da Guerra Civil e a represión franquista non só non remitirá nos próximos tempos, senón que tenderá a intensificarse

Unidos para lexitimar o estado de Israel, o seu máis fiel aliado no Oriente Próximo, e xustificar a súa política agresiva contra os seus veciños.

¹² Eric J. Hobsbawm, «Manifiesto para la renovación de la historia», *Le Monde Diplomatique (ed. española)*, Paris, n.º 110, decembro de 2004. Trátase do discurso de peche do coloquio da Academia británica sobre historiografía marxista, pronunciado o 13 de novembro de 2004. Jay Winter é autor de *Sites of Memory, Sites of Mourning. The Great War in European Cultural History*, Nova York, Cambridge University Press, 1995.

¹³ Elena Hernández Sandoica, *Tendencias historiográficas actuales. Escribir Historia hoy*, Madrid, Akal, 2004, pág. 534.

¹⁴ Reyes Mate, «¿Recordar para mejor olvidar?», *El País*, Madrid, 27/9/2003.

¹⁵ Sobre Alemaña, ademais do citado libro de Maier, poden mencionarse as observacións de Walter L. Bernecker, «El uso público de la historia en Alemania: los debates de fin del siglo XX», en J. J. Carreras Ares e C. Forcadell Álvarez (eds.), *Usos públicos de la Historia*, Madrid, Marcial Pons/Prensas Universitarias de Zaragoza, 2003, páxs. 69-87. Sobre Italia, algúns referencias accesibles en Daniela Gagliani, «La Segunda Guerra Mundial y la Resistencia», *Ayer* (Madrid), n.º 36, 1999, 241-260, ou en Alessandro Portelli, «Memoria e identidad. Una reflexión desde la Italia postfascista», en E. Jelin e V. Langland (comp.), *Monumentos memoriales y marcas territoriales*, Madrid, Siglo XXI, 2003, páxs. 165-190. Sobre conmemoracións do bicentenario da Gran revolución, Eric J. Hobsbawm, *Los ecos de la Marellesa*, Barcelona, Crítica, 1992, ou Jean Davallon e outros, *Politique de la Mémoire. Commémorer la Révolution*, S/l, Pul, 1993. Sobre Vichy, véxase o citado libro de Rousso. Unha revisión da memoria comunista do antifascismo, en François Furet, *El pasado de una ilusión. Ensayo sobre la idea comunista del siglo XX*, México, Fondo de Cultura Económica, 1995. En canto a América Latina, remítimos aos traballos de E. Jelin e o seu grupo.

¹⁶ Afar II REP, «La necesidad de recordar», en www.afar2rep.org/documentos/recordar.htm.

¹⁷ Gregorio Morán, *El precio de la transición*, Barcelona, Planeta, 1992, páxs. 75 e ss. Joan B. Cullá e Borja de Riu, «Sobre el Archivo de Salamanca: algunas precisiones y reflexiones», en *Ayer* (Madrid), n.º 47, 2002, 292. Francisco Sevillano Calero, «La construcción de la memoria y el olvido en la España democrática», en *Ayer* (Madrid), n.º 52, 2003, 298-299. Carme Molinero, «Memòria i silencis sobre la guerra civil i el franquisme durant la transició», en M. Rovira e F. Vázquez (coord.), *Politiques de la memoria. La transició a Catalunya*, Barcelona, Portic, 2004, páxs. 19-37. Ian Gibson, «La memoria histórica», en *La Nueva España*, Oviedo, 16/9/2004.

¹⁸ F. Sevillano Calero, *op. cit.* Paloma Aguilar Fernández, «La presencia de la guerra civil y del franquismo en la democracia española», en *Pasajes. Revista de Pensamiento Contemporáneo*, Valencia, n.º 11, 2003, páxs. 11-23.

¹⁹ *Boletín Oficial del Estado*, Madrid, 20/9/2004.

²⁰ «España: poner fin al silencio y la injusticia. La deuda pendiente con las víctimas de la Guerra civil española y del régimen franquista». Sección Española de Amnistía Internacional, 18 de xullo de 2005.

²¹ Ademais do citado traballo de E. Jelin acerca dos trazos da memoria colectiva, pode consultarse, por exemplo, James Fentress e Chris Wickham, *Memoria social*, Madrid, Fróñesis/Catedra, 2003; ou, desde a perspectiva da psicoloxía social, Félix Vázquez, *La memoria como acción social. Relaciones, significados e imaginario*, Barcelona, Paidós, 2001. Sobre a memoria en xeral (non a memoria colectiva), resulta útil a visión sintética de José María Ruiz Vargas, *Psicología de la memoria*, Madrid, Alianza, 1998. Acerca da distinción entre historia e memoria, véxanse consideracións de Enrique Moradiellos, *La persistencia del pasado. Escritos sobre la historia*, Cáceres, Universidad de Extremadura, 2004.

²² «No basta con lamentarse por el declive experimentado por el ‘movimiento’ desde los grandes días de antaño, sea donde fuere que los militantes los sitúen (huelga general, la época de Maurice Thorez, Togliatti o la Viena de la década de 1920), puesto que la nostalgia no los hará regresar. Se han ido para siempre. Debemos construir sobre los fundamentos del pasado, pero la construcción debe ser nueva» (Eric J. Hobsbawm, *Política para una izquierda racional*, Barcelona, Crítica, 1993, páxs. 169-170).

²³ Carta a César de Paepe en 1870, cit. en Jean Chesneaux, *¿Hacemos tabla rasa del pasado? A propósito de la historia y de los historiadores*, Barcelona, Crítica, 1981, 3.ª ed., pág. 208.

²⁴ Ao parecer existe un proxecto de explotar para o turismo incluso a *memoria* dos Sucesos de Casas Viejas, coa construcción do correspondente complexo hoteleiro no lugar.

²⁵ «Por qué El mundo edita ahora una gran Historia de la Guerra Civil», en *El Mundo*, Madrid, 28/8/2005.

²⁶ Pedro C. González Cuevas, «Derecha, historia y memoria histórica», en *ABC*, Madrid, 10/8/2005.

OS LÍMITES DA LIBERALIZACIÓN FRANQUISTA. FRAGA E OS INTELECTUAIS: OS MANIFESTOS DE 1963*

No prólogo do libro *Las huelgas de 1962 en Asturias*, o falecido escritor Manuel Vázquez Montalbán, ao lembrar aqueles acontecimentos, salientaba os ecos nacionais e internacionais que suscitaron e que estarían gotexando na cabeza de Fraga durante toda a década dos sesenta: «Y cito la cabeza de Fraga Iribarne y no la de otros ministros porque siempre le ha gustado a Fraga embestir con la cabeza por delante y escogió poner la cara y la palabra para justificar la represión».¹

No devir do ano 1963, diferentes acontecimentos marcaron o curso político do Réxime e forzaron o ministro de Información, Manuel Fraga Iribarne, acabado de chegar, a despregar toda a artillería informativa para contrarrestar as críticas que no plano internacional e, como máis tarde se ha de revelar, tamén na propia casa, ía orixinar o brote represivo aplicado durante aquel ano convulso. En febreiro morría «suicidado» un poeta mozo nas dependencias policiais cordobesas; uns meses máis adiante, en abril, era executado Julián Grimau, membro do comité central do PCE; en agosto foron agarrotados, acusados de colocaren explosivos en dependencias policiais, os anarquistas Francisco Granados e Joaquín Delgado²; para rematar,

nos meses de xullo e agosto a xeneralización dunha nova folga na minaría asturiana foi brutalmente reprimida polas forzas policiais.³ Será o coñecemento das torturas inflixidas a mineiros e mulleres en Asturias o que active a solidariedade dos intelectuais e devolva ‘a cuestión española’ ao primeiro plano da actualidade internacional.⁴

Axiña que o ministro tivo noticia de que se estaba a tramar un novo escrito de intelectuaís, «un nuevo toro en la plaza», as medidas adoptadas serían as de «dar amplia difusión al escrito, contestarlo y lograr que en el único caso probado se tomaran medidas disciplinarias».⁵ Así se fixo, iniciándose naquel outono quente un ata inaudito intercambio epistolar entre o máis popular e mediático dos ministros de Franco e unha intelectualidade que, recollendo o estandarte dos folguistas asturianos, erguíase á fronte da loita aberta contra da represión e en demanda de liberdade informativa.

No escrito da discordia, cento dúas sinaturas de intelectuaís (días máis tarde recibiríase no Ministerio de Información un telegrama conxunto de Dionisio Ridruejo, Julián Gorki e Salvador de Madariaga adheríndose)⁶ rogaban ao ministro, en calidade de «personas atentas a la vida y sufrimiento de

* Tradución do castelán de Antonia Tato Fontañá.



**Fraga, non
obstante,
recoñecía
«fuese posible
se cometiese
la arbitrariedad
de cortar el pelo
a dos mujeres»**

nuestro pueblo», que as denuncias de torturas fosen esclarecidas e os culpables castigados, insistindo ademais na necesidade de claridade informativa sobre os feitos de Asturias. Nun decálogo reproducían os abusos cometidos pola Garda Civil contra mineiros e mulleres.⁷ Informado Fraga, respondeulle aos asinantes nunha misiva personalizada na figura do escritor José Bergamín, cargada de agresividade e na que combinaba a descalificación política coa oferta de diálogo; nela repasaba a traxectoria político-literaria de Bergamín e cuestionaba a súa falta de autoridade moral para pedir explicacións por feitos que, en calquera caso, eran de menor gravidade cós que el amparara,⁸ para a continuación refutar cada unha das acusacións imputadas á Garda Civil. Fraga, non obstante, recoñecía «fuese posible se cometiese la arbitrariedad de cortar el pelo a dos mujeres»,⁹ pero negou rotundamente o resto dos casos denunciados no escrito. A resposta veu precedida dun longo

preámbulo no que ‘atribuíu’ aos que pretendían alimentar a lenda negra para «convertir los problemas sociales de Asturias en una palanca de subversión política en áreas más extensas» o feito de que fosen difundidos por axencias internacionais e xornais estrangeiros antes de que chegassen ás súas mans.¹⁰ A continuación, despois de ironizar sobre a suposta espontaneidade dos que proporcionaran información aos intelectuais, tentou desacreditar o contido desta afondando nas inexactitudes e imprecisións.¹¹

Ambas as misivas foron reproducidas en *El Español*, semanario dependente do Ministerio de Información e Turismo. O golpe de efecto que a súa reproducción tería diante da opinión pública estaba asegurado e inseríase plenamente na nova política de apertura informativa impulsada por Fraga tras a súa chegada ao gabinete ministerial en xullo do ano anterior.¹² Así foi: o flamante ministro e o seu equipo, nunha coidada operación, ensaiada meses antes co caso

Grimau,¹³ procederon á difusión conxunta do escrito dos 102 e da subseguiente resposta a Bergamín. O marcado carácter anticomunista que definía a liña editorial do semanario, así como a data elixida para a súa saída ao mercado, 12 de outubro, festividade do Pilar, patroa da Benemérita, formaban o escenario perfecto para desprestixiar ‘cordialmente’ o centenar de intelectuais que asinaron o escrito. Do impacto mediático que «toda la verdad sobre Asturias» tivo na opinión pública, dá conta non só a tiraxe extra do número, senón que días máis tarde a prensa diaria oficial aplaudise a resposta do ministro¹⁴ e que numerosos telegramas de autoridades e militares do Régime loasen o ‘enxeño’ e a ‘fina ironía galega’ do ministro para acalar os ‘pseudointelectuais’ dados, más que á arte e á cultura, a «perversiones como la homosexualidad o el célebre triángulo de una mujer para dos hombres [...] que siempre resulta graciosamente repulsivo».¹⁵

Non era a primeira vez que a acción sumaria dos medios policiais para reprimir actos de contestación suscitaba a reacción dos intelectuais. Desde mediados dos anos cincuenta, as represalias exercidas contra os estudantes nos sucesos de 1956, a demanda en prol da amnistía para presos e exiliados políticos, ou a solidariedade con Juan Goytiso, detido ao seu regreso do VI Congreso do PCE, moveran a algúns intelectuais a manifestaren a súa reprobación en forma de manifestos.¹⁴ No ano 1962, ao abeiro da gran folga de abril e maio, recoñecidos pensadores dirixiron un rogo ao daquela director do Instituto de Estudos Políticos, Fraga, en demanda de información veraz nos medios de comunicación.¹⁷ Tamén no 63, intelectuais con posturas ideolóxicas afastadas, cando non contrarias, dirixiran escritos ás autoridades pedindo clemencia para Grimau¹⁸ ou esixindo que se esclarecese a morte en estrañas circunstancias do poeta cordobés Manuel Moreno Barranco.¹⁹ A novidade non era, pois, que a intelectualidade elevase a súa voz, nin sequera o extraordinario grao de converxencia —patente xa a raíz dos aconte-

cimentos do ano anterior — acadado entre obreiros e ‘ilustrados’; o realmente novo no 63 estivo na difusión que, amparada pola tan cacarexada apertura informativa e polo seu principal abandeador, Fraga, permitiu que a opinión pública española atopase nos quioscos unha crítica aberta ao Régime de man dun grupo de intelectuais que enumeraban casos de torturados e aldraxados polos servizos policiais. Con todo e iso, non foi esa a lectura que boa parte da opinión pública fixo; a razón estivo na réplica na que Fraga, cuestionando os ‘escuros’ intereses dalgúns dos ‘abaixo asinantes’ e encirrando na tan traída e levada campaña antiespañola orquestrada polos comunistas,²⁰ terxiversou os feitos e, de forma tendenciosa, predispuxo os lectores.

No caso das mulleres rapadas, que foi o único que recoñeceu, amosou unha falta total de decoro e respecto á dignidade das mulleres aldraxadas, frivolizando sobre este costume de fonda raizáme fascista. Nas redaccións dos periódicos recibíronse non só telegramas de crítica a ‘eses’, senón cartas que se publicaron. Tamén nos meses seguintes, *El Español* continuou a súa particular cruzada de desprestixio dos asinantes, reproducindo escritos persoais deles, afondando nos seus confrontamentos internos, no seu estreito vínculo cos comunistas ou mesmo publicando a retractación dun dos asinantes.²¹ O denominado ‘caso Bergamín’ saldábase así cun rotundo éxito. Os españois estaban informados, ‘ben informados’, e os intelectuais foran neutralizados, polo menos diante da opinión pública. A prensa oficial non reproduciu nin a resposta de Bergamín a Fraga²² nin os numerosos escritos de adhesión ao dos 102 ‘dálmatas’ remitidos tanto aos propios asinantes como ao ministro. Cuestiónábase neles o dubidoso gusto no tema dos cortes de pelo e insistíase no feito de que se as mulleres foran aldraxadas, era lícito pensar que os homes foran obxecto de métodos represivos más crueis; incidiase en que as inexactitudes eran froito da falta de información na que vivía a sociedade

**No ano 1962,
ao abeiro da
gran folga de
abril e maio,
recoñecidos
pensadores
dirixiron un rogo
ao daquela
director do
Instituto de
Estudos Políticos,
Fraga, en
demanda de
información veraz
nos medios de
comunicación**

**Para moitos dos
asinantes
principiou entón
un camiño cheo
de atrancos ao
vérense inscritos
nunha lista
negra que os
vetaba para
traballar na
televisión,
teatros nacionais,
exposicións**

española, para rematar ‘gabando’ o fondo coñecemento que das técnicas propagandísticas tiña o ministro de Información.²³ Este incesante gotexar non tivo, como xa mencionei, difusión pública, e o ministro só consentiu en contestar de forma privada e individual,²⁴ para romper o diálogo e rematar dunha vez cun asunto que comezaba a resultar incómodo para as pretensíons de recoñecemento internacional, cando lle remitiron un novo manifesto, desta vez subscrito por 188 pensadores e artistas. Á parte de reafirmarse no anteriormente exposto, nesta nova misiva instábase á formación dunha comisión de xuristas que investigase os sucesos de Asturias.²⁵

Se ben o espiñento asunto dos intelectuais se pechara así «poniendo un final, bien penoso, a una buena y vieja relación»,²⁶ a repercusión que acadaron os escritos tanto en España coma no estranxeiro non deixou de ser considerada como unha ameaza crecente: só así podería analizarse un documento no que o escritor e futuro Premio Nobel de Literatura, Camilo José Cela, propoña unha serie de medidas para comprar, subornar ou «devolver al redil» os intelectuais. No informe, remitido ao director xeral de Información, Carlos Robles Piquer, familiar de Fraga, indicábanse posibles métodos de captación, como a creación dunha editorial ou a promoción dalgúns intelectuais mediante a publicación das súas obras. Tampouco faltaban alusíons á ‘pusilánime’ personalidade dalgún dos asinantes nin a enumeración dos intelectuais comunistas.²⁷

É difícil saber se estas medidas ao final se aplicaron para frear a «insurrección firmada», pero en calquera caso non deberon producir o efecto desexado. Para moitos dos asinantes principiou entón un camiño cheo de atrancos ao vérense inscritos nunha lista negra que os vetaba para traballar na televisión, teatros nacionais, exposicións e pavillóns oficiais ou outros estamentos de cultura dependentes do Estado. Moitos deles levaron o seu compromiso intelectual moito máis aló, participando activamente en cam-



pañas políticas de oposición ao Réxime, o que, de por parte, non deixaba de ser utilizado pola ditadura como unha arma de dobre fio para cuestionar os intereses que os moveran a subscribir os manifestos.²⁸

Así pois, Fraga escolleu poñer a cara e a palabra para xustificar a represión. O seu equipo e el adoptaron unha actitude ofensiva ali onde, un tempo atrás, a defensa era a resposta; non só se xustificou groseiramente o único caso probado de malos tratos e aldraxes, senón que se negou, desprestigiando persoal e artisticamente os intelectuais, que ningún mineiro fora represaliado.²⁹ Ademais, e áinda que se consideraba el mesmo «cuña de la misma madera que los

firmantes»,³⁰ non evitou que algúns deles fosen detidos³¹ e áinda menos que a cada un dos subscriptores dos manifestos se lles abrise un expediente xudicial.³² Mantivo, xaora que si, unha excelente relación con Cela, que apenas un ano máis tarde lle solicitaría a medalla de Isabel a Católica e co que compartiría longas charlas sobre política cultural e turismo.³³

Os manifestos daquel outono de 1963 tiveron tamén moita repercusión en sectores políticos afins ao Réxime. Non só Labadie Otermín (gobernador de Zamora, Teruel, Tarragona e Asturias, conselleiro nacional, procurador en Cortes e presidente do Instituto Nacional de Previsión ata 1963) cuestionaba nun informe a necesidade de reformas e adaptacións para enfrentar cambios innegables en materia laboral e económica, senón tamén o denominado sector crítico da Falange (encabezado por Luis González Vicen, presidente do Círculo José Antonio, formado por conselleiros nacionais e procuradores en Cortes) remitiu unha carta ao ministro de Información e Turismo na que lexitimaban o uso da violencia para responder aos abusos das forzas da orde pública.³⁴ Tamén grupos de oposición ‘tolerada’ como a Izquierda Demócrata Cristiana fixéronse eco das denuncias recollidas nos manifestos, criticando con dureza a represión dos mineiros asturianos e reflexionando, ao cabo, sobre o triste papel que no país cabía outorgarlle ao mundo intelectual, recluído, menosprezado e desprestixiado coma nos tempos do famoso «muera la inteligencia» de Millán Astray; fixeron patente a súa postura mediante un novo escrito remitido, como non podía ser menos, ao titular da carteira de Información e Turismo.³⁵ Para rematar, en decembro de 1963, o xornal francés *Le Monde* publicaba unha entrevista co Abade de Montserrat, Dom Escarré, na que o relixioso atacaba duramente a política represiva do Réxime de Franco.³⁶

A estratexia informativo-propagandístico-antisubversiva definida e liderada por Fraga revelouse contraproducente e non

fixo máis que mostrar claramente as fondas contradicións nas que se movía o Réxime. Non só polo escándalo internacional que o coñecemento das torturas suscitou, tamén porque evidenciou que amplos sectores, tradicionalmente valedores da súa política, a cuestionaban abertamente e facían ao abeiro da apertura informativa. O protagonismo que en 1963 fixo recaer no Ministerio de Información o peso dunha campaña destinada a mostrar ante o mundo unha ditadura amable e rexida por unha ‘democracia orgánica’ e que asemade obrigou a pechar filas fronte á brutalidade represiva desa mesma ditadura, non fixo senón marcar os límites dunha liberalización informativa que, movéndose entre a propaganda e a información veraz optou polo primeiro, xustificando o inxustificable e poñendo punto final a calquera asomo de crítica desde medios oficiais. Se no 63 se revelou ás claras o límite ao que podía chegar a apertura informativa, evitou en diante que se difundisen escritos asinados por personalidades relevantes, o xiro aperturista e liberalizador iniciado en 1959 en materia económica e laboral tras a entrada en vigor do Plan de estabilización foi dificilmente controlable, máxime nun contexto de inmobilidade política, agudizando áinda máis as contradicións do Réxime, áinda que nunca de forma tan gráfica como o foran en 1963. Os intentos do Réxime por ofrecer unha imaxe menos dura promocionando os 25 anos de paz e suavizando a cara diante de Europa contrastaba coa descarga de golpes represivos de gran brutalidade. Feitos como os narrados nestas páxinas tiveron a Fraga como protagonista indiscutible, correspondéndolle a el promover desde os medios de comunicación as dúas faces dunha España inmersa en profundas transformacións, necesitada de recoñecemento internacional e rexida por unha ditadura que non daba assumido a nova realidade e recorría a unha violencia propia dos anos de posguerra para corrixir calquera contestación. Os seus contraditorios

**Grupos de oposición
'tolerada' como
a Izquierda Demócrata Cristiana
fixéronse eco das denuncias recollidas nos manifestos**

resultados, que ata aquel momento xeraron un estado de opinión controlado de forma férrea, marcaron os límites da apertura informativa.

NOTAS

¹ Manuel Vázquez Montalbán, «Las huelgas ya no son lo que eran», en Rubén Vega (coord.), *Hay una luz en Asturias. Las huelgas de 1962 en Asturias*, Xixón, Trea/Fundación Juan Muñiz Zapico, 2002, pax. 15.

² Co tempo saberíase que os anarquistas agarrotados non foran os artífices dos feitos. Os autores reais foron Sergio Hernández e Antonio Martín, que nun documental rodado en 1996 recoñecían a súa autoría na colocación dos explosivos que, por outra banda, non ocasionaran vitimas mortais. *El País*, 19-9-2004.

³ Irene Díaz Martínez, «Aproximación a la huelga de 1963 en Asturias», *V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, Universidad de La Mancha/Fundación 1.º de Mayo, 2003.

⁴ Unha comisión de mineiros en folga visitou a Alfonso Sastre, quen se encontraba en Oviedo con motivo dunhas xornadas sobre teatro universitario. Esta comisión solicitou axuda aos intelectuais para que difundisen as novas do que estaba a ocorrer en Asturias. Entrevista a Alfonso Sastre e Eva Forest.

⁵ Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve de una vida pública*, Barcelona, Planeta, 1980, pax. 86.

⁶ Archivo General de la Administración (en diante AGA) Cultura, MIT, c663.

⁷ Os impulsores do escrito foron Alfonso Sastre e Eva Forest. Foi o dramaturgo quen redactou o borrador e, xunto cos compañeiros vinculados ao PC, recollerón as sinaturas en Madrid. Castellet sería o impulsor da recollida de sinaturas en Barcelona. Carta de 102 intelectuais para protestar diante do ministro de Información pola represión policial en Asturias (Madrid, setembro de 1963), AGA, Cultura, MIT, c653. Entrevista a Alfonso Sastre e Eva Forest.

⁸ Refirese Fraga á liquidación do sector trotskista durante a Guerra Civil española e ao papel que desempeñou Bergamín como prologuista dun libro publicado entón no que xustificaba os feitos.

⁹ Fraga non só recoñeceu os feitos, senón que os xustificou: «... de resultar cierto semejante acto, sería realmente discutible, aunque las sistemáticas provocaciones de estas damas a la fuerza pública las hacían más que explicables...».

¹⁰ Fraga tiña coñecemento do escrito dos intele-

tuaís polo menos desde o día 28 de setembro; nas súas notas fai referencia a que «Aranguren no quiso oír mis argumentos», citado en Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve...* o. cit., pax. 86.

¹¹ Resposta de Manuel Fraga dirixida a José Bergamín (outubro de 1963), en Ángel Ruiz Ayúcar, *Crónica agitada de ocho años tranquilos. 1963-1970*, Madrid, San Martín, 1974, páxs. 55-60. No escrito recollíanse algúns datos erróneos respecto a unha morte ou a confusión cos nomes dos afectados. As precisións achegadas polo pintor Eduardo Úrculo non foron incluídas porque a información chegou unha vez solicitadas as sinaturas, en Fernando Jáuregui e Pedro Vega, *Crónica del antifranquismo*, Barcelona, Argos-Vergera, 1984, pax. 47 e testemuño de Armando López Salinas.

¹² Fraga substituíu a Gabriel Arias Salgado, quen nos once anos á fronte do aparato propagandístico e informativo do Réxime aplicara unha ferreña censura eliminando calquera indicio de crítica, sequera controlada, da política oficial ou do ditador. A súa saída veu motivada pola chamada «crise do 10 de xullo», a raíz das folgas da primavera de 1962 e da péssima cobertura informativa aplicada daquela, centrada en silenciar a gravidade dos acontecementos.

¹³ Os servizos de información editaron varios libretos onde se recollían detalles da vida e actividades de Grimal, facendo especial fincapé nas súas responsabilidades durante a Guerra Civil. O primeiro deles, destinado aos medios de comunicación estranxeiros, levaba por título «Julián Grimal, especialista en checas» e foi distribuído antes da execución. Os outros dous, «El caso Grimal o la guerra civil permanente» e «¿Crimen o castigo? Documentos inéditos sobre Julián Grimal», apareceron con posterioridade á súa morte e para consumo ‘doméstico’. A liña de todos eles mantívase fiel á consigna ‘fraguista’ de xustificar a política represiva do Réxime.

¹⁴ *La Nueva España*, 17 e 19 de outubro de 1963.

¹⁵ Telegrama de Jesús Juan Garcés, tenente coronel da Armada, a Fraga Iribarne. AGA, Cultura, MIT, c. 663.

¹⁶ Protesta dos intelectuais ao ministro de Educación Nacional (1956-1957). Os intelectuais españoles piden a amnistía para os presos e exiliados políticos (abril 1959). AE 635/41 e AE 636/16. Archivo Fundación Pablo Iglesias (en diante AFPI).

¹⁷ Os escritos colectivos do ano 1962 en Fundación Juan Muñiz Zapico/Comisiones Obreras de Asturias, *Hay una luz en Asturias. La güelta de 1962. Exposición conmemorativa das folgas de 1962*, Asturias, Fundación Juan Muñiz Zapico, 2002.

¹⁸ Gregorio Morán, *Miseria y grandeza del Partido Comunista de España. 1939-1985*, Barcelona, Planeta, 1986, pax. 363.

A estratexia informativo-propagandístico-antisubversiva definida e liderada por Fraga revelouse contraproducente e non fixo máis que mostrar claramente as fondas contradicións nas que se movía o Réxime

- ¹⁹ Carta de intelectuais a Fraga sobre Manuel Moreno Barranco e resposta de Fraga a José Manuel Caballero Bonald. Fondo Represión Franquista, c. 45/1. Archivo Histórico del Partido Comunista de España (en diante AHPCE).
- ²⁰ É certo que foron intelectuais vinculados ao PCE os que impulsaron os escritos e recollerón as sínaturas, pero na extensa listaxe de asinantes figurán notables persoeiros afastados ideoxicamente, cando non abertamente contrarios; tal sería o caso de Menéndez Pidal, Dionisio Ridruejo ou Aranguren, por citar só algúns dos máis relevantes.
- ²¹ Carta persoal de Julián Gorkin ao escritor francés Pierre Emmanuel, con duras críticas contra Bergamín. Nota na que o pintor Francisco Mateos se retracta do escrito dos 102. Carta dun grupo de intelectuais rusos ao ministro de información, en Ángel Ruiz Ayúcar, *Crónica agitada...* o. cit., páx. 67-71.
- ²² Carta de Bergamín a Manuel Fraga (6/10/63). Documentación cedida por Armando López Salinas.
- ²³ Escrito dun grupo de intelectuais asturianos a Armando López Salinas na que se adhieren ao escrito dos 102. Escrito dun grupo de intelectuais das Palmas a Vicente Aleixandre. Carta dos estudiantes de Santiago de Compostela ao ministro de Información e Turismo. Carta dun grupo de intelectuais españoles que cumpren condena na Prisión Central de Burgos ao ministro de Información e Turismo. En PCE: *Asturias otra vez en vanguardia. Las huelgas mineras del verano-otoño de 1963*, París, PCF, 1964, páx. 51-54. Documentación cedida por Armando López Salinas e Memoria do ano 1963 da Brigada Regional de Información en Fondo Gobierno Civil, c. 24998. Archivo Histórico de Asturias (en diante AHA).
- ²⁴ Resposta de Manuel Fraga a José Luis Aranguren (12/11/63) en *Realidad*, ano I, n.º 2 (novembro-decembro de 1963). Fondo Prensa. AHPCE
- ²⁵ Este escrito fraguouse ao socaire da celebración dun encontro internacional sobre o realismo na literatura, celebrado nos baixos do Hotel Suecia de Madrid. Nas xornadas puxérónse ademais de manifesto as diferenzas existentes entre dous dos asinantes do primeiro escrito, Bergamín e Aranguren; este último negouse a encabezar o segundo manifesto se Bergamín asistía ás conferencias. Réplica de 188 intelectuais á carta do ministro de Información e Turismo (31/10/63), AGA, Cultura, MIT, c. 653. Entrevista a Alfonso Sastre e Eva Forest.
- ²⁶ Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve...* o. cit., páx. 92.
- ²⁷ Citado en Pere Ysàs, *Disidencia y subversión. La lucha del Régimen franquista por su supervivencia. 1960-1975*, Barcelona, Crítica, 2004, páxs. 52 e 53.
- ²⁸ Entrevista a Alfonso Sastre e Eva Forest e Francisco Caudel, *Crónica de una marginación. Conversaciones con Alfonso Sastre*, De la Torre, 1984, páx. 96.
- ²⁹ Aínda que o ministro negaba tallante as torturas, el mesmo recoñecía nas súas memorias que os folgistas estaban tendo incidentes coa Garda Civil e, ademais, os propios implicados nos feitos, o capitán da Garda Civil Fernando Caro e o sargento González Pérez, máis coñecido como «caballo Pérez», admitírono en parte. Os testemuños recollidos dalgúns dos torturados tamén o confirman. Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve...* o. cit., páx. 81. Extracto resumo dunha información verbal. Fondo Gobierno Civil, c. 22624, AHA. Ramón Gómez Fouz, *Clandestinos*. Oviedo, Pentalfa, 1999, páxs. 66-72. Testemuños de Manuel García Valle, Anita Sirgo, en Archivo Fuentes Orales da Fundación Juan Muñiz Zapico (en diante AFOFJMZ).
- ³⁰ Citado en Ricardo de la Cierva, *Historia del Franquismo. Aislamiento, transformación y Agonía. 1945-1975*, Barcelona, Planeta, 1979, páx. 224.
- ³¹ Foron detidos Sánchez Mazas Ferlosio, Pradera, Cortázar, Fernández Santos. En Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve...* o. cit., páx. 86. Ademais, na réplica dos 188 intelectuais aparecen xunta os mencionados, nomes como Sánchez Dragó, Ferrer Sama, Matesanz, Sánchez Gijón e De Luca. Réplica de 199 intelectuais á carta do ministro de Información e Turismo (31/10/63), AGA, Cultura, MIT, c. 653.
- ³² Dada a delicada situación que a citación xudicial supoñía para os asinantes, estes acordaron antes de pasaren polo xulgado aclarar que o escrito lles fora remitido por unha comisión de estudiantes; evitaban deste modo comprometer os impulsores dos escritos. Testemuño de Armando López Salinas, Alfonso Sastre, Eva Forest e Francisco Caudel, *Crónica de una marginación...*, o. cit., páx. 97.
- ³³ Manuel Fraga Iribarne, *Memoria breve...*, o. cit., páxs. 47 e 112.
- ³⁴ Informe Labadie Otermin (setembro de 1963) e carta que 52 personalidades de Falange enviaron ao ministro secretario xeral do 'Movimiento', señor Solís Ruiz (30/10/63) en Ángel Ruiz Lóriga, *Las huelgas de 1963 en Asturias y León*, París, Centro de Documentación y Estudios, 1963, páxs. 43 e 49-59.
- ³⁵ Ignacio Fernández de Castro e José Martínez, *España hoy*, París, Ruedo Ibérico, 1963, páx. 482.
- ³⁶ Ángel Ruiz Ayúcar,

A MEMORIA HISTÓRICA DOS TRABALLADORES DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ARQUIVO DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Durante o franquismo, o movemento obreiro galego experimentou un proceso de reconstrucción no que os traballadores do sector naval tiveron un papel determinante, non só desde o punto de vista organizativo, senón tamén pola súa actitude política e social fronte á ditadura. As causas teñen que ver tanto co peso da tradición de loita que os traballadores deste sector representan,¹ como pola capacidade que ían demostrar para se dotaren de novas formas organizativas, despois da desarticulación que o sindicalismo galego sufriera como consecuencia da reacción desencadeada pola guerra civil.²

A represión sufrida polos traballadores e a desarticulación total das súas organizacións non evitaron que fora nas factorías navais de Ferrol e Vigo onde se mantivera vivo o alento da tradición republicana e a conciencia de clase coas correspondentes mostras de solidariedade e resistencia ao franquismo, incluso durante os terribles primeiros anos da ditadura. Temos constancia de que durante os anos corenta se recadaba o Socorro Rojo na factoría de Vulcano, e de que se desenvolvía unha crecente conflitividade individual nas

principais empresas do sector como resposta á miseria salarial e as deficiencias no aprovisionamento alimentario durante aqueles anos. Resistencia que non saía do marco da factoría, coa excepción da histórica «folga do aceite» na Construtora Naval (pouco despois a Bazán) de Ferrol en xuño de 1946.

Aquela resistencia individual tornouse en colectiva desde fins dos anos cincuenta e sobre todo durante os sesenta, cando os traballadores do sector naval, alentados pola estratexia do Partido Comunista, foron quen a dotarse dun novo modelo de acción sindical e de organización, as Comisións Obreras, que xurdirían e se estabilizarían neste ramo industrial. Aqueles traballadores que deron vida ás Comisións foron capaces de combinar a utilización de instrumentos legais, como as eleccións de enlaces sindicais, os xurados de empresa e a negociación dos convenios colectivos, cos instrumentos ilegais como a organización, as manifestacións e a folga como arma de presión para protagonizar as numerosas loitas sociolaborais vividas nas factorías galegas, que lograron romper por primeira vez o marco das



fábricas. A comezos dos setenta, o conflito social que xeraba o naval colocou nun primeiro plano as reivindicacións políticas e a loita polas liberdades. Tendencia que se mantería nos anos da Transición cando o berro de «liberdade, amnistía e Estatuto de Autonomía» retumbou nas principais cidades galegas e os seus centros fabrís. Máis tarde, xa durante a primeira etapa democrática, a loita contra a reconversión do sector, que remataría co pechē de ASCON, ocupou as preocupacións e a actividade social duns traballadores que, mesmo na actualidade, teñen que enfrentarse aos novos problemas que afectan o sector e seguen a ser una referencia de solidariedade e loita nas factorías galegas.

Non é, pois, estranho que unha parte esencial dos fondos documentais custodiados pola Fundación 10 de Marzo e que conforman o Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia teñan como principal referente o sector da

construción naval. Todas as etapas e a súa conflitivididade poden seguirse a través da memoria contida nos diferentes fondos e que están ao dispor dos investigadores interesados. A súa orixe é moi variada e débese á preocupación pola propia memoria histórica de moitos militantes e dirixentes obreiros, de aí que esta documentación fose legada, entre outros, polos ex secretarios xerais de Comisións Obreiras Manuel Amor Deus (Bazán) e Xesús Díaz (Astano); por Pedro Abeledo (Bazán), por Lázaro Fernández (ASCON), por Francisco González Vidal *Paco Balón* (Bazán), Waldino Varela (Vulcano), Ramiro Romero (Bazán) e Bernardo Rego (Astano); outros foron legados por militantes doutras empresas como Santos Costa Barroso e Enrique Veira Pino, polas organizacións de CC.OO. e as seccións sindicais das empresas, na que incluímos tamén a da Bazán de San Fernando en Cádiz.

Os máis de cincuenta anos de loita deixaron tras de si un importante legado documental dunha gran variedade tipolóxica. Temos desde as actas dos xurados e de comités de empresa, as actas e as memorias das comisións de hixiene e seguridade, as actas das comisións de repartición do plus de cargas familiares, ou os convenios colectivos de moitas destas empresas. Pola documentación poden seguirse tamén algúns dos grandes conflitos que afectaron o sector, entre os que teñen especial relevancia o conflito laboral na Bazán que durante o mes de marzo de 1972 paralizou a comarca de Ferrol e xa presentado nun número anterior de DEZEME;³ os de Barreras, Vulcano e os restantes estaleiros vigueses durante a folga de setembro de 1972, as folgas de Astano en 1974 ou a crise e peche definitivo de ASCON. A documentación desta última foi legada por Manuel Rodríguez, o empresario que adquiriu no seu momento as instalacións da antiga empresa. É este, sen dúbida, o fondo máis importante polo seu volume e polo tipo de documentación, pois comprende ademais de informes económicos da empresa, comunicados internos, regulamentos de réxime interno, convenios, compañías auxiliares, actas, expedientes de regulación ou disciplinarios, informes de analistas, eleccións sindicais...⁴

Outro fondo de especial interese é o procedente do despacho laboralista de Rafael Bárez e do de Jaime Sartorius, que permite o estudo dos diferentes procesos xudiciais no TOP e na Maxistratura de Traballo.

No arquivo existe tamén unha sección de fontes orais que dispón dos testemuños de Belarmino González (Barreras), Manuel Rodríguez Xaniño (Barreras), Waldino Varela (Vulcano), Manuel Amor Deus (Bazán), Julio Aneiros (Bazán).

Ademais, na nosa hemeroteca, no voluminoso fondo de prensa obreira, dispoñemos dun número importante de cabeceiras de prensa clandestina que fan referencia ao sector en conxunto e conteñen moita información sobre todo o que aconteceu nestas empresas durante o franquismo; referímonos

nomeadamente a *Vigo Obreiro* e *10 de Marzo (Ferrol)*⁵ e tamén aos boletíns das empresas máis importantes: *Boletín das CCOO de Bazán*, *Astano Obrero*, *A Voz do Traballo* (Astano), *A Nosa Voz* (Barreras), *Adiante* (Vulcano), *Unidade Obreira* (ASCON), *Loita Obreira* (Metal). Outras edicións clandestinas son os panfletos. E por último, debemos mencionar a existencia de exemplares que teñen que ver coa construcción naval nas coleccións de carteis e de adhesivos, así como unha boa colección de fotografías sobre o traballo nestas factorías procedentes de Bazán, Vulcano e ASCON, e de fotógrafos como Xan Ramírez, Julio Gil e Xosé Abad.

NOTAS

¹ A tradición de loita dos traballadores do sector naval en Galicia evidénciase en traballos como os de Gerard Brey, «Construcción naval, obreros y conflictos sociales en Ferrol a finales del siglo XIX» en *Estudios de Historia Social*, n.º 30, 1984; Manuel González Probados, *Movimiento Obreiro e socialismo, A Coruña 1931-1933*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1983; VV. AA., *Os conquistadores modernos. Movimento Obreiro na Galicia de ante-guerra*, A Nosa Terra, 1992; VV. AA., *O Movimento Obreiro en Galicia*, Xerais, 1990, e José Gómez Alén, «La importancia de Bazán en la historia social de Ferrol» en *Bazán 50 años consolidando tres siglos de historia*, Ferrol, Ed. Ciclostil, 1997.

² José Gómez Alén, «Os traballadores do sector naval e o rexurdir do movemento obreiro galego no franquismo», en *Mares e Velas, A Nosa Terra*, 1998.

³ Véxase José Gómez Alén, «O conflicto laboral na Bazán de Ferrol en 1972», DEZEME, n.º 3, 65-73, 2002.

⁴ Véxase José Gómez Alén e Víctor Santidrián Arias, *Boletín Informativo do Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 1995.

⁵ Da colección destes dous periódicos existe unha reedición facsimilar: *Vigo Obreiro. Operiódico das CC.OO de Vigo*, edición de Víctor Santidrián Arias e José Gómez Alén, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 1997 e *10 de Marzo. Órgano de las comisiones Obreras de El Ferrol*, edición de Guillermo Llorca Freire, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 1999.

EMPRESA NACIONAL «BAZAN» DE C. N. M., S. A.

EL FERROL DEL CAUDILLO

SEGURIDAD E HIGIENE
EN EL
TRABAJO

MEMORIA ANUAL



AÑO 1968

DOSIER DOCUMENTAL

D. José Luis Sampayo Álvarez. Presidente

D. Rafael Alonso Pedreira. Jefe Serv. Médico

D. Fernando Caicoya de Rato. Médico.

D. Indalecio Lago Vila. Vocal.

Ángel Xiribay Cordero.

Arturo Gómezelle Lago.

Adolfo Parela Parela.

Balamina González Alonso.

Cedroso Bandera Macías.

José Carlos González Rodríguez.

Gabino Díaz Calo.

Juan Francisco Gómez Obaldo.

(José Ramón Rodríguez Cordero). Secretario

Acta n° 1

En Pigo, siendo las 13 horas del día 10 de enero de 1968, se reúnen en la planta 2^a del Edificio Principal de esta Factoría y en sesión Extraordinaria, los componentes del Jurado de Empresa, queda margen a citar, para tratar del único punto del

ORDEN DEL DÍA

Informe del Servicio Médico sobre absentismo por enfermedad.

.....

Esta reunión es promovida por el Servicio Médico de la Empresa.

A tal respecto, comienza tomando la palabra el Dr. Alonso Pedreira para poner de manifiesto la presencia permanente con la marcha por faltas al trabajo, debido a enfermedad. Indica que el Servicio Médico de la Empresa, se distingue de otras por el mayor número de personal y presencia de doctores, sin embargo, la salud de sus productores es cada vez más.

Hnade que, coincidiendo con la implantación reciente de fuertes mejoras económicas, tales como prestaciones y la Ley de Compensación, la ausencia al trabajo se ha venido notando en forma progresiva. El Dr. del Servicio Médico, en aplicación del artículo 53, del Reglamento de los Servicios Médicos de Empresa, el número de consultas se mantiene dentro de los límites, pero este hecho trae como consecuencia también un incremento del absentismo. Continúa diciendo, que los gastos de este Servicio siguen una curva ascendente, y por contra, no se percibe una compensación en cuanto a salidas. Este quebranto del organismo, supone a la Empresa en cifras globales, alrededor de doce millones de pesetas al año.

La lectura, seguidamente a una nota, donde se refleja la cantidad de trámites extendidos desde la implantación del Servicio Médico actual, hace tres años, denotando, que así como en los primeros anualidades el número de ellos fue de 700, pasó al siguiente a 2.000 y el pasado a 4.900, aproximadamente. Esto en cuanto a consultas.

El Dr. Caicoya corrobora lo expuesto por el Dr. Alonso Pedreira, significando, directamente en sentido de que, lo lamentable, dice, fue que los trámites perdidos por el personalista y médico de cobertura, aumentaron.

Hnade, que consideró lógico el aumento de consultas, puesto que la facilidad otorgada por el Servicio Médico de la Empresa, motivó al personal que se siente enfermo, a dirigirse periódicamente hacia aquí, aunque en algunos casos, fundamentalmente, con motivo de convalecencia, nada más; pero todo esto, consecuentemente, debía reflejar una disminución proporcional en el número de trámites extendidos por los miembros extra-empresa, y sin embargo, no acontece así al contrario. Como medio informativo, indica que el pasado año se extendieron 140 trámites por baja, y este año el número ha sido de 2.491; el de horas perdidas el pasado año, solo referidas a trámites, ha sido de 13.157. (sin referir a simples salidas o con-



sultos). Las ausencias por enfermedad aumentaron extraordinariamente, hasta el punto de que el número de bajas, reducidas a días, se cifró en más 26.000.

El Dr. Cucayo, respondió por su parte, que se han extendido hipótesis para su eventualidad, sin pasar por el Servicio Médico de la Empresa. Puntualmente, insiste, denotando extrañamiento, por el hecho de que al aumentar el número de consultas en los últimos meses, debería producirse lógicamente una disminución en los días bajas, y se dirige al Jurado buscando una explicación a esta anomalía, e invita a que se proporcione cuantas faltas pudiesen notar en el actual planteamiento del servicio.

El Dr. González Alonso respondió que, a su modo ver y del mucha similitud de todo Jurado, el fallo no radicaría en la propia estructura del Servicio Médico, sino en algo por entero ajeno a él. Los bajos salarios percibidos por el trabajador obligan a éste a realizar más horas de las acostumbradas repercutiendo en su organismo, hasta que este acuse el colapso. Igualmente, las tentaciones que hoy en día suponen los nuevos adelantos técnicos de diversión y confort, como son la televisión, los dobles, coches, etc., fueran de la capacidad adquisitiva del trabajador, resultando en un daño al perjudicamiento del desarrollo normal de su labor cotidiana. A este respecto, el Jurado emite su creencia fundamenteada, de que la mayoría de las bajas por enfermedad asentadas en la Empresa durante el año, y en una proporción muy elevada, corresponden a trabajadores encuadrados en niveles bajos de la vida social. Lo que si, constituye la mayor parte de los miembros del Jurado, el que el fallo nace de forma, más, que de forma. Para apoyar su tesis, indica que en aquellas empresas donde la rotación y económica así estén mejoradas que las condiciones actuales, las bajas por enfermedad son mucho mayores. Considera en cuenta la coyuntura actual, sin una restauración, tanto normativa como económica, el problema planteado difícilmente tendrá solución.

Liquidamente, el Sr. Sampedro se refiere al promedio de duración en días por cada baja, en estos tres últimos años, indicando que, cada baja en el año 1965 ocupó una duración de 25 días, en el 66 pasó a 31, y en el 67 a 36. Expone su criterio, que concluye, diciendo, que el principal motivo de esta anomalía, es que una gran parte de los trabajadores encuadrados en la Empresa, gozan "extra" su ocupación profesional, de una renta que le permiten considerar su labor en la Factoría como una fuente complementaria de ingresos, y por ello, cuando periódicamente tienen que atender sus propios intereses, los que producen gran parte de las bajas.

El Dr. Alonso Ledurra, conjuntamente con el Dr. Cucayo, surtan al Jurado a quién busca una solución idónea y la expone en cualquier momento toda sugerencia sustancial que pudieran aportar; sino para solucionar, si para paliar esta situación. Indica su muestra contraria al drásticismo, como podría ser limitar de golpe la Caja de Compensación, por ejemplo, y aconseja una revisión al Jurado, le indique los posibles defectos que puedan observar en la estructura actual del Servicio Médico, terminando diciendo, que este problema requiere una solución tan a largo tiempo, como difícil es de resolver.

Se produjo a continuación un animado debate, donde cada asistente expuso su criterio sobre la cues-

DOSIER DOCUMENTAL

Reunión do Scto. Nacinal de cc.oo. de Galicia.

Santiago, 12/1/84

* Orden do Día:

* Negociaciones coa Xunta.

* Información:

* Plantexounos os argumentos técnicos de oposición a Reconversion do sector naval.

* Coincidentes cos dos sindicatos.

* Centrándose nos grandes Astelais. (Astano).

* Quedou en mandarnos o Libro branco (antes do 20 de X.).

* Donde se contemplaren as medidas que propou.

* Se lle plantexou:

* Atención os peq. e medianos Astelais.

* Reunión sobre as medidas que van a plantexer (L.B.).

* Manter a cuota de participación no sector.

* Xubilacións os 60 anos.

* Bazan ⇒ Bercal de guerra.

* Concentración reparacións en Astano.

* Potenciar a produción de motores en Vulcano.

* Potenciar o cabotaxe nacional.

* Buque modelo polivalente de pesca.

* Política de créditos ⇒ Mais dura - Mais fácil

* Propostas:

* C. que negocie: * Juso Díaz.

* Iglesias.

* Pancho Candeias

* Plantexer a P. Candeias:

* A sua entrada ó servicio do Sindicato.

* ? Condicions?. A determinar.

* Necesario manter a coordinación do sector Naval.

* Que Iglesias ó asegure. (Reunión del S.I.I.)

* IIIº Congreso do S.N.

* Os materiales entregárense o viernes.

* Reportáis ⇒ Tendo en conta os Sind. Provinciais.

* Informar o Scto. Nacinal de celebración do Congreso.

* Detalles de celebración. (Con anterioridade a sua celebra-

JURADO DE EMPRESA DE ASTILLEROS CONSTRUCCIONES, S.A. -FACTORIA DE RIOS-

A C T A

ASISTENTES:

Presidente

D. GUILLERMO GEFANELL GOROSTEGUI
Presidente Titular, asistido de

D. JOSE L. SAMPEDRO ALVAREZ
Presidente Suplente

Secretario

D. GUMERSINDO GARCIA ALVAREZ

Vocales

D. BENIGNO CASTRO GONZALEZ
D. ALFREDO MELIN MARTINEZ
D. EMILIO LUNA GOMEZ

ORDEN DEL DIA:

1º - Lectura del acta anterior

2º - Ruegos y Preguntas.

sencia de los Vocales de Rios en la Mutualidad el pasado dia 17, a efectos de la reunión pendiente con el Director de la misma, siendo así que dicha reunión había quedado en suspenso a petición de los Vocales de Meira, los cuales manifestaron tener en dicho dia compromisos electorales que les dificultaban su asistencia a la misma.

Agua.- El resultado del análisis del agua del botiquín es que no es potable.

Botiquin.- El SR. SAMPEDRO habló con el Sr. Ojeda y le anticipó de las dificultades ocurridas en el botiquín, deficiencias que se las ampliaremos nosotros en próxima reunión que se celebrará cuando los compañeros de Meira lo designen.

Anticipo personal.- El Sr. SAMPEDRO informa que el anticipo solicitado por el productor Julio Rodriguez, se le abonará esta semana ya que lo tiene concedido

2) RUEGOS Y PREGUNTAS.- Se plantean los siguientes asuntos:

Escripto del Jurado a su Presidente.- Dice: "Sr. Presidente del Jurado de Empresa Astilleros Construcciones, S.A. -Factoria de Rios.

Muy Sr. nuestro: La parte social de este Jurado de Empresa quiere dejar constancia del desagrado que siente por el hecho de haber celebrado reunión el pasado dia 20 con la representación social de la Factoría de Meira, para tratar asuntos relativos al Convenio Colectivo, sin haber solicitado la presencia de los miembros de la Factoría de Rios. Sin otro particular le saludamos muy atentamente: Gumersindo Garcia-Emilio Luna-Benigno Castro-Alfredo Melin.

Contesta la Presidencia que queda enterada del contenido del mismo, no oponiendo ninguna objeción a su constancia en Acta; desea puntualizar, no obstante, que no es exacto definir como reunión lo que no ha sido más que un cambio de impresiones, solicitado por los Vocales de Meira y aceptado por la Dirección, como es su costumbre siempre que se pro-



A VOZ DO TRABALLO

Boletín de Información Interior de la Junta Sindical de ASTANO - Marzo-Abril 1976



Asamblea en la plaza de «Viviendas San Valentín», a la que asistieron más de 4.000 trabajadores



J

ASTILLEROS CONSTRUCCIONES, S. A.

CONSTRUCTORES NAVALES - VIGO

EXPEDIENTE

DE

REGULACION DE EMPLEO

Nº 71 / 79

DE 253 OBREROS

Capa 9

DOSIER DOCUMENTAL

**CONSTRUCCIONES
NAVALES
P. FREIRE S.A.**

CONVENIO COLECTIVO - 1973

Avda. ORILLAMAR
VIGO
ESPAÑA



COMPAÑEROS: Las vacaciones se han terminado. Esto quiere decir, que el año laboral ya ha comenzado. Dichas vacaciones nos han dejado un sabor amargo con la desaparición de un nuevo compañero en las instalaciones de BARRERAS y perteneciente a Auxiliar Majano -uno mas por la falta de SEGURIDAD E HIGIENE!- Todos recordamos lo que ocurrió en las mismas fechas el año pasado en nuestra Factoría, con los compañeros de nuestras Auxiliares. Forzosamente, tenemos que pensar: ¿Quién será la - próxima? ¿Por qué?

Los Empresarios, meros explotadores, no se preocupan de nuestras necesidades como seres humanos, ni de la seguridad, ni de la higiene, solo nos consideran como máquinas, y nos quieren hacer piezas de un sistema, donde no pensemos cuales son nuestros derechos, así, cuando estamos en el tajo, no existe ni un mínimo de seguridad recomendable, lo que si nos dan son jornadas agotadoras de hasta 14 horas.

La Comisión Obrera de Vulcano, proponemos intensificar la lucha por unas mejores condiciones de seguridad e higiene, por un Comité que tenga poder de decisión. Queremos decir con esto, que el Comité de Seguridad tiene que tener entre otras: LA SUFICIENTE FUERZA PARA PARALIZAR cualquier tipo de trabajo, cuando éste se realice en condiciones de peligrosidad ó cuando el Comité sugiera alguna solución, ésta sea considerada inmediatamente. SOLO ASÍ LOGRAREMOS REDUCIR LOS ACCIDENTES QUE SE PRODUCEN EN NUESTRA PROPIA CARNE.

COMPAÑEROS: En el primer semestre del año en curso, nos encontramos con los perjuicios de una norma de obligado cumplimiento y el agravante que es la inflación creada por el capital la cual tenemos que pagar nosotros, los trabajadores. El Empresario después de conseguir su objetivo a través de la Norma de Obligado Cumplimiento, que fué la descolonización del economato y dejarlo a venta libre, con la negación de las demás peticiones que constaban en el anteproyecto del convenio y no conforme con esto, nos siguen apretando mas el cuello. Por una parte, nos quitan a los que estamos enfermos, la paga del 18 de Julio y Navidades y por otra, la media de las primas a todos los que de una forma y otra, estamos sometidos al sistema de producción, y ésto, basado en un artículo que lo suprime o la norma lo anula. En cualquier caso, nosotros los trabajadores, no hemos participado en la elaboración de ninguna de ellas, quien nos lo impone, es el trust montado por Empresarios y Gobierno.

Exijamos lo que es nuestro; lo que con nuestra lucha hemos conseguido años atrás y por lo que muchos de nuestros compañeros están despedidos. La media de las primas individuales en las pagas extras, es por trabajar y es un derecho adquirido. Por esto el Jurado, ha dialogado con la Empresa y autoridades competentes, pero estos no comprenden otro lenguaje que no sea la lucha. Nunca han dado ni darán nada por que darse pasivos ante nuestras reivindicaciones.

COMPÁÑEROS: Exijamos que nos paguen lo que nos deben y que sea revalorizado el valor punto de la prima, discutamoslo entre todos, - cual debe ser la forma de defenderlo: Si con bajos rendimientos, plantes de horas extras o paros. Para esto, La Comisión Obrera de Vulcano, pide el máximo de responsabilidad a todos los trabajadores -ocupen el puesto que ocupen- y no olvidemos que la paga de Navidad está a cuatro meses vista.

MANUEL AMOR DEUS.

APROXIMACIÓN A UNHA BIOGRAFÍA DA RESISTENCIA OBREIRA AO FRANQUISMO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

En xuño de 1978 celebrouse o primeiro Congreso do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia. Un congreso constituínte despois de case tres décadas de historia daquela organización que se convertera no principal referente organizativo no rexurdimento do movemento obreiro galego. Entre as conclusións que se aprobaron nel, acordouse instituír a celebración do 10 de marzo como Día da Clase Obrera Galega en lembranza do conflito sociolaboral vivido na cidade de Ferrol como consecuencia da negociación dun convenio colectivo nos estaleiros da Empresa Nacional Bazán durante aquel mes de 1972. Uns acontecementos que marcaron a vida do seu primeiro secretario xeral, elixido no devandito congreso, Manuel Amor Deus, tamén traballador da Bazán. Ata daquela, Amor Deus tiña transitado por un longo camiño de loita polas liberdades democráticas e tamén de cárcere. As liñas que seguen non son más ca unhas notas que nos achegan a unha biografía exemplar da resistencia obreira, unha biografía construída sobre a defensa dunhas ideas e desde os muros, as «gradas», os diques e os talleres dunha das factorías máis comprometidas na loita a prol das reivindicacións obreiras e das liberdades durante a longa noite do franquismo.

Nado en Ferrol en 1941, Manuel Amor Deus viviu fronte ao cárcere militar, no seo dunha familia de traballadores. Seu pai pasou por diversos traballos, ata o de garda municipal, e súa nai traballaría na factoría de Pysbe. Unha familia que, coma todas as da súa clase, sofre a miseria da posguerra e coñece as dificultades do abastecemento alimenticio e os racionamentos; el mesmo era o encargado de ir buscar o pan coa cartilla de racionamento e os cupóns, «*pan muy oscuro, muy negro, en alguna ocasión con gusanos*». Politicamente na súa casa percibíase unha tendencia republicana esquerdistas que emanaba do pai e mais do seu tío, quen estivo condenado a morte; ambos militantes de base do Partido Comunista. Da súa infancia garda uns recordos sen traumas especiais, áinda que conserva na mente lembranzas da posguerra que son unha mestura de imaxes e referencias familiares sobre a represión dos obreiros ferroláns que se opuxeron ao levantamento militar en defensa da legalidade constitucional da República, os recordos dos fusilamentos no cemiterio de Serantes e por isto foi sempre consciente de que desde aqueles días a cidade, estremecida polo terror, quedaría atenazada e amedrentada por moitos anos «... *En Ferrol imperaba un clima de miedo y yo viví ese clima de miedo*



hasta el setenta y dos, que dimos la batalla... Ferrol perdió el miedo, por un día los trabajadores se sintieron dueños de su ciudad...».¹

Naquel ambiente, Amor vai ás clases cunha profesora canda o seu irmán; levaban os talliños que lles facía o seu pai; alí aprende a ler e escribir, e despois de pasar por outras similares, vai a unha escola pública da que lembra os habituais castigos da época. Logo comezou a preparar a entrada na Bazán, onde había unha Escola Obreira para que os fillos dos traballadores da empresa prepararan o ingreso como aprendices. Non era este o caso de Amor,

que tivo que facelo por libre, acudindo ás clases particulares de matemáticas na casa dun profesor republicano do que sempre gardou unha excelente acordanza. Así que fixo o exame que lle permitiría entrar como aprendiz.

Con 14 anos aprobou o exame de ingreso na Escola de Aprendices de Bazán, onde pasaría os correspondentes catro anos, recibindo pola mañá clases teóricas en diversas materias e polas tardes clases prácticas: aprendeu o manexo das ferramentas e os rudimentos dos diferentes oficios. Os aprendices examinábanse anualmente para pasar ao curso seguinte, algo que Manuel Amor superou sen problemas.

Amais da formación profesional, practicaban actividades deportivas nas excelentes instalacións da empresa, podían participar no coro ou na *rondalla*; a relixión tamén estaba presente nas ensinanzas destes aprendices, pois tiñan que facer exercicios espirituais e recibían clases de relixión do capelán da empresa. Amor Deus participaba daquelas actividades e mesmo nalgúns exhibicións de ximnasia. Nos dous últimos cursos foi adscrito, coma os restantes aprendices, aos diferentes oficios por unha especie de sorteio, tras do cal pasaba á aprendizaxe directa dun operario da empresa. El xa pasou como mecánico, e nesta etapa completou o seu coñecemento dos oficios: aprendeu a limar, a axustar o torno, fixo traballos con máquinas, coa fragua e a fresa, elaborou ferramentas e adquiriu, como era adoito naquela escola, un elevado nivel profesional. Os aprendices coma el cobraban 14,35 pesetas á semana e despois dos catro anos entrou como fixo no cadro de persoal, no seu caso como operario mecánico oficial de 3.^a, mentres que os que non aprobaban quedaban de peóns axudantes dos operarios.²

Manuel Amor completou a súa formación como traballador en Astano, estaleiro ao que foi cedido temporalmente formando parte dun grupo de operarios que ían traballar na construcción de pequenos barcos de pesca. Nesta factoría desempeñou todo tipo

Manuel Amor Deus e
Marcelino Camacho

de traballos nas diferentes seccións, e despois de ano e medio, ainda que lle ofreceron pasar a oficial de primeira quedou; non aceptou a oferta e volveu para a Bazán.

A mediados dos anos sesenta, Amor estaba de novo na súa empresa, co servizo militar xa cumplido e como oficial de segunda, nun posto que lle permitía moverse por todo o estaleiro. Traballaba a bordo dos barcos, no dique cando entraban a reparar, no taller de armadores... e esta mobilidade ialle ser de grande utilidade cando se convertese nun activista das Comisións Obreiras e do Partido Comunista.

Neses anos comezou a ser socialmente consciente das condicións de traballo que existían na factoría. Delas lembra as longas xornadas laborais de nove horas diárias, seis día á semana, pois incluía a mañá dos sábados; as deficiencias en materia de seguridade e hixiene, pois a prevención de accidentes non procedía da formación ou a información da empresa, senón que, como el mesmo recorda, ante «*la presencia constante del riesgo, los compañeros eran los que te daban las indicaciones de seguridad y te avisaban de los problemas*».³ Convivían coa sinistralidade laboral e as cifras de accidentes de todo tipo eran moi altas por mor das carencias en material, guantes, máscaras, botas ou cascos.

O compromiso político

Ata os primeiros anos sesenta, Amor Deus foi un mozo traballador que vivía cunha certa despreocupación vital con respecto aos problemas que mesmo lle afectaban. O seu salario de Bazán e o que a maiores recibía do traballo en Astano proporcionábanlle unha situación moi boa para un mozo con inmensas ansias de vivir, pois gustáballe divertirse e gozar da vida, sen complicacións: «...fue una buena época donde gano dinero y donde también lo gasto... Tocaba la guitarra, cantaba y me gustaba ligar...».⁴ De aí que ficara á marxe da xente do estaleiro que militaba no

PC e que naquela altura traballaban para fortalecer a estabilidade das xa importantes Comisións Obreiras de Bazán.

Mais aquela situación non ía durar moito tempo. Un tráxico accidente marcou a viraxe no camiño vital e social de Amor Deus, feito que, sempre que ten oportunidade, el mesmo lembra con tenrura non exenta de tristeza. Neses anos tiña un amigo, Sindo, que militaba no Partido Comunista e coñecía xa desde os tempos de Astano: «...cuando volvemos para Bazán nos ponen a trabajar juntos como pareja. Este compañero Sindo era comunista, es el que me pasa el Mundo Obrero, el que hace proselitismo para que yo poco a poco me integre... tenemos montones de discusiones, charlas, debates, intentaba convencerme de que sus ideas eran las mejores, yo me resistía bastante, era un espíritu libre porque de aquella quería pasarlo bien... no comprometerme en la lucha... y toda aquella propaganda franquista anticomunista que se daba... Pero empecé a tomar conciencia de las cosas... y trabajando con él en Bazán hay un problema en un barco, de fuego. Nos tenemos que quedar a trabajar para apagar el fuego con unas bombas contraincendios que habíamos montado, y por una serie de fallos de seguridad... los bomberos bajan al tanque sin protección ni nada y uno de ellos cae y mi compañero, que era todo generosidad, intenta salvarle la vida; yo acompañó a mi compañero... cae dentro del tanque, yo intento salvarle la vida al bombero y a mi compañero y al final también caigo y... muere mi compañero, muere el bombero, me sacan sin conocimiento y a mi me salvan la vida pero ellos mueren... y es en ese momento cuando yo decido integrarme en la lucha. Me había metido en el Partido Comunista para ocupar el puesto de mi compañero. Aquello fue muy traumático para mí... las cosas ocurren como ocurren, yo no había podido salvarle la vida porque estuve a punto de perderla... y bueno, por lo menos hacer algo...».⁵



Manuel Amor,
Nicolás Sartorius
e José María Riobó,
na Bazán durante
as primeiras eleccións
sindicais, 1976

Desa forma Manuel Amor convértese en militante do Partido Comunista e a partir dese momento inicia un camiño de compromiso político. Primeiro con pequenas actividades clandestinas: recadar cartos para os despedidos, lanzar panfletos e facer as primeiras pintadas; a lembranza destas serve para ter unha idea do que pensaba acerca do carácter e inseguridade do ‘valor’ na clandestinidade: «... *La primera vez en mi vida que yo salí a pintar y a tirar octavillas, era un 30 de abril para el 1.º de Mayo, quedamos en levantarnos a las seis de la mañana, yo llevaba un spray, era la primera vez que cogía un spray en la mano y mi compañero Justo llevaba las octavillas; nos fuimos a la zona que nos correspondía, porque aquello nos lo explicaban muy bien... “desde aquí hasta aquí porque si os pasáis podéis joder a la otra pareja”.... Cojo el spray y en el primer cartel ya gasté todo el spray... A todo esto yo iba con una chaqueta príncipe de gales y una camisita blanca, una corbata y un pantalón gris marengo y mis zapatitos de suela..., mi mujer me traía como un pincel... y allí fuimos pintando y tirando octavillas. Y terminando nuestra acción yo vi a dos tíos que venían delante y le dije ¡atento!...*

Pasaron de largo y aparecieron por el camino con las pistolas ¡alto ahí quien vive! Era la guardia civil, nos apuntaron y el compañero me dice: “¡corre!” Yo me di media vuelta y con los zapatitos de suela de los cojones me di una hostia que casi me quedo groyi y vi como mi compañero se agachaba y cogía una piedra y me dijo “levántate y corre Manolo” y me levanté, echamos a correr y los despistamos... La valentía, la cobardía eso depende... aquel compañero tan valiente, que impidió que me cogieran, nunca más quiso hacer nada y yo le decía “pero como vas a tener miedo si eres el tío más valiente del mundo”. Uno es valiente en ocasiones y en otras te cagas por la pata abajo, yo tuve la suerte y nunca me cagué... o a lo mejor me cagué por la pata abajo, yo que sé...»⁶

Tamén naquelhas datas iniciouse outro tipo de accións na rúa: as concentracións e manifestacións. Foi con motivo do conflito de Pysbe, no que participou moi activamente a militancia comunista de Bazán. Aquelas manifestacións proporcionáronlle as primeiras experiencias directas coa represión franquista e «... recibí los primeros palos».⁷

Esas experiencias e o contacto cos militantes comunistas, xa de sobra coñecidos na factoría, fortaleceron axiña a súa conciencia de clase e a decisión de loitar contra o franquismo. No seu taller de mecánicos estaba Julios Aneiros, a quen lembra con admiración e que cos restantes compoñentes da primeira organización clandestina do Partido Comunista na factoría, considera os seus mestres éticos e políticos: «... *había entonces unos doscientos militantes comunistas... Allí estaban Julio Aneiros, Paco Balón, Paco Filgueiras, Pepe Loureiro, Argimiro y otros que lo daban todo. Eran un grupo muy honrado, muy honesto, muy firme en sus convicciones... era bonito porque eran la dignidad misma... y además su lema era dar ejemplo de comportamiento con esa manera de ser y actuar se ganaban adeptos... Tenía que ser así porque en aquel momento te podían desprestigiar de cualquier manera..., tenías que tener tu dignidad por encima de todo tanto a nivel profesional como a nivel de comportamiento particular; a nivel profesional tenías que ser de los buenos... Aquel grupo daba ejemplo y por eso nos ganaban, porque estaban dispuestos a ayudarte y a sacrificarse...».⁸*

Desde 1967, pois, foi participando máis e máis nos conflitos dentro da empresa e tamén no PCE. Dunha forma natural foi facéndose máis presente nunha factoría como a Bazán que era o referente de loita obreira en toda a comarca de Ferrol: «*La Bazán se solidarizaba en la lucha con todas las empresas de la comarca... Pysbe, Maderera, Megasa... ocuparon muchas horas de reuniones de la gente de Bazán...».*⁹ Era daqueles militantes comunistas dos que partían todas as iniciativas que despois desembocaban nas accións adecuadas a cada momento. Ora mesmo imprimían e lanzaban os panfletos, que eles mesmos confecionaban nos cascos baleiros dos barcos en despezamento, coas clásicas vietnamitas ou no aparato de prensa clandestino do Partido Comunista en Ferrol;¹⁰ ora decidían

as concentracións, os peches nas igrexas, as reunións clandestinas ou as asembleas.

Os conflitos de Peninsular Maderera e Megasa forman parte igualmente da experiencia militante de Amor Deus, pero xa desde un primeiro plano. En Peninsular Maderera existía un conflito que viña de 1969 e que se agudizou a comezos de 1970 como consecuencia dos efectos da aplicación do sistema Bedaux, que obrigaba a recuperar os días festivos. Producíronse unha serie de protestas coas correspondentes sancións e despedimentos que culminaron nunha folga de 37 días que rematou favorablemente para os traballadores. E foi a presión dos traballadores, dirixidos polos militantes das Comisións da Bazán, o que fixo posible aquela vitoria parcial dos obreiros ferroláns: «... *cuando la Peninsular Maderera planteamos encerrarnos en San Julián, en la concatedral de Ferrol. Nos llevó días de preparación y tuvimos que meter a nuestras mujeres, no a las mujeres de los de Peninsular Maderera, a nuestras mujeres, para que fueran el núcleo fundamental de las personas que se encerraran. Y pusimos a dos de Peninsular para que tocaran las campanas si entraba la policía y la policía entró y las campanas no tocaron...».*¹¹

O mesmo pode dicirse sobre a folga de Megasa de 102 días entre 1970 e 1971; nela, como lembra un dos antifranquistas históricos de Ferrol, Amor desempeñou xa un importante papel: «... *La huelga que se lleva a cabo en Megasa está apoyada por CC.OO. y por el Partido, por hombres como Amor Deus y Riobó y otros compañeros de CC.OO. de Bazán y Astano».*¹²

No primeiro plano da loita contra o franquismo

A comezos dos anos setenta, as Comisións Obreiras estaban xa moi organizadas en Ferrol e en toda Galicia, cun órgano de dirección estable e coas primeiras asembleas nacionais de Galicia xa celebradas.

«Habíamos institucionalizado un secretariado»¹³ que formaban Amor Deus e Rafael Pillado de Bazán por Ferrol; Manuel Fernández Andrade de Barreras e Salvador Pérez de Vulcano por Vigo, e Jaime Mondelo da Coruña. Manuel Amor, centrado na actividade sindical dentro e fóra de Bazán, estaba totalmente impregnado, coma todos os cadros comunistas das Comisións na Bazán, dunha especie de «cultura bazanera», consecuencia da confluencia dunha serie de factores: dun lado, a conciencia de ter un excelente nivel profesional, unido á relación co mundo militar e a importancia socioeconómica que a Bazán tiña para Ferrol e a súa comarca; e, por outro lado, o peso da tradición de loita social que subsistía na factoría desde a República e que mantivo unha liña de continuidade durante o franquismo, o que confería a estes traballadores unha forte conciencia de clase e do seu peso nas loitas en toda a bisbarra.

Á altura de 1971, atopámonos nunha fase de refluxo da conflitividade laboral en España e cun escenario social que se enfrentaba a unhas eleccións sindicais e a renovación dos convenios colectivos. Tanto o Estado franquista como as Comisións Obreras e o Partido Comunista preparábanse para fazer fronte a esa nova etapa, que no caso de Galicia, culminaría no momento álxido da loita social contra a ditadura. O Ministerio de Traballo remitia aos seus instrumentos políticos, sindicais e de comunicación, un informe secreto no que orientaba sobre os posibles conflictos e sobre as actividades dos elementos subversivos do PC e das CC.OO. Nel alertábase tamén respecto á factoría de Bazán en Ferrol.¹⁴ Pola súa parte, o PC e as CC.OO. preparaban tamén nas súas reunións a estratexia que habían seguir tanto nas eleccións sindicais como na preparación das plataformas reivindicativas que debían orientar a negociación dos convenios, utilizados como medio para mobilizar os traballadores na loita sociopolítica contra a ditadura. A dirección do Partido Comunista tivo unha reunión no exterior cos dirixentes



obreiros, e as Comisións en Galicia celebraron a II Asemblea Nacional de Galicia da que saíron os documentos que ían canalizar aquela estratexia.¹⁵

A situación na Bazán naquel momento non era moi dodata, malia a numerosa militancia. Os dirixentes obreiros Rafael Pillado, Julio Aneiros e Francisco Fernández Filgueiras, que encabezaran as loitas na segunda metade dos anos sesenta, estaban detidos e procesados no TOP, desposuídos dos cargos sindicais e incapacitados para poderen presentarse; outros como Francisco González Vidal *Paco Balón*, Ricardo Aneiros, Soto Niebla, Tenreiro... tamén estaban sancionados do mesmo xeito.¹⁶ Cumpría, pois, a renovación na candidatura das Comisións.

Aquelas necesidades e o papel desempeñado por Manuel Amor nos conflitos dos últimos anos, levaron o Comité local do PCG a convencelo para encabezar a candidatura da Bazán: «... *Areces, que había venido de Asturias para estudiar; me convence para que encabece la candidatura de Bazán*», o que a curto prazo suporía un novo xiro que cambiaría definitivamente o seu percorrido vital e a súa andaina como militante

Manuel Amor Deus recibe o Premio 10 de Marzo

TESTEMUÑOS

Manuel Amor nunha reunión de CC.OO.

comunista das CC.OO., converténdo nunha figura de referencia para o movemento obreiro galego. «*Preparamos una candidatura que copa todos los elegidos, 23 de 23 puestos, decidida por la agrupación de Bazán*.»¹⁷

A partir dese momento, Amor Deus dedicase a unha dobre actividade: por un lado defende as reivindicacións cotiás no seo do xurado de empresa, tal como reflicten as súas actas «... *El Sr. Amor Deus manifiesta que, debería tenerse en cuenta la enorme cantidad de horas extras que actualmente se realizan, y que muy bien pueden originar serios accidentes habida cuenta de lo que supone para una persona doce y catorce horas de trabajo*».¹⁸ Por outro lado, elabora xunto cos seus compañeiros unha plata-

coa negociación que se abría en Madrid. Os outros centros de traballo de Cádiz, Cartaxena, Canarias e Madrid estaban nas mans de enlaces verticalistas e, polo tanto, eran submisos aos intereses da empresa. Amor, Riobó e os seus compañeiros, coñecedores desa debilidade negociadora, propoñenllas aos traballadores a defensa dun convenio exclusivo para Bazán Ferrol, que a lei mesmo permitía e que nun primeiro momento as autoridades sindicais e o goberno aceptaron. Porén, a empresa negou tal posibilidade, o que conduciu a unha nova fase de confrontación entre a empresa e os traballadores que se convertería nun dos conflitos laborais de maior intensidade dos vividos nunha empresa española durante o franquismo.²⁰



forma reivindicativa para o convenio e percorre a factoría para explicala e tamén para preparar os traballadores ante a difícil loita que se avecinaba: «... *Luchábamos por la libertad y por la democracia, y aprovechábamos el convenio para luchar contra el franquismo... yo tiraba para adelante con la gente que estaba a mi alrededor, discutía con ellos las cosas... Sabíamos hasta dónde podían llegar los trabajadores de Bazán en cada lucha concreta...*».¹⁹

Os dirixentes obreiros do estaleiro, todos eles enlaces sindicais, eran conscientes da situación xeral da empresa en relación

As forzas enfrentadas puxeron as súas armas de loita en funcionamento. A empresa dificultaba as reunións e a acción dos traballadores e respondía con posturas de forza e sancións, ao tempo que controlaba a información que transmitían os medios de comunicación. Pola súa parte, as Comisións incrementaban o seu traballo no interior da empresa, tanto no xurado como nas reunións en todos os talleres e seccións, e mesmo medraba a actividade do seu aparato de propaganda: «... *en Bazán nos autoabastecíamos... en la estructura de unos barcos pusimos puertas con candados y allí teníamos las*

vietnamitas y hacíamos octavillas y boletines...».²¹ A axitación, ademais, saía da factoría e inundaba a cidade, para o cal dispoñía dos seus recursos humanos e materiais.

Amor Deus e Riobó, como membros do xurado, elevaron un recurso ante o secretario xeral do Sindicato Vertical, Rodolfo Martín Villa, quen denegou a posibilidade do convenio de factoría; isto contribuíu a agudizar o confrontamento. Os dirixentes de CC.OO. presentaron novas medidas de presión, como o rexeitamento da xornada de 12 horas que, ante a sorpresa da dirección, se converteu nun éxito total: «... la gente respondió de forma unánime porque estaba cansada de tanto trabajar, porque estaban mucho tiempo en la fábrica, más que con la familia y empezamos todos a jornada ordinaria y ahí fue donde ganamos la batalla».²² Ante a falta de acordo, a dirección de Bazán endureceu as medidas de presión, pretendeu impedir as reunións e asembleas e os traballadores responderon con paros de media hora durante os primeiros días de marzo.

As intervencións de Manuel Amor Deus e José María Riobó e mais doutros enlaces das Comisións nas asembleas daqueles días, levaron a dirección de Bazán a despedilos e prohibirlles a entrada na factoría o día 9 de marzo. A resposta dos traballadores foi o paro total e a concentración de preto de cinco mil deles na explanada diante da dirección para esixir a anulación dos expedientes de despedimento. Malia os intentos de acordo, a empresa rexeitou calquera cambio na súa actitude e terminou por permitir a entrada da policía armada no estaleiro para desalojar os concentrados. Era a primeira vez na historia de Bazán que isto ocorría e a carga foi tan brutal que o resto daquel día as manifestacións, concentracións e confrontamentos estenderonse por todo Ferrol. Coñecida a brutalidade policial, a cidade impregnouse tamén da indignación da cidadanía toda.

Despois da reunión mantida aquela noite por todos os dirixentes do Partido Comunista e das Comisións para preparar as mobilizacións do día seguinte e tentar a rea-

pertura da factoría, coas portas da empresa pechadas e logo dunha asemblea, os traballadores iniciaron unha marcha pacífica: «... el día 10 íbamos pacíficamente a pedir la solidaridad de los trabajadores de la construcción que estaban construyendo el polígono de Caranza y a los de Astano... y cuando a mi me preguntaron qué haríamos si cargaban, yo dije que nos defenderíamos...»²³

Dúas compañías da policía armada intentaron deter a manifestación con cargas e disparos ao aire, pero os traballadores ofreceron resistencia con pedras e paus. Logo duns momentos, a policía deu en disparar directamente contra os traballadores, que aguantaron con contundencia e indignación ao seren conscientes da gravidade do que estaba sucedendo. Os gardas tiveron que retroceder fronte ao empuxe dos indignados obreiros, deixando atrás deles dous mortos, varias decenas de feridos, algún en estado moi grave. A noticia correu por Ferrol e, coa policía encerrada nos seus cuarteis, os traballadores, como lembra Amor Deus, «foron donos da súa cidade».

As noticias e a condena da acción represiva estenderonse por Galicia, España e algúns países europeos; as folgas de apoio foron amplas en Vigo, o País Vasco, Cataluña ou Andalucía, e o movemento de solidariedade permitiu a recadación de fondos para as familias dos mortos e dos despedidos. Mentre, Manuel Amor e os seus compañeiros visitaban as empresas da comarca, mantiñan a edición clandestina de panfletos informativos e entrevistábanse co capitán xeneral da Zona Marítima do Cantábrico.

Perseguidos pola policía, Amor, Pillado, Riobó e Fernández Filgueiras vivían clandestinamente nunha casa prestada e, por mor dos rumores insidiosos que a empresa lanzara sobre estes dirixentes e a súa fuga a Francia cunha maleta chea de diñeiro, tiveron que demostrar a falsidade dessa historia acudindo á porta da factoría unha vez reiniciado o traballo. «...Entonces nosotros íbamos frente a Bazán y a la salida nos acercábamos

a los trabajadores, la policía nos vigilaba, nos veían allí, pero la gente que salía de la fábrica nos rodeaba y nos protegía, se alegraban de vernos. Lo pasamos muy mal pero también recibimos muchas satisfacciones de la gente». Así «... les desmontábamos toda aquella propaganda. Esa fue nuestra lucha durante aquel mes, que nos vieran los trabajadores que supieran dónde estábamos, que estábamos en la actividad, pendientes de ellos y en la lucha...».²⁴

Amor Deus viaxou a Madrid, acompañado por Ángel Ezama, dirixente das Xuventudes Comunistas, para unha reunión coa dirección de CC.OO. que ao cabo non se fixo pola excesiva vixilancia policial; foi pouco antes da caída dos dirixentes que serían procesados no xuízo 1001. Nesa viaxe sufriu un accidente e rompeu unha clavícula; os avogados Cristina Almeida e José Luis Núñez levárono ao hospital. Amor, logo de permanecer escondido na casa de Cristina Almeida, regresaría a Galicia no coche de dous avogados de Comisións que anos despois serían asasinados no despacho laborista de Atocha.

De novo en Galicia, continuou a actividade clandestina en compañía de Riobó, e unha vez detido Rafael Pillado, a dirección do PCG no cárcere da Coruña (onde xa estaban os restantes dirixentes obreiros xunto a Ángel Guerreiro, Jesús Aneiros e Vicente Álvarez Areces entre outros) decide que Riobó e mais el deberían presentarse perante o xuíz, o que lles comunican a través dos avogados, «... que no tenían nada contra ellos y que estarían como mucho dos o tres meses en la cárcel y que después, libres, podrían continuar la lucha en mejores condiciones...».²⁵ Amor e Riobó acataron a decisión e presentáronse perante o xuíz; así foi como Amor Deus entrou na cadea. Despois de ter «una pamela de juicio en magistratura», onde se ratifica o seu despedimento, foi procesado e condenado, primeiro nun consello de guerra en outubro e máis tarde no TOP, no proceso coñecido como o dos 23 de Ferrol.

O súa experiencia no universo carcerario do franquismo

Detido o 14 de abril, Amor Deus iniciaba un longo percorrido polos cárceres franquistas do que non sairía ata o ano 1976, meses despois da morte do ditador. A entrada naquel universo penal ten lugar na prisión da Coruña e faina Amor Deus coa clavícula rota sen curar, polo que o trasladan ao hospital de Labaca. Ali, custodiado pola policía, espósoano á cama e así estivo uns días, recibindo insultos e presións diversas ata que, unha vez reposto das súas lesións, devólveno ao cárcere da Coruña. Ali compartía con todos os comunistas o tempo e as actividades, facían teatro, xogaban ao fútbol, organizaban charlas, mantíñanse sempre activos para non se sentiren angustiados: «... después detuvieron a nuestras mujeres y las tuvieron en la cárcel de Coruña, mi mujer estuvo dos meses...».

A estancia na Coruña viuse interrompida polo traslado á cadea militar de Ferrol, cando o reclamaron para ser xulgado nun consello de guerra canda os seus compañeiros Ángel Porto, José María Riobó, Bernardo Bastida, José Julio Miraz, José Cabado, Ramiro Romero e Francisco Fernández Filgueiras, acusados de ser responsables dun panfleto aparecido nunha fragata en construcción. Manuel Amor, illado na prisión, viviu tamén un acontecemento dramático: o seu fillo de sete anos morreu atropelado por un coche en Campolongo. As xestións dos avogados Cristina Almeida e José Luis Núñez conseguiron inicialmente o permiso para que puidera asistir ao enterro; pero o permiso foi denegado polo xuíz instrutor, o comandante Juan Fraguera Díaz, e Amor nin sequera tivo coñecemento daquela morte ata pasados uns días: «... El 25 de julio me enteré, a través de los presos, de que al único hijo que tenía, que lo llamábamos Manuel, me lo habían matado. Me enteré porque me pasaron una nota en un cacho de pan, diciendo que mi hijo había tenido un accidente grave, de hecho me mandaron duchar;



Manuel Amor Deus e José María Riobó, aniversario do 10 de Marzo en liberdade (1976) na ponte das Pías, Ferrol

me mandaron arreglar... pero no llegó la orden para que pudiera salir al entierro, porque aunque el capital general había dicho sí, la echó abajo aquel Fraguella... Decía que era un peligro y no me dejaron salir al entierro de mi hijo...».²⁶ Refírese ao daquela coñecido como un dos grandes torturadores, o comandante que foi xuíz instructor do consello de guerra que se celebraría o 31 de outubro. Acusado de sedición, Amor foi condenado en total a catro anos de prisión e reclusión de novo na cadea da Coruña. De ali levárono, logo de pasar uns días en Carabanchel, á cadea de Xaén, onde comezaría a cumplir a sentenza do consello de guerra.

Naquela prisión viviu nunhas condicións moi deficientes: «...era una cárcel muy vieja, nos comían las chinches, los techos eran de madera y aquello era terrible...». Era un desastre de organización, e Amor mais os seus compañeiros contribuíron a poñer algo de orde coa organización dunha comuna de presos do Partido Comunista e das CC.OO.: «...Había que organizar aquello porque había gente comiéndose bocadillos a diestro y siniestro, mientras otros se tenían que conformar con el rancho. Pasamos un poco de hambre hasta que logramos que aquello funcionara...».²⁷ En Xaén, o comité do PC organizaba a corres-

pondente comuna e charlas de todo tipo; tamén facían ximnasia e teatro: «...en la cárcel no puedes estar pensando fuera porque si piensas en lo que hay fuera te haces daño y tampoco puedes estarte quieto... teníamos materiales para leer, que siempre te meten en los tubos de pasta de dientes, o los abogados te metían los documentos o el Mundo Obrero... te tenían siempre ocupado. La actividad era fundamental porque eso te impedía tener tu cerebro fuera de la cárcel y te permitía tener ocupado el tiempo».²⁸

As comunas permitían suavizar a dureza do internamento, encargábanse de organizar as compras no economato, de cocinar e de xestionar as axudas económicas que lles chegaban da solidariedade, dotando de medios os presos para adquiriren alimentos. Amor, nese sentido, ten unha lembranza especial do papel desempeñado polos seus compañeiros do PCG en Vigo, que lograron cubrir todas as necesidades dos reclusos na prisión de Pontevedra, a pesar da «moita fame que pasaron nun primeiro momento».

Naqueles anos tan duros, Amor Deus tivo o apoio de toda a súa familia, que o visitaba con frecuencia, mesmo o pai tamén foi velo antes de morrer, e cando iso aconteceu, nesa ocasión, concedéronlle o permiso para

asistir ao enterro e, áínda que esposado e custodiado pola Garda Civil, varios miles de persoas o acompañaron no cemiterio.²⁹

A súa viaxe de «turismo» carcerario levaría desde Xaén de novo a Pontevedra, para volver a Madrid, a Carabanchel, e rematar outra volta en Pontevedra. Desde eses cárceres sentiu a evolución dos acontecementos grazas aos contactos coa familia, cos avogados e pola presenza permanente do *Mundo Obrero* no interior da prisión. Viviu con intensidade a folga xeral de setembro de 1972 en Vigo, con temor e inquedanza a morte do presidente do Goberno Carrero Blanco e o xuízo do 1001, que os pilla preparando unha folga de fame e teñen que adiala ante os rumores que chegan do exterior sobre un incerto perigo para os reclusos, o que os leva a solicitar unha entrevista co director para «garantizar la seguridad de los presos». Seguiu a evolución dos conflitos laborais mais o crecemento da oposición á ditadura e as eleccións sindicais de 1975 coa esperanza de liberdade e animando desde a prisión os seus compañeiros de loita. Viviu con indignación as derradeiras execucións do franquismo en setembro de 1975, polas que protestou cunha folga de fame durante a que de novo foi enviado ao hospital, esposado á cama e maltratado física e psicoloxicamente pola policía armada, feitos que denunciaria ante o capitán xeneral, e tamén sentiu tensión e incerteza cando a morte de Franco, pero con ledicia polo inicio dunha nova etapa: «... fue una alegría, esperábamos que empezaríamos a salir inmediatamente».³⁰

No cárcere seguiu loitando para mellorar as condicións de vida, entrevistouse coas direccións, organizaron folgas de fame, pero tamén foi consciente de que a verdadeira loita estaba fóra daqueles muros e de que foi unha etapa terrible e dura: «... en ella añoras la familia, la mujer, los amigos, sientes la soledad de la noche...». Amor Deus encontrou o apoio para soportar aquel longo internamento nas visitas da súa muller e na relación cos compañeiros de loita e os outros dirixen-

tes de CC.OO. cos que se atopa nos diferentes cárceres. Ademais dos de Ferrol, lembra con cariño os lazos de amizade que o uniron naquel tempo a Xesús Redondo Abuín na cadea de Pontevedra, ou en Carabanchel a Marcelino Camacho, a «Juanín» Muñiz Zapico, a Nicolás Sartoriüs e sobre todo a Eduardo Saborido, co que charlaba e cantaba. Así mesmo, sentiu a solidariedade do exterior coa recepción de miles de cartas que lles chegaban desde toda Europa a través de Amnistía Internacional e que o facían sentirse máis acompañado. Foi consciente outrosí das mobilizacións e folgas que reclamaban a súa liberdade ata o mesmo momento do xuízo e que, xunto a Pillado, Riobó e Aneiros, no nome dos 23, agradeceu nunha carta pública: «*Dende a misma sala do xuicio, dende a cadea, seguimos con profunda e extraordinaria ledicia a loita decidida que mantuvéchedes estes días contra o noso enxuizamento. Dos más diversos lugares de Galicia, de España e incluso do extranxeiro, recibimos o alento solidario de miles de persoas que se manifestaban crara e inequivocamente contra a represión, pola amnistía... Neste xuicio foi o povo galego, o fiscal acusador quen sentou no banquillo dos acusados á dictadura... Soio siñificarnos o noso más profundo agradecemento...».*³¹

O clima de mobilización recibiu ademais un tratamento moi amplio nos medios de comunicación. Aquel proceso coñecido como o dos 23 de Ferrol, e no que foron xulgados Amor Deus e a súa dona Josefa Varela Fontán, celebrouse nun escenario de mobilizacións sociais de presión como a folga xeral convocada por CC.OO. e seguida en numerosas empresas de Vigo, Ferrol, A Coruña, Lugo e Ourense, as mobilizacións estudantís e os escritos de intelectuais e de diversos sectores profesionais en protesta contra o proceso.

Amor Deus, defendido por Cristina Almeida, confrontábase a unha petición de 17 anos de cadea polos delitos de asociación ilícita, manifestación ilegal e terrorismo, e rexeitaba no xuízo as acusacións do fiscal sinalando que fora elixido enlace co cen por

cento dos votos; que sempre consultara os traballadores e que nunca tomara iniciativas sen contar con eles. Na súa declaración, repasaba a evolución do conflito laboral provocado pola negociación do convenio colectivo e defendía con firmeza a súa inocencia: «*Sólo hice defender a mis compañeros, porque para eso me eligieron [...] Como vocal jurado sólo me dediqué a buscar la mejor forma de defender los intereses de los que me eligieron. Como representante de los trabajadores no abrí ningún expediente de despido, ni llamé a la policía para desalojar la fábrica, ni di orden de disparar sobre los trabajadores.*³²

Finalmente, foi condenado a sete anos, igual que Pillado e Riobó, e rematado o proceso retornou para a prisión de Pontevedra, pero esta vez só. Alí viviu a morte de Franco e a subida ao trono de Juan Carlos de Borbón. O indulto concedido daquela non afecrou a Amor, que tivo que permanecer na cadea algúns meses máis.

A liberdade e o camiño cara á Secretaría Xeral das CC.OO. de Galicia. 1976-1978

Amor Deus foi un dos últimos presos políticos, pois tivo que agardar a febreiro de 1976 para saír da prisión e experimentar de novo a sensación de liberdade. Unha liberdade recibida con entusiasmo por miles de traballadores que o acompañaron xunto aos seus compañeiros na Coruña e Ferrol, onde logo, nunha concentración no Cantón de Molíns con máis de doce mil persoas e despois de intervir, foron dispersados violentamente unha vez máis pola policía; de novo Amor Deus foi obxecto da agresión policial.³³

A partir dese momento, Amor Deus dedicase a percorrer Galicia; como os seus compañeiros de cárcere, non tiña posibilidades de atopar traballo debido ás listas negras. Aceptou a decisión tomada no seo das Comisións de dedicarse á reorganización das CC.OO. xunto con outros sindicalistas

como Redondo Abuín e Xosé Manuel Iglesias, encabezando o proceso que conduciría a creación do novo sindicato. Neses primeiros meses, aquel grupo foise conformando como a futura dirección de Comisións e Manuel Amor, pola decisión dos seus compañeiros, perfilábase como secretario xeral, ainda que desde a dirección do PC se pretendía darlle unha responsabilidade política, tal é a orientación que saíu dunha asemblea de cadros realizada en Francia e da que Amor Deus foi marxinado. Porén, a decisión dos cadros de Comisións tamén era firme e iniciou a busca de locais, a configuración dunha estrutura con avogados que atenderan as necesidades da organización e o debate que naquela altura ocupaba o conxunto das Comisións sobre se manterse como movemento social ou converterse xa nunha confederación sindical. Aquel proceso culminaría primeiro na V Asemblea Nacional das CC.OO. de Galicia realizada en Placeres, preto de Marín, e logo coa decisión adoptada na Asemblea de Barcelona que, prohibida polo daquela ministro de Gobernación Manuel Fraga Iribarne, se celebraría nunhas péssimas condicións e cunha decisión final que a Amor Deus lle pareceu algo precipitada: «... *La Asamblea de Barcelona fue un caos, en unas condiciones insoportables, la discusión entre si éramos sindicato o movimiento... Tengo un recuerdo fatal... Defendía Camacho mantenernos como movimiento. Lo impuso el Partido y además tenía razón. Yo no estaba de acuerdo... Hubo un gran desconcierto entre nosotros, fue un error... No hubiera pasado nada si en la Asamblea de Barcelona hubiéramos seguido como movimiento. Pero las condiciones, el calor, el desorden, todo el mundo cogía el micrófono y quería hablar...*»³⁴

Amor viviu esta fase inmerso nas grandes dificultades económicas que tiña a organización para adquirir locais; houbo que solicitar créditos sen más garantías cás persoais: «... *firme dos créditos y compramos locales en Santiago, Coruña y Vigo y me digo cómo vamos a pagar esto, esta vez voy*



*a la cárcel pero por estafador... fui a pedir un crédito al Banco de Bilbao y cuando me piden la garantía, digo, la única garantía que te doy es que no tengo garantía, vamos a hacer un sindicato y necesitamos un local en Santiago y analiza las cuotas sindicales... y el Banco de Bilbao en Ferrol me dio el dinero y compramos un local».³⁵ Ademais, á fronte da súa organización tiña que atender o inicio das eleccións sindicais e o debate que se estaba a producir entre as diferentes organizacións con respecto ao papel dos órganos de representación dos traballadores nas empresas e o modelo de relacions laborais que se estaba a construir: «... *Hai posiciones que intentan dar un maior protagonismo ás centrais, deixando ó marxe ós traballadores non afiliados na negociación...* Nós xa nos pronunciamos porque señan os consellos ou comités de fábrica os que xoguen un papel preponderante a nivel de negociación coas empresas. As centrais sindicais deben respetar ese papel en todo momento ... As seccións tienen unha labor grande, se tienen implantación na empresa, terán representación no consello...».³⁶ Aquel proceso remataría en xuño de 1978 coa creación do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia nun primeiro congreso celebrado en Vigo e no que Manuel Amor Deus foi elixido secretario xeral.*

Manuel Amor nunha Conferencia nacional

O difícil tránsito nos primeiros momentos da democracia

Desde o comezo da súa andaina como secretario xeral, Amor Deus tivo que se confrontar a numerosos e diversos problemas que afectaban as Comisións e que, en parte, derivaban do escenario no que se estaban a dar aqueles primeiros pasos. Un escenario sociopolítico adverso, cando non hostil, no que conduce o sindicato en condicións de penuria económica. Nesa conxuntura estábase a elaborar o proxecto de Constitución e ao tempo reclamábase das forzas sociais a aceptación dos Pactos da Moncloa, mentres que o protagonismo correspondía aos partidos políticos e as organizacións sindicais quedaban esquecidas naquela transición á democracia. Urvidas polas necesidades organizativas e a insuficiencia de recursos materiais para encarar a nova situación política e social e os cambios que ían afectar o modelo de relacions laborais, afrontaban as primeiras eleccións sindicais da democracia nas que dirimirían a súa representatividade. Estas dificultades agudizáronse para Comisións a partir de 1982 coa recuperación da UGT e polo apoio que esta recibiría desde os gobernos do PSOE.

Amor Deus inaugurou o seu mandato dando o apoio crítico a aqueles pactos e hoxe reflexiona sobre eles e a necesidade de chegar a acordos: «... *Desde el punto de vista sindical o negocia o desapareces... nadie tiene la verdad absoluta. Los acuerdos de la Moncloa fueron unos grandes acuerdos, visto hoy con lo del trabajo precario, la actitud insultante de los empresarios... Eran normas que obligaban a los trabajadores y a los empresarios..., pero no fuimos capaces de que se aplicaran... Fueron positivos*». Tivo que conducir a acción sindical xunto co seu equipo de dirección polos novos camiños da negociación colectiva, nun marco xeral de crise económica e axiña fazer fronte á ‘reconversión’ industrial: «... *No hubo reconversión fue un desmantelamiento de las empresas... Fue muy traumática en*

Galicia porque el peso de los astilleros fue muy grande, de 12.000 trabajadores directos que había en Ferrol quedan unos 3.000, ... logramos entonces salvar a Astano del cierre...»³⁷ Desde a dirección das CC.OO. de Galicia respondeu a aquelas esixencias e nas eleccións sindicais as Comisións Obreiras convertérónse no primeiro sindicato, vencendo cunha ampla maioría.

Un dos principais problemas cos que tivo que enfrentarse como secretario xeral foi o de procurar un modelo de funcionamento interno en CC.OO. que, desde o respecto ás pautas mantidas durante a clandestinidade, permitiría dar cabida agora na legalidade democrática á pluralidade de sensibilidades ideolóxicas e políticas que pugnaban no seo das CC.OO. de Galicia por facer oír a súa voz social e política fronte á forza maioritaria do PCG. Ao mesmo tempo, debía impedir que as Comisións fosen engullidas pola influencia maioritaria dos comunistas e as formulacións que nalgún momento podían conducilas na dirección estratéxica de Santiago Carrillo. Nese sentido, Amor Deus foi quien de manter a cohesión da organización ao non poñer trabas aos debates.

Unha mostra evidente deste logro sindical foi que conseguiu navegar nos seguintes congresos entre aquellas pugnas, sen se sentir ameazado pola presenza de diferentes enfoques e listas alternativas a aquela que el mesmo sempre encabezaba. O respecto ás minorías, mentres Amor Deus foi secretario xeral de Comisións Obreiras, foi unha referencia constante e coerente coa historia da organización, e os órganos de dirección respondían á proporcionalidade que se reflectía nas votacións congresuais e que representaba a pluralidade da organización.

Amor aceptaba e cría profundamente na teoría da autonomía que emanaba da dirección comunista, pero que non sempre se correspondía coa práctica, e desde os primeiros momentos da súa militancia na Bazán deu atopado unha liña de actuación independente respecto ao PC e de aplicar cri-

terios de dirección en Comisións á marxe das pretensións do PC: «*El Partido me decía que tenía que ser independiente y yo lo creía y cuando quiso imponerme algo yo dije que no... Puede orientar; está en su derecho, pero no imponer...*». E isto desde o convencemento da importancia que tivo o Partido Comunista na estabilidade e no desenvolvemento das Comisións Obreiras como principal soporte político e pola contribución teórica e os recursos materiais e humanos necesarios para converterse na organización máis importante na loita contra a ditadura franquista.

A este logro contribuiría o feito de que Amor Deus foi capaz de separar a súa responsabilidade sindical da súa condición de militante, mesmo cualificado do PCG e do PCE: «... los problemas más grandes eran provocados por el Partido Comunista y en Comisiones se funcionaba de otra manera y yo no hacía caso de lo que decía el Partido». Para Amor, o confrontamento entre os dirixentes comunistas no interior e os que chegaron do exilio foi unha das causas que desencadearon a crise no PC, mentres que esa confrontación non se deu en Comisións porque «.... con la lucha en el interior y en las cárceles se habían configurado órganos de dirección muy consolidados... íbamos con un bagaje que nos daba autoridad», o que impidiu, na súa opinión, o control do PC ainda que os seus dirixentes foran membros incluso dos órganos de dirección do Partido como ocorría con el mesmo: «*fui del Comité Ejecutivo del PCG y del Comité Central del PCE, ocupaba cargos en el PC al ser el secretario de CC.OO. y yo no me negaba pues se cocía el bacalao en esos órganos de dirección, porque si estaba yo podía defender la independencia del Sindicato y si no estaba yo me obligaba a ir a la contra y yo soy de los que digo que en política no hay que ir mucho a la contra... a veces no hay más remedio pero en política es mejor consensuar y llegar a acuerdos.*³⁸

Unha mostra desa capacidade para manter a autonomía do sindicato mesmo fronte á

Confederación de CC.OO. é que as Comisións en Galicia foron quen de legalizar os seus estatutos, o que lle confire entidade xurídica propia: «*Cuando Marcelino Camacho preguntó por los estatutos del Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, le dije "los estatutos están presentados y legalizados" ... voy a esperar yo a que la Confederación me dé legalidad. Yo cogí a nivel de Galicia, enseguida que fuimos sindicato, redactamos los estatutos, presenté los estatutos en Madrid y fueron legalizados.*»³⁹

Momentos houbo nos que tivo que enfrentarse cos intentos de inxerencia da dirección comunista; tamén nos momentos en que se produciu a crise interna no PCG, a súa actitude foi diferente da mantida pola dirección carrillista, respecto aos problemas e debates que se produciron no seo dos comunistas, tal foi o caso da unidade entre o PC de Euskadi con Roberto Lerchundi e Euskadiko Esquerra de Mario Onaindia, os debates sobre as tendencias e correntes de opinión, a supresión das agrupacións sectoriais de profesionais, temas que agudizaron o confrontamento entre a dirección carrillista e os intelectuais e sectores renovadores do Partido: «... *La dirección que vino de París fue el peor problema del PC... España ya era distinta y los que conocían España eran los del interior... uno de los grandes fracasos, decisiones erróneas del PC fue el desmantelar las agrupaciones..., la crítica hacia los intelectuales, llamados piquitos de oro... y en CC.OO. se funcionaba de otra manera... yo no entendía que los que realizaban los estudios económicos, los profesores de la Universidad, fueran criticados por la dirección del Partido... cuando les he pedido trabajos para Comisiones y eran del PC, a Álvarez Corbacho, Pedro Arias, Touriño, hemos organizado cursos en la universidad sobre el Mercado Común Europeo, los impuestos y ellos han participado con todas las ganas yo nunca he tenido contradicciones con esa gente...*».³⁹

Por último, tamén tivo que confrontar a crise final provocada pola actitude de Santiago

Carrillo despois da desfeita electoral de 1982. Resistiu nese momento os embates continuos dos carrillistas, que eran maioritarios na organización de Comisións de Vigo e Pontevedra e minoritarios en Ferrol, onde só Rafael Pillado entre os dirixentes históricos apoiaba as formulacións de Carrillo: «*Como miembro de la dirección del PC no conozco ninguna diferencia entre Carrillo y Gerardo Iglesias, Carrillo rompe el PC. Las conspiraciones internas es lo que destruyen al Partido y por intereses y rencillas personales...*»⁴⁰

Viviu tamén o golpe de estado do 23 de febreiro con toda a organización, dando exemplo de tranquilidade e contribuíndo a manter a actitude firme da militancia: «... *estaba en casa y me vine para el sindicato y mantuvimos las sedes abiertas con gente dentro. Los dirigentes sindicales nos fuimos al ayuntamiento esperando acontecimientos. Nosotros estuvimos en el ayuntamiento con las autoridades políticas, la gente del PC y del PSOE...*»

E coa mesma tranquilidade conduciu a medra organizativa de CC.OO., tanto en afiliación como coa sindicalización de importantes sectores profesionais do ensino, a sanidade e a administración pública que, cunhas condicións de traballo moi particulares, ampliaban as frontes de acción sindical e que ademais xeraban algúns problemas ao incorporaren unha maior carga crítica á organización.

Amor mantivo ese exemplo de tranquilidade e responsabilidade incluso no momento en que se suscita a súa substitución como secretario xeral de Comisións, que el considera consecuencia de diversos factores entre os que ocupa un primeiro lugar a decisión política no seo de PC-IU de substituílo, decisión que conflúe ademais cos intereses sindicais e persoais dalgúns membros que compartían con el a dirección: «... *conspiraron contra mi cuando no lo necesitaban... Se prestaron a ese juego algunos y no di la batalla... fue un movimiento confederal de la Ejecutiva del Metal y del PC... de los compañeros que estaban conmigo en el secretariado, que*



Mitín en apoio da autonomía galega en Sevilla

comíamos juntos todos los días, que vivían conmigo, que pasábamos juntos más tiempo que con nuestras mujeres, fueron los que conspiraron, y eso me dolió a mí más que la cárcel... Ellos lo saben, yo lo sé, me llevo bien con ellos, nunca les censuré nada, pero las cosas son como son... Yo o estaba con el respaldo de mis compañeros o no estaba. No quería ninguna batalla por mí o era el secretario general de todo el sindicato o no era. Podía tener el 60% contra el 40% o el 70% contra el 30%... Siempre había dicho que me mantendría si mi empresa me apoyaba, la conspiración consistió en convencer a la gente de mi empresa, lo decidieron y lo dejé. No di la batalla podía haber ganado...».⁴¹ Era ademais un momento no que tamén había síntomas de desgaste e esgotamento persoal porque atravesaba unha fase de crise familiar. Amor Deus aceptou con elegancia e respecto aquela remuda que realmente se lle formulou desde un importante sector do PC e das Comisións, e enfrentouse a el con tranquilidade, sen desencadear ningún tipo de conflito interno ou de atranco, consciente de que non quería causar unha división que debilitara o Sindicato, seguramente vítima dun tempo de grandes dificultades, da nece-

sidade de renovación da organización e da súa propia traxectoria sindical de independencia de criterios.

Abandonada a Secretaría Xeral, Amor, que continuaba a ser membro da Executiva confederal dirixida por Antonio Gutiérrez, marchou para Almería aínda que sen unha tarefa concreta que desenvolver. Despois dun tempo tivo que retornar a Ferrol: «... mis compañeros exigieron que volviera a trabajar a Bazán... Me ponen en un despacho de ayudante de un ingeniero, prefieren que no ande por la fábrica porque los trabajadores se acercaban a hablar y preguntarme cosas... El comité de empresa me rehuía... La gente de Bazán no entendía absolutamente nada, de que yo estuviera allí...». Estivo seis meses nesa situación, sufrindo incluso os rumores de desprestixio persoal sobre a súa saúde e forma de vida, ata que se acolleu a unha das modalidades de prexubilación que naquel momento existían na empresa.

En 1992, xunto con algúns dos seus compañeiros do proceso dos 23, recibiu a homenaxe da Fundación 10 de Marzo pola súa contribución á construcción das Comisións Obreras e á conquista das liberdades. Hoxe vive en Ferrol, mantén os principios

TESTEMUÑOS

Celebrando a saída
do cárcere



que guiaron a súa vida: «... *sigo siendo comunista y pagando la cuota, pero no milito, soy muy mayor; eso queda para los jóvenes...*»; reflexiona criticamente respecto do socialismo «... *pero de todas formas creo que era un sistema más justo que el sistema capitalista...*». Móstrase orgulloso do seu paso pola Bazán e da súa formación como traballador, e percíbense áinda as pegadas daquela «cultura bazanera» na súa personalidade, da que emanen a coherencia e o talante que caracterizaron o seu labor como dirixente das Comisións Obreiras.

Cando recupera a súa propia memoria histórica, faino mirando para o pasado co distanciamento suficiente como para non sentir rancor polos seus represores persoais, como o comandante Fraguella, ou por aqueles dos seus compañeiros de loita polos que se sente maltratado: «... *al comandante Fraguella lo encontré en Santiago... y no le dije nada, lo miré con mucho desprecio, creo que yo no siento odio por nadie, yo no soy rencoroso, puedo sentir desprecio, odio no, no pierdo el tiempo, no siento yo ese sentimiento, desprecio si y cuando sientes ese desprecio por alguien y me convenzo de que no hay nada que hacer, lo borro ... gente que incluso tuve relación con ellos en la lucha sindical y me di cuenta de que jugaban sucio, me pareció indigno su comportamiento, llegué a despreciarlos, pero odio no...*».

Non concede excesiva importancia ao seu papel como máximo dirixente da organización máis importante do antifranquismo en Galicia, e mesmo desmitifica o valor do paso polo cárcere: «*allí no se vive, ves cosas que son duras de ver, ves la injusticia... me sirvió para conocer a las personas. Hay quien dice que la cárcel es la universidad de la lucha, la universidad de los cojones, aprendes más en una movilización obrera que en cuatro años en la cárcel, claro que te ayuda cuatro años a tu formación y las clases, y las situaciones difíciles... formándote estás toda la vida desde que naces hasta que te mueres... lo pasas fatal... es la universidad de la nada*».

E cando revive o seu percorrido vital fai unha valoración persoal desapaixonada, admirativa respecto á contribución das mulleres dos traballadores: «... *las mujeres participaron desde el primer momento. Mi misma mujer se integró en la lucha y fue comunista, y de aquella ser comunista era luchar, era participar, ir de un sitio a otro, recorrer las cárceles y fue muy valiente*». Pero tamén é consciente dos problemas que xeraba aquela militancia clandestina e as consecuencias que tivo para a súa vida familiar: «... *Mi peaje personal fue duro, la muerte de mi hijo, mi padre, no estoy arrepentido, alguien tenía que hacerlo y me tocó a mí, pero, si, el peaje fue duro... llevó la*



Tomás Tueros,
Eduardo Saborido,
José Luis López Bulla
e Manuel Amor Deus

contradicción a mi vida personal que se rompió».

O único reproche que sae da súa boca ten un sentido colectivo e refirese tanto á falta de recoñecemento institucional en relación coa memoria histórica dos antifranquistas como ao escaso apoio electoral que recibiron os comunistas en Galicia despois de décadas mantendo coa súa loita e esforzo a chama da liberdade e da democracia, pois para el, mentres que os policías torturadores recibiron medallas ao mérito policial e os xuíces seguiron promovendo nas súas carreiras, os militares e a Igrexa non pediron perdón pola súa colaboración na represión: «... *hay cosas que duelen y a las víctimas nada, ni siquiera oye, perdón, fue un error de la historia..., el trato que se le dio a los comunistas gallegos fue bestial... Los presos y represaliados políticos de Galicia aun no hemos recibido ningún tipo de satisfacción... claro como va a hacerlo Fraga Iribarne que es el Presidente de la Xunta de Galicia y es un fascista que participó con el franquismo en la represión de los trabajadores y le siguen votando... Cuando tú luchas y cuando creo que lo das todo sin esperar nada a cambio a nivel personal, porque es necesaria la lucha, la libertad... Ahora parece que es lo mismo tener dignidad que no tenerla».⁴²*

NOTAS:

¹ Testemuño de Manuel Amor Deus, 2004. Fondo *Biografías obreras*, Archivo Historia del Trabajo-Fundación 1º de Mayo, Madrid. Existe copia en DVD no Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia-Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela. Este testemuño é a principal fonte documental para a elaboración deste texto.

² *Ibidem*.

³ *Ibidem*. Para as condicións de traballo na Bazán, véxase José Gómez Alén, *As Comisións Obreiras de Galicia e a conflictividade laboral durante o franquismo*, 1995, páxs. 70-74. Tamén as Actas do Comité de Seguridade e Hixiene de Bazán, anos 1960-1964 no Arquivo do Comité Empresa Bazán, Ferrol, onde se reflecten as reclamacións constantes dos traballadores de luvas de lona, lentes e máscaras de soldar, cascos, calzado e roupa de auga, calzado especial illante, reparación de estadas, calefacción etc.

⁴ Testemuño de Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

⁵ *Ibidem* e Rodolfo Serrano e Daniel Serrano, *Toda España era una cárcel. Memoria de los presos del franquismo*, 2002, páxs. 159-160.

⁶ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

⁷ *Ibidem*. O conflito de Pysbe tivo a súa orixe no intento da empresa de imponer preto de trescentos despedimentos, a maioría mulleres, e que as mobilizacións canalizadas polos militantes do Partido Comunista e das Comisións Obreiras lograron impedir, en José Gómez Alén, 2005, o. c., 101.


⁸ Testemuño Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

⁹ *Ibidem*.

¹⁰ Para o aparato de prensa clandestina en Ferrol, véxase a edición facsímile *10 de Marzo. Órgano de las Comisiones Obreras de El Ferrol*, 1999, edición a cargo de Guillermo Llorca Freire.

TESTEMUÑOS

Manuel Amor Deus
e Xesús Redondo Abuín
no cárcere



¹¹ Testemuño de Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

¹² Francisco González Vidal, *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano*, 1999, pág. 187. Os conflitos de Peninsular Maderera poden seguirse en José Gómez Alén, 1995, o. c., páxs. 136-140, e no documento «Treinta y siete días de lucha en el Ferrol. La gran batalla de Peninsular Maderera», en José Gómez Alén e Víctor Santidrián Arias, *História de Comisións Obreiras de Galicia nos seus documentos*, 1996, páxs. 142-150.

¹³ Manuel Amor Deus en *1.ª Jornadas del Movimiento Obrero en las Nacionalidades Históricas*, director Manuel Tuñón de Lara, 1979, 94, e en José Gómez Alén, 1995, o. c., 117.

¹⁴ *Criterios ante una posible situación conflictiva*, Ministerio de Trabajo, 1971, en AHCCCOOG-Fundación 10 de marzo. Legado Santos Costa Barroso.

¹⁵ Documento preparatorio da II Asemblea Nacional das CC.OO. de Galicia, 1971 e Declaración da II Asemblea Nacional de CC.OO., 1971 en AHCCCOOG-Fundación 10 de Marzo e *Nuestra Bandera*, n.º 67, 1971.

¹⁶ José Gómez Alén, 1995, o. c., 143.

¹⁷ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

¹⁸ Acta Jurado de Empresa Bazán, 4, novembro de 1971, en Arquivo Comité Empresa Bazán. Ferrol.

¹⁹ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

²⁰ Un estudo en profundidade deste conflito laboral, en José Gómez Alén e Víctor Santidrián Arias, *O 10 de Marzo. Unha data na Historia*, 1997.

²¹ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

²² *Ibidem*.

²³ *Ibidem* e Manuel Amor Deus, en *10 de Marzo de 1972*, documental, 1997, véxase tamén *O sal da terra. Unha historia do sindicalismo galego*, documental, 2000.

²⁴ Manuel Amor Deus, en Rodolfo Serrano e Daniel Serrano, 2002, o. c., 167.

²⁵ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

²⁶ *Ibidem* e Rodolfo Serrano e Daniel Serrano, 2002, o. c., 171.

²⁷ *Ibidem*, 180-181.

²⁸ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

²⁹ Rodolfo Serrano e Daniel Serrano, 2002, o. c., 185.

³⁰ *Ibidem*, 189-190.

³¹ *Os 23 de Ferrol ós traballadores e ó Povo Galego*, 6 de xuño de 1975. AHCCCOOG-Fundación 10 de Marzo, legado Santos Costa.

³² *La Voz de Galicia*, 2 e 4 de xullo de 1975.

³³ *El Ideal Gallego*, 7 febreiro de 1976.

³⁴ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

³⁵ *Ibidem*.

³⁶ *Gaceta de Derecho Social*, outubro de 1977.

³⁷ Manuel Amor Deus, 2004, o. c.

³⁸ *Ibidem*.

³⁹ *Ibidem*.

⁴⁰ *Ibidem*.

⁴¹ *Ibidem*.

⁴² *Ibidem*.



AMNISTIA AMNISTIA AMNISTIA AMNISTIA AMNISTIA

© JUAN GENOVÉS, VEGAP, A CORUÑA, 2005

Dezeme nº 10. 2005. ISSN 1576-4044. Páxs. 61-62.

O ABRAZO DE JUAN GENOVÉS

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ

Juan Genovés, *O abrazo*, 1976
Acrílico sobre lenzo, 150 x 200 cm
Museo Nacional Centro de Arte
Reina Sofía

O abrazo é unha pintura na que o autor, Juan Genovés, representou o encontro de dous grupos de persoas nun espazo indeterminado; todas elas son homes mozos e adultos, agás a muller situada á nosa dereita. Mentre que algúns deles se xuntaron nun forte abrazo, outros están a piques ou se aprestan a facelo. O grupo que nos dá as costas, ao que pertence a muller, inté-

grano sete figuras, mentres que o outro fórmano nove. A disposición das figuras do primeiro que penetran en cuña cara ao fondo, concédelle más importancia ca ao segundo, acentuada polo movemento das gabardinas e chaquetas dos homes e as pregas da saia da muller.

A identificación dos personaxes é imposible, xa que só se aprecian tres rostros de forma incompleta; co que as mans, especialmente as situadas derredor e diante do mozo que constitúe o eixe vertical da composición, adquieren protagonismo, malia ser só dez e corresponderen a oito persoas.

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ
HISTORIADOR

O colorido homoxéneo de todos os personaxes e o tratamento plano e aséptico do acrílico acentúan a falta de elementos de individualización dos participantes nese acto do abrazo colectivo, plasmado polo artista coma se se tratase dun acontecemento do que quixo fixar unha imaxe para dar testemuño —case fotográfico— do sucedido.

Quen contempla este cadro sente irremediablemente unha empatía coa realidade do acto, tanto ao rememorar momentos similares vividos, como, sobre todo, pola falta de trazos persoais e dun espazo concreto. Emporiso, a vestimenta e os peiteados infórmannos de que posiblemente se trate dun espazo urbano nun tempo xa pasado, mais non remoto.

Ata aquí limitámonos a describir e interpretar a pintura coma se non soubésemos máis nada do cadro e do artista, e menos ainda das circunstancias en que se pintou, polo que a lectura política aínda non apareceu. Chegamos ao momento de facela.

Nos derradeiros anos da ditadura franquista, os artistas, igual que fixeron outros sectores da cultura, participaron activamente na política. Ademais de estaren presentes en todo tipo de actos, moitos artistas aumentaron a carga política das súas obras. Así, as diferentes formas de realismo social e político reforzáronse. O pintor Juan Genovés, moi comprometido coa loita antifranquista, pintaba desde a década dos sesenta series de cadros de figuras humanas dunha intención política innegable, dos que as dedicadas ás manifestacións (neles, as multitudes de pequenas figuras humanas corrían ou fuxían nun espazo neutro, ás veces vistas como a través da mira dunha arma de fogo) foron as mellor acollidas polas forzas de oposición ao franquismo, de xeito que as súas pinturas, nas que «el espacio del miedo» (como dixera o seu amigo Josep Renau) se facía presente, convertérónse en símbolos daquela loita.

Nos anos setenta pintou cadros con menos figuras sobre fondo branco que ocupaban case toda a superficie da pintura. As mensaxes foron cada vez más explícitas

(*Baixo arresto*, 1973; *Sobre a represión política*, 1973; *Os ollos vendados*, 1975, etcétera) e dramáticos.

O abrazo, pintado en 1976, polo tanto despois da morte do ditador Francisco Franco, mesmo sendo un dos seus cadros menos dramáticos é un dos más coñecidos porque foi moi divulgado pouco despois de pintalo, ao convertelo o seu autor nun cartel para pedir a amnistía dos presos políticos, engadindo sobre o fondo inferior esa palabra, repetida cinco veces e escrita en maiúsculas con letras de imprenta, polo tanto carentes de trazos persoais, co que se incrementaba o destino do lema dirixido a todos os españoles. Como consecuencia da creación dese cartel, feito por encargo da Xunta democrática, unión de forzas e partidos de esquerda capitaneada polo Partido Comunista de España, o seu autor foi encarcerado unha semana en réxime de incomunicación, así que foi un máis dos milleiros de españoles que sufrieron a represión no tardofranquismo e nos comezos da transición democrática. Naqueles momentos o cadro foi interpretado tamén como símbolo da «política de reconciliación nacional» propiciada polo Partido Comunista de España —ao que pertencia o autor—, legalizado o 9 de abril de 1977.


Co coñecementos destes datos, podemos saber que o cadro representa o momento en que os familiares e amigos reciben os excarcerados pola amnistía —primeiro parcial por decreto do Consello de Ministros en xullo de 1976 e, ante as grandes mobilizacións de protesta, ampliada en marzo do ano seguinte—, e a muller convértese na nai, esposa, noiva, amiga ou irmá dalgún dos presos, manténdoa no seu papel tradicional, co que —no cadro— a participación feminina na loita política redúcese a un cometido máis testemuñal ca activo, ao contrario do ocorrido na realidade daqueles anos.

A partir da súa conversión nun dos emblemas principais da transición política, o cadro foi moi reproducido en multitude de folletos políticos e sindicalistas de esquerda, incluso ata vinte e cinco anos despois.

ESCOITA, OBSERVA, ACARICIA...
A CULTURA, UN PRACER PARA
TÓDOLOS SENTIDOS.
NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
TRABALLAMOS PARA DARLE Á CULTURA
A IMPORTANCIA QUE SE MERECE.
E, SOBRE TODO, PARA QUE SEXA UN
PRACER Ó ALCANCE DE TODOS.
PORQUE É TÚA E FORMAS PARTE DELA.



É túa.
Traballa
para ti.



DEPUTACION
DA
CORUÑA



UN CONCEPTO

Memoria e esquecemento: diversidade conceptual

GLORIA BAYONA FERNÁNDEZ

Amemoria emerxeu como obxecto mesmo de historia e, desde hai un decenio, unha historiografía en pulo pon de relevo a súa actualidade debido ao influxo das correntes posmodernistas e ao desexo da recuperación dos suxeitos (protagonistas da historia).

A memoria exerce no suxeito (historiador, produtor do coñecemento historiográfico) unha función moi importante xa que actúa como depósito de experiencias, informacións e coñecementos que poden converter en obxecto da súa tarefa profesional como provisión documental, selección de temas ou dirección interpretativa dos feitos ou procesos históricos; pero a memoria é, así mesmo, un depósito compartido, podéndose dicir que é un ben socializado e, xa que logo,

debe intervir como orientador da práctica historiográfica, achegando información e experiencias, suscitando cuestións, esperando respuestas, esixindo reparacións ou confirmando simplemente a presenza dos individuos e dos grupos nos acontecementos sociais e os procesos históricos.

Na memoria existen, pois, dous niveis: un, individual e exclusivo de cada persoa, que constitúe o seu núcleo fundamental e máis íntimo e onde se gardan as claves da súa traxectoria persoal; pero todas as nosas experiencias e coñecementos adquirímoslos ou teñen un alto compoñente social, así que a maioría das nosas lembranzas poden ser en boa medida compartidas. O segundo nivel é o da memoria colectiva, que se comprende

pola sociabilidade natural das persoas e polo feito de compartiren experiencias, coñecementos e procesos sociais de todo tipo. Estes dous niveis da memoria e a estreita conexión que hai entre eles lévanos de maneira ineludible á análise sobre a relación existente entre a persoa e a sociedade e, daquela, entre a memoria individual e a memoria colectiva.¹ Porque é un asunto de particular importancia a dimensión social da memoria. É dicir, o feito de que esta facultade, en canto transcende as potencias do individuo illado ten, polo mesmo, variadas determinacións sociais. Dunha banda a memoria sempre inclúe os demais; doutra, en efecto, é tamén un presuposto da actividade social. No plano antropolóxico e sociolóxico, ao tempo que a memoria actúa como soporte fundamental da temporalidade, destaca tamén como un compoñente imprescindible na construcción das realidades sociais.

Entón, desde o punto de vista da análise dos comportamentos sociais, tanto a socioloxía ou a antropoloxía como, xaora, a historiografía, teñen na memoria un amplio campo de exploración. É xustamente o interese por esa memoria social, na súa particular especificación de *memoria histórica*, o que esperou un crecente interese na historiografía contemporánea e contemporaneísta, sobre todo en relación coas posibilidades da historia oral, da historia dos testemuños vividos, tanto no seu aspecto de historia (apoiada por fontes orais), como o tipo máis estruturado baseado na exclusividade do testemuño oral que conforma unha percepción propia da historia presente.²

A expansión da investigación sobre a memoria non supón, porén, unha delimitación clara do concepto ou dos seus contornos e posibilidades. Para H. Rousso é a presenza clara do pasado ou, máis concretamente, «unha reconstrucción psíquica e intelectual que comporta de feito, unha representación selectiva do pasado. A súa definición como “lenta acumulación colectiva e espontánea de todo o que un grupo social puido vivir en común”, corresponde máis ao concepto con-

creto e restrinxido de memoria colectiva».

Podemos definila, con G. Namer, como memoria dun grupo social real (histórico), na que os acontecementos de referencia da memoria individual adquiren un sentido.

Segundo a propia práctica en materia de memoria colectiva, cada autor propuxo unha clasificación diferente. A clasificación inicial de M. Halbwachs foi completada, en moitos casos, con experiencias posteriores de historiadores como R. Frank, M. C. Lavabre e os xa mencionados G. Namer ou H. Rousso entre outros.³

A memoria colectiva é na medida en que está vinculada, ancorada nun grupo concreto, co que comparte espazo e tempo.

A experiencia da memoria colectiva reconstrúe o pasado, asegura unha unificación del e das memorias anteriores do grupo. É concreta e afectiva e proporciona a experiencia da cohesión de tempos e espazos e do seu sometemento a unha orde. Achega unha especie de marco de totalidade con sentido, que completa o da memoria individual. Totalidade de sentido e coherencia que presentan a memoria colectiva como a experiencia dun centro organizador, o principio dunha institución ou a visión do mundo dun grupo.

A experiencia da memoria colectiva está, pois, organizada por unha lóxica social de significación e de avaliación que relaciona os recordos.⁴

A súa característica esencial consiste en ser normativa. Non proporciona só imaxes do pasado; actúa asemade como exemplo e como ensinanza, como memoria exemplar para o propio grupo portador. E, aínda que integrada por feitos datados e por experiencia vivida, a súa condición de normativa e de simbólica sitúa a fóra do tempo. Non se limita só a experiencias, constitúe e utiliza símbolos que remiten a un significado.

A experiencia individual e o propio recordo é un recordo intelectual e consolídate nunha imaxe xenérica que traduce unha noción social, intermedia entre o propio recordo e o concepto. Entre os caracteres da memoria pódense distinguir, polo menos,

dous mecanismos. Un, o ‘proceso de globalización’ que, mediante a fixación selectiva dos recordos, constrúe unha imaxe xenérica; imaxe que levará asociada unha noción. Un mecanismo subseguiente é o da ‘simbolización’, polo que unha imaxe determinada permite invocar un xuízo. Mediante estes mecanismos, a memoria colectiva é evocación e conmemoración de feitos históricos pasados, á vez que conmemoración dela mesma no proceso de repetición.

Malia as mutuas e inevitables interferencias, ‘historia’ e ‘memoria’ son dous conceitos perfectamente diferenciados que aluden respectivamente ao obxectivo e o subxectivo do acontecemento. A. Reig Tapia sinala que é na práctica onde a confrontación entre historia e memoria se fai patente, dificultándose o traballo historiográfico. Intenta delimitar as dificultades, cando no obxecto de estudio histórico (obxectivo) poida interferir a propia memoria (subxectiva).

Unha cousa é a realidade empírica científicamente verificada e outra a conciencia persoal que se teña do sucedido. A Historia é unha ciencia social, pero tamén é unha conciencia que fai parte das vivencias do individuo, informa a súa memoria e mais a memoria dos colectivos, memoria colectiva.⁵ P. Nora levou a cabo un ambicioso proxecto de reconstrucción da historia da memoria colectiva francesa.⁶ Cuesta Bustillo, que realiza unha evolución desde os anos setenta de historia e memoria, indica que P. Nora será quen introduza o concepto de ‘memoria’ da man de Historia do Presente no curso 1977-1978 en L’Ecole des Hautes Etudes en Ciencias Sociales.⁷

Logo seguirón esa mesma dinámica do investigador francés outros países como os Estados Unidos, Gran Bretaña, Israel... Jacques Le Goff considera que «La memoria ha constituido un hito importante en la lucha por el poder conducida por las fuerzas sociales» e destaca que «una de las máximas preocupaciones que dominaron y dominan las sociedades históricas ha sido apoderarse de la memoria y también del olvido [...]».⁸ Non

obstante e malia as ‘políticas da memoria’ que pretenden fixar unha determinada imaxe do pasado, a súa representación con novas informacións recibidas ou elaboradas a través da investigación poden ser modificadas, non tendendo un manto de silencio sobre os feitos vividos, senón que, pola contra, a través dessa indagación en profundidade, se aclaran aqueles enfantánanos ao pasado.

Para a comprensión da temporalidade histórica, son numerosos os autores que teñen destacado o valor do concepto de ‘xeración’.⁹ O presente histórico está constituído por aquelas xeracións que se solapan sucesivamente, xerando unha cadea de transmisión de acontecementos que son recoñecidos como ‘o seu’ pasado, aínda cando non todos os experimentaran directamente. É a noción que François Bédarida ten precisamente de ‘tempo presente’ como o tempo da experiencia vivida polas diversas xeracións que coexisten nun determinado momento histórico (Julio Aróstegui inclínase más polo termo de ‘coetaneidade’).

Pero a experiencia vivida non só atinxe o que os suxeitos coñeceron directamente de forma individual, senón que unha parte fundamental dessa experiencia recibe como membro de diversos grupos sociais de pertenza e de referencia, non se tratando simplemente dunha tradición, dunha invención do pasado, senón da existencia de diversas memorias históricas colectivas.

Un grupo, un acontecemento vivido en diversos espazos ou por diversos grupos sociais, orixina múltiples e diversos recordos e poden condensarse en diferentes memorias. A experiencia vivida colectivamente non só atinxe o individuo (memoria autobiográfica) senón que unha parte importante dessa experiencia a recibe o dito individuo como membro dun grupo determinado unido polas mesmas aspiracións sociais e de convivencia. É dicir, ese membro dun determinado grupo comparte unha memoria histórica específica con outros da súa mesma clase social. Supón reconstruir a historia da memoria histórica non só como fonte, senón como obxecto de

investigación en si mesma, é facer unha historia da memoria colectiva. Resulta necesario, non obstante, diferenciar o concepto de ‘memoria histórica colectiva’ respecto á noción de ‘depósitos de memoria’. A memoria histórica colectiva refírese só a aqueles feitos, ideas e personaxes do pasado que teñen influencia no presente ou durante un período concreto da traxectoria desa agrupación. O afiliado a asociacións de partidos ou sindicatos pertence a un determinado grupo xeracional cuxos heroes consagrados, linguaaxe e sociabilidade o distinguen doutros

grupal, fenómeno dunha importancia central no desenvolvemento teórico da ciencia social, que se apoia sobre un concepto igualmente decisivo, o de ‘norma grupal’, sen cuxo concurso sería imposible entender boa parte da dinámica grupal.¹¹ Non hai memoria universal, escribiu Halbwachs, «toda memoria colectiva é sostida no espazo e no tempo por un grupo específico»... avogando por unha supremacía social, política e psíquica sobre o individual.¹² A memoria individual aliméntase da memoria histórica da colectivididade, é máis a condición de alimento



grupos da mesma colectivididade; é dicir, ese membro dun determinado grupo comparte unha memoria histórica específica con outros militantes do seu mesmo grupo xeracional.

Esa memoria histórica común é un componente da cultura política.¹⁰ Isto significa que dentro dunha mesma formación ou, de xeito máis amplio, dunha familia política, poden coexistir diversas culturas políticas, atendendo non só á extracción social, a fracción ou a ideoloxía, senón á pertenza a diversos grupos xeracionais. O grupo é o primeiro dos afluentes da memoria. A. Blanco dá conta de como a memoria individual ten por forza como marco de referencia a estrutura

mutuo existente entre as memorias individual e colectiva, a segunda dá xerado procesos de revisión autobiográficos, de modificación da lembranza da experiencia vivida.

A memoria colectiva, volvendo de novo a Halbwachs, é unha construcción e reconstrucción intersubxectiva dun determinado feito social, «non hai conservación de imaxes na memoria, senón unha reconstrucción levada a cabo de maneira intersubxectiva e compartida» e, como ten destacado Ricoeur, o historiador é unha parte da producción, unha parte da construcción desa memoria colectiva.¹³

Doutra banda, a memoria (individual ou colectiva) non se constrinxe á capacidade de

recordar, de traer ao presente evocacións e lembranzas, senón que alcanza tamén a de esquecer na súa función selectiva. A memoria como capacidade de lembrar ten a súa contraimaxe na capacidade de *esquecer*. O esquecemento non é de xeito ningún unha deficiencia da actividade mnemónica, senón ao contrario, unha das súas funcións. O silencio e o esquecemento exercen un papel moi importante no mantemento das vivencias e ocupan un lugar relevante na reproducción social e na plasmación do discurso histórico.¹⁴ O esquecemento, xunto da memoria, comeza a ser considerado como obxecto de historia.¹⁵

O esquecemento, igual cá memoria, é unha facultade da vontade e por iso pódese querer recordar como se pode querer esquecer. Ambas as operacións non son contrarias, senón complementarias. Pero da mesma maneira que só se pode lembrar aquilo que se coñece, só se quere esquecer o que se lembra, o que deixou unha pegada perdurable. Poder querer esquecer non é de xeito ningún sinónimo de amnesia, non é carecer do rexistro do acontecemento. Alguén que sofre amnesia non lembra e dise del que esqueceu; nese sentido, esquecer é deixar de ter na memoria ou no afecto algo previamente rexistrado. Cando un quere esquecer conscientemente é porque o recordo segue vivo, porque conserva o rexistro do sucedido: ningún quere esquecer aquilo do que non se acorda. Botamos no esquecemento cando o que se trata de afirmar é a vontade de que algo sucedido no pasado, un doloroso recordo, non se quere conservar vivo. Pero cando por evitar a dor ou por medo a revivir o ocorrido, non se permite aflorar a súa acordanza, entón o pasado fica oculto, censurado, rexeitado ao plano da inconsciencia.

Emporiso, as pegadas do pasado, por ben traumáticas que sexan, permanecen no presente sometidas ás reinterpretacións que impón o paso do tempo, a acumulación de novos coñecementos e vivencias e a aparición no debate público de novas xeracións ás que se lles evitaron sufrimentos. Estas novas

xeracións enfróntanse ao pasado con outra mirada. Para elas, o sentido do pasado non pode ser o mesmo que para as súas inmediatas predecesoras. A súa memoria non será unha reflexión sobre feitos vividos nin proxectos derivados dunha experiencia persoal ou colectiva.

A posibilidade de que os acontecementos do pasado poidan ser reinterpretados decote, abre un amplo campo á vontade individual e á decisión política. Podemos decidir manter o recordo dun feito, avivalo cando esvaeza, rescatalo cando semelle que se afasta, como tamén decidir esquecelo. Pero esquecer voluntariamente non é posible a non ser que se traia á memoria aquilo que se quere esquecer, e iso é o que ocorre cando unha sociedade decide dar ao esquecemento un período da súa historia.

Unha sociedade non poderá dar a esquecemento un pasado se non o lembra con claridade, se carece da conciencia do que ese pasado foi, se o deixou caer no esquecemento.

Santos Juliá, verbo de temas da guerra civil e a ditadura e tras se producir un ‘pacto de silencio’ na transición, considera que non houbo esquecemento, é máis, non se deixou de falar deses temas, denominando ‘falsa’ a historia do ‘silencio espeso’.¹⁶ Pacto de silencio onde as elites políticas acordarían supostamente deixar de mencionar o pasado nos acordos políticos para así evitar que se repeteira. O non recordatorio serviría para non o teren como modelo os actores da transición posfranquista.¹⁷

Un bo número de iniciativas tomadas daquela tiveron como trasfondo o recodo da República e da guerra civil nun contexto de mobilización nada amnésico e moito menos pacífico do que unha falsa imaxe posterior quixo presentar: un país desmemoriado e desmobilizado naqueles anos.

Paloma Aguilar Fernández demostrou que o pacto feito na transición constitúe un concepto problemático no que non se distinguen claramente unha serie de cuestións fundamentais. Primeiramente, cumpriría

distinguir entre o que pasou nas esferas política, social e cultural, xa que o pacto non tivo a mesma implantación en todos os ámbitos. Ademais, a distinción entre a memoria da guerra civil e a do período franquista sería moi importante porque unha e outra xeran niveis de consenso ben desemellantes.

O pasado, particularmente o da guerra civil, estaba de feito moi presente nas esferas cultural e social, e o alcance do ‘pacto de silencio’ estaba en gran medida limitado ao campo político.

A raíz destas consideracións, esta historiadora suxire que o pacto se especificou como un «acordo tácito» entre as elites parlamentarias para non instrumentalizar politicamente o pasado. Acordo tácito selado durante a transición para esquecer os crimes da guerra civil e a represión franquista conseguinte á vitoria, co fin de evitar o risco desestabilizador para o novo réxime democrático que suporía todo o que puidese alentar a petición de responsabilidades e o axuste de contas por condutas pasadas.¹⁸ Porque en palabras de Schwan, «es en ese olvido donde radica la oportunidad de construir un nuevo consenso democrático».¹⁹

A memoria histórica continuou sendo un factor decisivo na toma de decisións durante o período democrático. Tanto o

deseño estratégico como a metodoloxía que se pactou para facelo viable reflecten o diagnóstico que se fixo de cales foran os grandes problemas e erros da España contemporánea. O discurso político da transición, incompatible cos argumentos que a ditadura utilizara para lexitimarse, porén, ao practicar o consenso e o acordo pactado, deixaron o terreo libre para a transmisión na esfera do inconsciente, das mentalidades colectivas.²⁰

En definitiva, a memoria entendida como a máis potente e vital ligazón da experiencia do pasado e o maior resorte para a súa conservación, situouse praticamente no centro das más reiterativas reivindicacións culturais actuais, de forma que pode pensarse que, baixo a forma de memoria colectiva especialmente, é unha nova valoración da función e a importancia da memoria como definidora de pautas culturais. Pero tal cultura da memoria, polo demais, non restrinxé o ámbito da súa expansión a ese afán pola recuperación do pasado, senón que abrangue igualmente a impregnación das perspectivas temporais pola fixación do tempo vivido e tamén polas funcións do esquecemento. A expulsión da memoria de determinadas pasaxes dela ten tanta significación como a súa conservación.²¹



NOTAS

- ¹ Glicerio Sánchez Recio, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 3 (2004), 9-10.
- ² No Arquivo Histórico de CC.OO. de Cataluña, abriuse en 1995 unha sección de Fontes Orais para recuperar a memoria histórica, para o que se utilizaron máis de cen testemuños. O título do proxecto é *Biografías obreras, Fuentes orales y militancia sindical (1939-1978)*, coordinado por C. Borderias e J. Tébar; non se reduce a unha historia do movemento sindical senón á «memoria» deste movemento: o modo como se orixinou esa historia na memoria individual e colectiva, os valores e a cultura sindical e política que isto implica así como o sentido que lle conferiron os seus militantes. Esta formulación leva consigo atender tanto o intento de reconstrucción do movemento sindical como a representación que os militantes puideron facer do dito movemento e, polo tanto, á construcción da memoria de tal movemento nos seus aspectos políticos, culturais e simbólicos.
- ³ Henry Rousso: «L'histoire du temps présent, vingt ans après», *BHITP*, 75 (2000); Robert Frank, «La memoire et l'histoire», *Cahiers IHTP*, 2 (1992).
- ⁴ Josefina Cuesta Bustillo, *Historia del Presente*, Madrid, Eudema, 1993, pág. 50. Da mesma autora, «Historia, memoria y tiempo presente», *Historia Nova*, 1 (1998).*
- ⁵ Josefina Cuesta, «De la memoria a la historia», en Alicia Alted Vigil, *Entre el pasado y el presente. Historia y memoria*, Madrid, UNED, 1995, páxs. 55-92; T. Butler (ed.), *Memory: history, culture and the mind*, Oxford, U. K., B. Blackwell, 1989; Julio Aróstegui, *La investigación histórica: teoría y método*, Barcelona, Crítica, 1995; Eric Hobsbawm, «El presente como historia», *Sobre la historia*, Barcelona, Crítica, 1998, páxs. 230-241; M.ª Inés Mudrovic, «Algunas consideraciones epistemológicas para unha Historia del Presente», *Hispania Nova*, 38 (1998); Pieter Lagrou, «De l'actualité de l'histoire du temps présent», *BIHTP*, 75 (2000); E. Jenin, *Los trabajos de la memoria*, Madrid, Siglo XXI, 2002; A. Huyssen, *En busca del futuro perdido. Cultura y memoria en tiempos de globalización*, México, F. C. E., 2002.
- ⁶ Pierre Nora, «La aventura de Les lieux de mémoire», *Ayer*, 32 (1998), 18-34.
- ⁷ Josefina Cuesta, «Memoria e historia. Un estado de la cuestión», *Ayer*, 32 (1998), 204-223; Pierre Nora: «Memoria colectiva», en Jacques Le Goff, R. Chartier e J. Revel (dirs.), *La Nueva Historia*, Bilbao, Mensajero, 1998, páxs. 455-459.
- ⁸ Jacques Le Goff, *El orden de la memoria*, Barcelona, Paidós, 1991.
- ⁹ Sobre a evolución xeracional da memoria histórica da sociedade, cómpre destacar a David Lowenthal, *The Past is a Foreign Country*, Cambridge, Cambridge University Press, 1985 e Paul Connerton,
- ¹⁰ Abdón Mateos, «Historia, Memoria y Tiempo Presente», *Hispania Nova* (1998) 1-7, defende que a clave para aplicar os presupostos teóricos da nova historia política do tempo presente reside na noción ‘memoria histórica’.
- ¹¹ Amalio Blanco, «Los afluentes del recuerdo: la memoria colectiva», en J. M. Ruiz Vargas (comp.), *Claves de la memoria*, Madrid, Trotta, 2000.
- ¹² Maurice Halbwachs, *La memoire collective*, París, Albin Michel, 1997.
- ¹³ Paul Ricoeur, *Ecrire l'histoire du temps présent*, París, CNRS, 1993, páxs. 35-42.
- ¹⁴ Y. Yerushalmi, «Usos del olvido», en Y. Yerushalmi e outros, *Usos del olvido*, Bos Aires, Ediciones Nueva Visión, 1989.
- ¹⁵ Paul Ricoeur, *La lectura del tiempo: memoria y olvido*, Madrid, Arrecife, Universidade Autónoma de Madrid, 1999, e *La memoire l'histoire l'oubli*, París, 2000.
- ¹⁶ Santos Juliá, «Echar al olvido. Memoria y amnistía en la transición», *Claves de la razón práctica*, 129 (2003), 14-24.
- ¹⁷ Francisco Espinosa, «Historia, memoria y olvido: la represión franquista», en Arcángel Bedman (ed.), *Memoria y olvido sobre la guerra civil y la represión franquista*, Lucena, Concello de Lucena, 2003.
- ¹⁸ Paloma Aguilar Fernández, *Memoria y olvido de la guerra civil española*, Madrid, Alianza, 1996, e «Presencia y ausencia de la guerra civil y del franquismo en la democracia española. Reflexiones en torno a la articulación y ruptura del pacto de silencio», en Julio Aróstegui y François Godicheau (eds.), *Memoria e Historiografía de la guerra civil (1936-1939)*, Madrid, Marcial Pons, 2003; Javier Rodrigo, «Los mitos de la derecha historiográfica. Sobre la memoria de la guerra civil y el revisionismo a la española», *Historia del Presente*, 3 (2004), 1-9; Gonzalo Pasamar, «Los historiadores y el uso público de la historia: Viejo problema y desafío reciente», *Ayer*, 49 (2003), 221-248; Enrique Moradiellos, «Un incómodo espectro del pasado: Franco en la memoria de los españoles», *Pasajes*, 11 (2003), 5-10; Alexandra Barahona de Brito, Paloma Aguilar e Carmen González (eds.), *Las políticas hacia el pasado. Juicios, depuraciones, perdón y olvido en las nuevas democracias*, Madrid, Istmo, 2002; Conchita Mir, «El estudio de la represión franquista: una cuestión sin agotar», *Ayer*, 43 (2001), 11-32.
- ¹⁹ Gesine Schwan, «La idea de punto final. Memoria, olvido y democracia», *Pasajes*, 3 (2000).
- ²⁰ Julio Pérez, *Pasado y memoria*.
- ²¹ Julio Aróstegui, *Pasado y memoria*.

O FRANQUISMO E O MUNDO RURAL

JAVIER TÉBAR HURTADO¹

A principios da década dos cincuenta, a ditadura franquista comezaba a reorientar a súa política de intervención. Había tempo que era evidente o fracaso estrepitoso do proxecto autárquico do réxime. Aínda estaban presentes as longas colas diante os establecementos onde se acudía coas cartillas de racionamento, un sistema que non desapareceu ata 1954. O seu corolario era a actividade do «estraperlo» nun «mercado negro» extenso e intenso que viña sendo estimulado por diferentes prácticas de corrupción, iniciadas durante a guerra e mantidas, con maior pulo se cabe, ao longo dunha prolongada posguerra.

Josep Pla i Casadevall, no inicio daquela década dos cincuenta, presentaba a súa obra *Els Pagesos*.² O escritor e periodista empordanés comentaba na obra que entón presentaba que «pese a disponer de una conspicua literatura de tema rural de factura naturalista, los labradores de este país, como clase, como manera insobornable de ser, a penas, que yo sepa, han sido explorados» e sorprendíase asegurando que «no lo había nada, que el terreno era virgen».³ Convencido como estaba Pla, dunha forma un tanto peculiar, de que «la historia es el pa de pescic⁴ de la literatura», o autor facía de seu, sen séreno, textos —liña por liña— e reflexións da obra de Josep Maria Rendé, propagandista da acción social agraria de carácter reformista impulsada pola Mancomunidade de Cataluña dende o segundo decenio do século xx.⁵ A afirmación de Pla sobre a «virxindade» do estudo das formas de vida *pagesa* era daquela certa en boa medida, e continuou sendo así durante bastante tempo. Esta situación mudou notablemente grazas á investigación histórica desenvolvida, especialmente ao

longo dos últimos dez anos, nalgúns casos con formulacións de grande ambición e longo percorrido.⁶ Hoxe, e dun tempo para acó, estanse a producir traballos de investigadores e grupos de investigación constituídos en diferentes comunidades autónomas: Galicia, Castela e Castela-A Mancha, Cataluña, Navarra e o País Valenciano. Porén, é posible preguntarse áinda se o franquismo se mostra como unha *fronteira* para a historiografía sobre o mundo rural. As investigacións parecería que indican que deixou de ser así. Pero esta valoración positiva non atinxé determinados ámbitos, os más directamente relacionados con aspectos de carácter político e social:⁷ ¿que hai, por exemplo, sobre as cuestións vinculadas coa organización e o cooperativismo agrarios para o período que vai alén de 1939? Hoxe existe un repertorio de monografías, áinda escaso, de carácter rexional e comarcal, que permitiu avanzar de forma notable no coñecemento do mundo das Irmandades durante a inmediata posguerra, áinda que só para determinadas rexións.⁸ En Cataluña, por exemplo, publicáronse tamén un conxunto de obras que constitúen un bo número de ‘biografías’ de cooperativas, creadas ao abeiro da conmemoración das súas más ou menos longas traxectorias. Emporiso, neste terreo, ao meu entender, o uso do termo *fronteira* áinda é pertinente.⁹ Esvaecerase este límite na medida en que aparezan novos estudos de ámbito rexional ou local. Por outro lado, contar con esa base empírica debería permitirnos formular máis solidamente unha interpretación xeral sobre a organización agraria, a súa institucionalización e funcionamento. Pero talvez cumpra tamén incorporar con maior forza enfoques que permitan comprender —analizando

cara a ‘dentro’ e cara a ‘fóra’ das propias Irmandades—a súa imbricación na política agraria do réxime. Para isto será necesario abandonar un tipo de formulación endóxena e marcadamente política institucional sobre o fenómeno, no que quizais se ten insistido ata o de agora. Trataríase, pois, de dirixir sobre o problema unha ollada máis ampla para o conxunto de institucións e instrumentos de poder conectados ao mundo das Irmandades.

O proceso de contrarrevolución agraria, más alá dunha contrarreforma

A ditadura actuou de forma contundente contra as experiencias revolucionarias iniciadas a partir de xullo de 1936, pero máis alá dos efectos propios da guerra, o «Novo Estado» poña mans á obra para liquidar os cambios propiciados ao longo dos anos trinta polas políticas republicanas de reforma do campo. Tense formulado que esta tarefa supuxo unha «contrarreforma agraria», argumentando que a devolución das terras aos seus antigos propietarios respondera a unha lóxica inversa á que guiaba a reforma agraria republicana, a unha dialéctica que respondía á obra anterior.¹⁰ Aínda que é posible, tal e como afirmou Carlos Barciela, ir más alá do ordenamento legal e as medidas técnicas aplicadas, que limitarían a actuación do réxime a unha resposta fronte ao proxecto republicano, isto pode permitirnos interpretar este proceso como unha verdadeira «contrarrevolución agraria».¹¹ Sobre todo tendo en conta a actuación violenta e a iniciativa persoal de numerosos grupos de propietarios para recuperaren as súas explotacións de forma persoal e directa. Pero ademais, talvez sexa unha redución concibir exclusivamente estes cambios atendendo á súa natureza legal e institucional, é dicir á constitución do Servizo de Reforma Económica e Social da Terra, sobre o cal se levantaría posteriormente o Instituto Nacional de

Colonización. Porque, de feito, este proceso contrarrevolucionario non consistiu unicamente na devolución de terras aos que eran os seus propietarios en xullo de 1936, senón que asemade tamén se repuxo, no fundamental, a Lei de arrendamentos rústicos de 1935, coa lexislación sobre arrendamentos de 1940, que foi modificada en sucesivas ocasións para intentar poñer freo á vaga de desafuzamentos levada a cabo polos propietarios. Pero é que ademais se creou unha nova forma de organización, construíndo o «Sindicato Vertical» en parte sobre o baleiro creado coa represión e a ilegalización dos sindicatos e cooperativas agrícolas de signo republicano e, noutra parte, sobre a continuidade de tradicións, homes e entidades con traxectorias anteriores á guerra.

O poder agrario na provincia de Barcelona: as condicións dun modelo

Na construcción dos sindicatos agropecuarios e máis tarde as Irmandades de Labradores e Gandeiros en Cataluña, participaron de forma activa unha parte representativa de grandes propietarios agrícolas e terratenentes, amais doutro tipo de medianos propietarios. A colaboración na creación da CNS no campo, tanto na provincia de Barcelona, coma nas de Lleida e Tarragona, deuse en gran medida a partir de destacados dirixentes agrarios e de estruturas organizativas preexistentes de carácter autóctono que algúns destes propietarios lideraran. Na creación dos sindicatos do sector do campo participaron as directivas da patronal agraria, o Institut Agrícola Català de Sant Isidro, como a dalgunhas das federacións de cooperativismo agrícolas máis importantes: a Unió de Sindicatos Agrícoles de Catalunya e a Unió de Sindicats i Pagesos de Catalunya. Este é un caso, polo que coñecemos, diametralmente oposto á situación que se produciu en Galicia, segundo os estudos feitos ata o momento, xa que seica no caso galego toda



integración parecería que acabou na destrucción da asociación ou cooperativa afectada;¹² non ocorreu así na Cataluña da posguerra; nela non só non houbo integracións sen destrucción, senón que se produciron directamente reconstitucións coas súa antigas xuntas. Ao parecer en Galicia non se reconstituyó nada da tradición asociativa anterior, é dicir, sufriu una quebra absoluta, ningún elemento directivo foi incorporado ao proceso de creación do mundo dunhas Irmandades que, ademais, sé crearían tras un período de «baleiro» organizativo.¹³

Centrándonos máis polo miúdo no caso da provincia de Barcelona, unha análise sobre a orixe da organización agraria e finalmente as Irmandades, implantadas entre 1939 e 1945, permite establecer dous momentos na súa implantación e desenvolvemento, nos que non existiu baleiro organizativo, senón movementos en diferentes

direccións. A etapa inicial de reorganización agraria e crise, entre febreiro de 1939 e novembro de 1940, caracterizouse polo medo á loita entre diferentes grupos organizados de propietarios. Os obxectivos perseguidos víronse freados pola política gobernativa e a actuación da CNS. O proxecto corporativo do Novo Estado avanzaba a partir da Lei de unidade sindical de xaneiro de 1940. Pórén, co nomeamento de Antonio Federico Correa Veglison como novo gobernador civil (1940-1945), a fins daquel mesmo ano e, posteriormente, como xefe provincial do Movemento, iniciarase unha nova etapa. Deseñouse e executouse un proxecto de política agraria cuxa base foi unha rede de intereses políticos, comerciais e financeiros na que as Irmandades foron unha peza básica. O bloqueo político do Sindicato Vertical por parte da máxima autoridade civil estivo en concordancia co remate da

etapa liderada por Gerardo Salvador Merino como delegado nacional de sindicatos —caído en desgraza o verano de 1941— na que se fixeran propostas de certa *autonomía sindical* e de fortalecemento da CNS.

O modelo que defendemos para o caso barcelonés permite apuntar que ademais dunha identificación co réxime por parte dos terratenentes e propietarios, é moi posible que durante os anos corenta o Novo Estado obtivese o apoio social —por razóns de diferente natureza e non sempre de forma inalterable— tanto de sectores dos pequenos propietarios rurais como de franxas da *pagesia pobre* en Cataluña, como ten mostrado Jordi Font nalgúns casos por determinadas zonas xeográficas do país.¹⁴ Considerando que cómpre ampliar estudos deste mesmo carácter para outras zonas do país, é posible considerar respecto das actitudes sociais dos campesiños que oscilaron nunha ampla variedade de posiciones que ían dende a resistencia ao consenso.¹⁵

Así as cousas, en diversas facetas da política agraria e da política de subministracións, vital naqueles primeiros anos corenta, integráronse e contribuíron á súa aplicación diferentes axentes: comerciantes, industriais con intereses agrícolas, grandes propietarios rurais e agricultores profesionalizados na exportación de produtos agrícolas e, por suposto, diferentes autoridades do réxime. Todos eles tutelados polo gobernador que forxou e fixo visible un «poder agrario» nunha provincia caracterizada como centro industrial. O producto agrario ó redor do que xirou a maior parte desta actividade foi un tubérculo: a pataca, que, non hai que esquecelo, era o segundo produto da alimentación básica da poboación despois do pan.

O fracaso do discurso neopairalista¹⁶ en Cataluña

Se ben o réxime mantivo un discurso agrarista de defensa do campo, como contramodelo dos valores e formas de vida da cidade,

realmente fixoo en combinación cunha práctica industrialista na súa política económica.¹⁷ Porén, os propietarios tiveron entón nas súas mans unha lexitimidade e uns instrumentos que lles permitirían lograr no seo da comunidade rural a hexemonía social que lles fora disputada desde fins do século XIX. A volta da «sociedade de propietarios» trouxo canda ela unha tentativa de elaborar un discurso que conectara coas tradicións *pairalistas* que desde hábi tempo se mostrara ineficaz para obter adhesións sociais, rotas definitivamente coa fractura social aberta pola Guerra Civil. Algúns decatáronse axiña de que este proxecto *neopairalista* non prosperaría. Algunhas das razóns —desde a defensa ideolóxica deste proxecto, talvez?— apúntanse na literatura do propio Josep Pla, na súa obra *Viaje en autobús*,¹⁸ publicada en 1942; nela, xunto das pinceladas sobre o exodo rural e a atracción do mundo urbano e o seu acelerado cambio, sinálase a entrada de novos grupos sociais en competencia coas tradicionais clases propietarias, a perda de determinados comportamentos vinculados ás súas formas de vida e as reorientacións destes propietarios respecto das súas aspiracións, da súa actividade económica e profesional.

NOTAS

¹ Director do Arxiu Històric de CC.OO. de Cataluña, membro do Centre d'Estudis sobre les Èpoques Franquista i Democrática da Universidade Autónoma de Barcelona.

² Un vocábulo catalán respecto das xentes que viven do campo e que talvez non sexa correcto identificar de forma automática co termo ‘campesiños’, senón cunha diversidade de estratos sociais máis heteroxénea de medianos e pequenos propietarios, arrendatarios, parceiros e *rabbassaires*, no sentido da persoa que vive de cultivar a terra.

³ Josep Pla (1952), *Els pagesos*, Barcelona, Selecta, páx. 5.

⁴ O *pa de pessic* é un característico suflé de biscoito propio de Cataluña.

⁵ J. M. Rendé i Ventosa, propietario agrícola, foi xefe do Servei d’Acció Social Agrària de la

Mancomunitat durante os anos vinte; militante de Lliga Regionalista e socio do Instituto Agrícola Catalán de Santo Isidro. Pla usa especialmente o seu opúsculo *La psicología dels nostres pagesos*, Publicacions Divulgadores dels Serveis Tècnics d'Agricultura, Barcelona, 1922; e da obra *Organització i guiatge de sindicats agrícoles*, Escola Superior d'Agricultura, Barcelona, pág. 192.

⁶ Un comentario singular merecería, para a miña idea, o estudo de Andreu Mayayo e Artal (1995), *De pagesos a ciutadans. Cent anys de sindicalismo i cooperativisme agraris a Catalunya, 1893-1994*, Afers, València.

⁷ Un signo moito máis positivo amósano os estudos da política agraria da ditadura e os seus resultados económicos, que suscitou maior atención. Aínda que centrados sobre todo en dous grandes temas: a colonización e a súa institucionalización, e a política de regulación e ordenación de prezos e mercados. Nada comparable coa base que produciron os estudos de socioloxía rural no noso país.

⁸ Sen poder ser exhaustivo e como mostra: M. Martínez (1982), *Tierra de Campos. Cooperativismo y sindicalismo agrario*, Valladolid. A. Martínez López (1989), *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra. A. Gavaldà (1989), *L'Asociacionisme agrari a Catalunya (El model de la Societat Agrícola de Valls: 1888-1988)*, IEV. Valls, do mesmo autor (1996), *Les «Hermandades de Labradores y Ganaderos» a l'inici de la postguerra. Eel cas del Baix Penedès*, Institut d'Estudis Penedesencs. Sant Sadurní d'Anoia (1997) *Jo delato, tu inculpes, ell denuncia... (Repressió franquista a Valls i comarca)*. IEV. Valls, (2000), *La formació del sindicalisme franquista a Reus i al Baix Camp*. Centre de Lectura de Reus. Reus. E. Majuelo, e A. Pascual (1991), *Del catolicismo agrario al cooperativismo empresarial. Setenta y cinco años de la Federación de Cooperativas navarras, 1910-1985*, MAPA. Madrid. M. Ortiz Heras (1992), *Las Hermandades de Labradores en el franquismo: Albacete, 1943-1977*. Diputación de Albacete. Albacete. J. Santesmases, e A. Gavaldà (1993), *Història econòmica-social de les cooperatives de Nulles (1917-1992)*, Valls. M. Cabo Villaverde (1999), *A integración política do pequeno campesiñado: o caso galego no marco europeo, 1890-1939*. Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.

⁹ Insistese, e con razón, en Daniel Lanero e Ana Cabana (2002): «El franquismo en la historia agraria. Balance historiográfico», en *Preactas del X Congreso de Historia Agraria. Sitges, enero 2002*. Dpt. d'H^a i Institucions Económiques da UB e Seminario de Historia Agraria. Barcelona. Outro balance útil para determinados aspectos relacionados co fenómeno do asociacionismo agrario que detecta as limitacions cronolóxicas que apuntamos é o de A. López Villaverde, et. al. (2001), *Entre*

surcos y arados. El asociacionismo agrario en la España del siglo XX, Cuenca, Edicions da UCLM.

¹⁰ O clásico de José Sorní Mañés (1978), «Aproximación a un estudio de la contrarreforma agraria en España», *Agricultura y Sociedad*, V:6, Madrid. Mais recentemente o autor insiste na mesma dirección, ver J. Sorní Mañés, http://www.cerai.es/fmra/archivo/ca_sorni04.pdf.

¹¹ Á parte desta exposición en anteriores traballos do mesmo autor, cómpre subliñar C. Barciela (2002), «Guerra y Primer Franquismo (1936-1959)», en F. Comín, M. Hernández, E. Llopis (eds.). *Historia Económica de España. Siglos XIX-XX*. Barcelona.

¹² Lourenzo Fernández Prieto, Daniel Lanero Táboas e Miguel Cabo Villaverde (2003), «Unificar es destruir: el proceso de integración del Sindicato de Productores de Semillas en la Organización Sindical Agraria pontevedresa (1944-1946)», dentro de *Actas del V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, Rede de Arquivos Históricos de CC.OO. de España.

¹³ Ana Cabana Iglesia, Miguel Cabo Villaverde (2005), «Cuando lo viejo muere y lo nuevo acaba de nacer. El asociacionismo agrario en Galicia entre el golpe de Estado y la creación de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos», dentro de *XI Congreso de Historia Agraria*, Aguilar de Campoo, Sociedad Española de Historia Agraria. En contraposición, unha exposición do modelo barcelonés en J. Tébar Hurtado (2004), «Franquisme i contrarevolució agrària a Catalunya durant la immediata postguerra (1939-1945)», en VV. AA., *Estudios d'Historia Agraria*, núm. 16. Barcelona.

¹⁴ Jordi Font e Agulló (2001), *¡Llega el campo! Primer franquismo y actitudes políticas en el ámbito rural norte-catalán*, Xirona, Deputación de Girona.

¹⁵ Ana Cabana (2003), «La Galicia rural durante el primer franquismo. Resistencia o sumisión. Elementos para un debate», dentro de *Actas del V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, Red de Archivos Históricos de CC.OO. de España.

¹⁶ Resumindo, poderíase considerar que o *pairalismo* é un discurso dos propietarios, elaborado dende metade do século XIX, que entronca cunha concepción harmónica da sociedade *pagesa catalá*.

¹⁷ Carlos Velasco Murviedro (1982), «El pensamiento agrario y la apuesta industrializadora en la España de los cuarenta», *Agricultura y Sociedad*, V: 23, Madrid.

¹⁸ Josep Pla (1972⁴), *Viaje en autobús*, Barcelona, Destino

UNHAS NOTAS SOBRE O MEMORIAL DEMOCRÁTICO

PERE YSÀS*

N estes últimos anos, ao referirse a unha imposta amnesia do pasado recente deste país, é xa un lugar común falar dun pretendido «pacto de silencio», establecido durante a transición, sobre a guerra civil e o franquismo. Desde logo, tal formulación non se pode aplicar á historiografía, que rematou convertendo a época franquista nun dos centros de atención preferente dos contemporaneístas españoles. Tampouco se pode sostener seriamente que na transición se esquecese o franquismo porque non era parte do pasado senón do presente. É obvio que non se podía esquecer aquilo contra o que ainda se loitaba. Non obstante, non cabe dúbida de que a democracia española xa consolidada non efectuou en máis de vinte anos o definitivo recoñecemento ás vítimas da ditadura e aos que fixeron posible a democracia actual, nin elaborou unhas políticas públicas de memoria democrática. Aínda máis: tolerou que permanesen múltiples monumentos conmemorativos da ditadura, estatuas de Franco incluídas. Á fin, parece que o actual goberno é sensible con estes déficit.

En Cataluña, o goberno da Generalitat que xurdiu das eleccións de novembro de 2003 decidiu ao pouco de se constituir, a través do Departamento de Relacións Institucionais e Participación, iniciar unha política pública da memoria da loita pola democracia que tivo a súa primeira concreción no encargo, ao Centro de Estudios sobre as

Épocas Franquista e Democrática (CEFID) da Universidade Autónoma de Barcelona, de elaborar un proxecto para a creación dunha institución coa denominación de Memorial Democrático.

O proxecto, que leva por título «Un futuro para el pasado», foi redactado por Ricard Vinyes, Montserrat Iniesta, Manel Risques, Francesc Vilanova e Pere Ysàs, e presentouse publicamente no mes de novembro de 2004. Propone nel a creación dunha institución que tería como primeira función fundamental o recoñecemento e a homenaxe ás persoas que sufrieron a represión da ditadura franquista e a todas as que loitaron polo establecemento dun réxime democrático en Cataluña e en España. O Memorial Democrático ocuparíase tamén da conservación dos vestixios da dita represión e da loita contra da ditadura, así como da identificación e sinalización de lugares de memoria, como campos de concentración, cárceres e centros de detención, sitios nos que se efectuaron execucións e tamén espazos emblemáticos da loita antifranquista. Ademais, a institución encargaríase de crear e conservar un arquivo de testemuños orais, sendo esta última unha das liñas de traballo prioritarias por razóns obvias.

Para poder desenvolver plenamente a función de conservación da memoria democrática, a institución promovería un

* Traducción do castelán de Antonia Tato Fontañá.

programa de investigación dirixido fundamentalmente á creación de infraestruturas básicas a partir da elaboración de bases de datos, do baleirado de determinadas fontes documentais e da recompilación e posta a disposición dos investigadores e da cidadanía de referencias informativas de carácter documental, bibliográfico e testemuñal.

O Memorial Democrático tería tamén como función esencial a divulgación do que significou o franquismo e da loita contra a ditadura ata a configuración do actual réxime democrático. Tal función desenvolveríase mediante unha programación regular de actividades en todo o territorio catalán, así como mediante unha exposición estable na sede central da institución en Barcelona; promoveríanse así mesmo proxectos de divulgación nos medios de comunicación audiovisuais. Un capítulo á parte constituiríao o labor de divulgación dirixido ás institucións educativas.

Polo tanto, conmemorar, conservar, investigar e divulgar deberían constituir as funcións do Memorial Democrático, unha institución que contribuiría a unha maior fundamentación e consolidación dunha cultura política e cívica democrática no noso país. Pero o proxecto de creación do Memorial, que analiza polo miúdo as características de institucións semellantes en Europa, os Estados Unidos e América Latina, propone non só volver a mirada ao noso pasado, senón tamén crear un espazo aberto ao debate dos problemas actuais, ás novas esixencias democráticas e aos novos movementos sociais. Por iso, o Memorial debería impulsar ou acoller actividades tales como exposicións temporais, seminarios ou congresos sobre temas actuais que se refiran á protección e promoción dos dereitos humanos no século XX, á defensa dos valores democráticos, ou ao estudo dos fenómenos ou movementos que poden erosionais ou cuestionais.

O Memorial Democrático concibiuense como unha institución participativa que, ademais, apoie o labor de todas as asociacións e entidades que durante os últimos anos encabezaron unha crecente demanda social en prol dunhas políticas públicas da memoria da loita pola democracia, sen pretender substituílas. Tamén se ten previsto que estableza vínculos de colaboración con institucións académicas, nomeadamente coas universidades e centros de investigación. E, para rematar, que se relate e coopere con institucións similares do resto do mundo.

O proxecto de Memorial Democrático pretende, en última instancia, asegurar o dereito civil ao coñecemento histórico. Tal como di a introdución de «Un futuro para el pasado»: «a democracia, na súa fraxilidade, precisa para vivir o acceso dos cidadáns ao coñecemento histórico porque é a única garantía de respecto á pluralidade de memorias, permite a adquisición de criterios propios e fai os cidadáns civilmente más sabios e, xa que logo, más libres. Así, o coñecemento histórico é un dereito civil que o goberno ha garantir e promover».

Que o proxecto de creación do Memorial Democrático se faga realidade depende agora da decisión definitiva do goberno catalán. Como dicía Paul Preston nun recente artigo en *El País* (24.2.2005): *«es un proyecto ambicioso que da la medida de la altura de miras de esa sociedad y de sus dirigentes. El hecho de que todas las fuerzas políticas catalanas se hayan manifestado favorables al Memorial es una muestra de su voluntad tanto de saldar de forma definitiva una de las mayores deudas pendientes de la transición a la democracia como de optar por la profundización de los valores que constituyen el fundamento vital de una sociedad democrática».*

O PREMIO «ALFREDO SUÁREZ FERRÍN»: UN TRABALLO DE DIFUSIÓN DOS VALORES CÍVICOS, MORAIS E DEMOCRÁTICOS NA CORUÑA

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Dende hai xa varios anos, a Fundación Instituto de Estudos Políticos e Sociais, coa colaboración do Concello de Culleredo (que coa asociación Memoria Histórica Democrática de Ferrol está a traballar na organización do II Congreso da Memoria, dedicado nesta ocasión á *II República e a Guerra Civil*, e que se celebrará os días 1, 2 e 3 de decembro de 2005 no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo), convocan a mocidade a participar no Certame Literario «Alfredo Suárez Ferrín», que ten como referente de traballo a exaltación dos valores cívicos e morais propios dunha sociedade democrática con vontade de permanente mellora. Nesta sexta edición, o tema foi «Tolerancia e Solidariedade», e o límite de idade para concursar os 30 anos.

O certame está dedicado tamén á lembranza dun home, Alfredo Suárez Ferrín, cunha traxectoria vital que encarna os valores citados.

Alfredo Suárez Ferrín naceu na Coruña en 1881. Profesor mercantil, era copropietario da ferraxaría Suárez Ferrín Hermanos. Foi membro do comité provincial da Coruña da Liga Española de los Derechos del Hombre e destacado membro de Unión Republicana. Concelleiro electo nas eleccións do 12 de abril de 1931 polo Partido Republicano

Radical-Socialista, foi elixido alcalde ao final do primeiro bienio republicano. Cesado ao comezar o Bienio Negro, en 1933, recuperará a alcaldía a raíz das eleccións xerais de febreiro de 1936. Nestes anos participará activamente na actividade política e social da cidade. Pola súa actuación a prol da defensa da democracia e do réxime republicano sería xulgado en consello de guerra e fusilado o 31 de agosto de 1936.

Os actos desenvolvéronse na Coruña o día 13 de abril de 2005: fixose unha ofrenda floral nos Xardíns de Méndez Núñez, diante do busto de Alfredo Suárez Ferrín, e o cuarteto de música tradicional Cataventos de Culleredo interpretou os himnos de Galicia e mais o de Riego.

A continuación, no salón de actos de Caixa Galicia, desenvolveuse a entrega do premio, dándose a coñecer a resolución do xurado, presidido por Xosé María Dobarro Paz, que galardoou o traballo presentado baixo o lema «Runa», que resultou ser da autoría da moza coruñesa Laura Rodríguez Manso.

Como colofón deste acto, José Gómez Alén, director da Fundación 10 de Marzo de Comisións Obreiras, disertou sobre os valores educativos na segunda República.



Os actos clausuráronse cunha cea celebrada no Hotel Riazor, durante a cal Antonio Campos Romay, presidente da Fundación Instituto de Estudos Políticos e Sociais, e José Gómez Alén, en nome da Fundación 10 de Marzo, asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de organizar actos conxuntos de promoción dos valores comúns aos idearios de ambas as dúas institucións, intercambiar publicacións, etc.

A Fundación Instituto de Estudos Políticos e Sociais (www.fundacionieps.org) leva xa varios anos organizando numerosas actividades tanto na comarca coruñesa como noutros lugares de Galicia e España, sendo o foro máis plural que existe neste momento na cidade. É un proxecto no que participan homes e mulleres que, aproximándose dende distintas sensibilidades e entendementos políticos, teñen en común o amor á liberdade e o progreso como motores dunha sociedade dinámica. O seu obxectivo foi constituírse en foro de debate, reflexión e proposta, contribuíndo a vertebrar unha conciencia colectiva capaz de fomentar, dende unha actitude ética, os valores que definen unha sociedade social-

mente avanzada e solidamente democrática. Neste sentido, é un dos sinais de identidade do Instituto afondar no cultivo da tolerancia como mecanismo indispensable para a apertura de máis espazos para o debate libre das ideas, para o desenvolvimento da ciencia, para que se amplíen os horizontes do pensamento.

O seu modelo de sociedade tería conceptualmente moito en común, polos seus valores, con aquela que concibiron eminentes lexisladores e constitucionalistas e que recollen as páxinas da Constitución española de 1931. Unha sociedade vertebrada dende unha noción socialmente solidaria, que atende a redistribución da riqueza; unha sociedade laica e aberta, humanística, que favorece a apertura do espírito, a libre confrontación das ideas e o exame crítico dos feitos e os conceptos. Un modelo que cabe encontrar habitualmente reflectido no acerbo de virtudes cívicas dos modelos de estado republicanos.

Xustifica o Instituto a súa razón de ser, como mecanismo ao servizo da cidadanía e da sociedade, achegando a esta os seus

traballos e investigacións, os estudos ou análises necesarios que colaboren en perfeccionala dende conceptos de modernidade, pluralidade e progresismo. Por iso o Instituto percorre, no seu traballo intelectual e pedagóxico, os xenerosos camiños que dende o humanismo, a tolerancia, a comprensión e a convivencia conflúen para elevar a dignidade moral da cidadanía, afondando nos horizontes democráticos da colectivididade. Camiños para transitar sen outras limitacións que as que demandan o interese cívico, e nos que non cabe furtar, en prol da perfección democrática, o debate sobre ningún tema ou institución, partindo da conciencia de que aqueles e estas están subordinadas á única soberanía admisible, a soberanía popular; mesmo, o de racionalizar sosegadamente a visualización dun escenario político no que todos os poderes do Estado emanen pola vía electoral da soberanía popular.

Ao longo do ano desenvólvense diversos seminarios que abordan temáticas como o urbanismo e a ordenación do territorio, o transporte e desenvolvemento, o medio ambiente industrial, os 25 anos de concellos democráticos (celebrada no Parlamento de Galicia) así como outros relacionados coa actividade cultural (conferencias, presentacións de libros...). Ademais do citado certame «Suárez Ferrín», a Fundación IEPS ten organizado ciclos sobre a Institución Libre de Enseñanza, a narrativa galega ou, máis recentemente, sobre sociabilidade e librepensamento, na que participaron algúns dos máis destacados intelectuais galegos. Mercé á colaboración da Deputación Provincial da Coruña —e neste sentido queremos destacar o importantísimo labor que está a desenvolver o actual deputado de Cultura, Celestino Poza Domínguez—, comezáronse a editar algunas monografías destes seminarios: as dúas primeiras foron a do Seminario de Calidade Alimentaria e a do Seminario de Sociabili-

dade e Librepensamento; esta última foi presentada, ademais de na Coruña, no Ateneo de Madrid e na Biblioteca Arús de Barcelona. Tamén publica a Fundación unha Memoria anual das súas actividades.

Pola súa tribuna pasaron, por poñer algúns exemplos, personalidades como Xosé Luís Barreiro Rivas, Enrique Barón, Gregorio Peces Barba, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Nicolás Sartorius, Ramón Villares, Federico Mayor Zaragoza, Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel Toharia, Cristina Narbona, Alberto Valín, Rafael Nájera Morondo, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, Pedro Solbes, Javier Ruípez, Gonzalo Parente, Xosé Manuel Beiras, María del Carmen Avendaño, Rosa Miguélez, Gonzalo Robles, Josep Corominas, Mar Barcón, Julián Ariza, Camilo Nogueira, Sabino Fernández Campo, Gonzalo Puente Ojea, Ana Romero Masiá ou Blanca Rodríguez Pazos, así como os embaixadores de Bolivia, Cuba (Isabel Allende), Panamá, Arxentina, Uruguai e Chile, e os reitores das tres universidades galegas.

Tamén edita a Fundación IEPS unha revista de pensamento político, *Criterios. Rex publica fulget*, dirixida polo xornalista Federico Cocho, da cal saíron xa catro números. Figuran no seu Consello de Redacción Xavier Alcalá, Luis Álvarez Pousa, Luis Espada Recarey, Fernando González Laxe, Antonio Izquierdo Escribano, Fernando Jáuregui Campuzano, Gregorio Peces Barba, Jaime Rodríguez-Arana, José Manuel Sobrino Heredia e Ramón Villares Paz. Na revista teñen colaborado, ademais de case todos os membros do Consello de Redacción, outras personalidades como Francisco Caamaño, José Montilla, Rafael Nájera, Alfredo Iglesias Suárez, José Ángel Cuerda, Cristina Narbona, Carlos Aymerich, Josep Borrell, José Manuel Romay Beccaría, Amparo Almarcha ou Jordi Jané, entre outros.

A MEMORIA COMO PATRIMONIO

VÍCTOR PARDO LANCINA



Ainda ás voltas coa Guerra Civil? Velaí a pregunta que escoitamos adoito en moitas vilas ao preguntarmos polos detalles ou escenarios da contenda. Pero a resposta é inequivocablemente afirmativa porque a Guerra Civil é o acontecemento máis importante da historia do século XX en España, e é, non ten faladoiro, o que máis influiu no noso país ata o día de hoxe. Doutra banda, é un acontecemento, a pesar de todo, insuficientemente estudiado e coñecido. E non nos referimos só á perspectiva historiográfica, tamén á patrimonial.

¿Que é o patrimonio vinculado coa guerra? Patrimonio son os abundantes restos de trincheiras, as covas que foron refuxios antiaéreos ou serviron como hospital da fronte ou mesmo de vivenda durante longos meses de conflito. Patrimonio son as casamatas, é dicir, as construcións nas que se grecían os soldados na fronte, os búnkeres, os restos de aeródromos, as polvoreiras, as lápidas e estelas funerarias que recordan aos mortos; pero tamén a memoria dos superviventes, das xa escasas testemuñas da contenda. Patrimonio arqueolóxico militar, patrimonio civil, memoria histórica en definitiva, que non convén perder porque é o noso pasado compartido. Memoria á que nos achegamos desde unha perspectiva científica, rigorosa e global.

Maria Moliner escribe no seu dicionario acerca do verbo «rehabilitar» que, nunha das súas acepcións, significa «desvirtuar unha acusación ou xuízo desfavorable», e engade como sinónimos os verbos «reivindicar» e «vindicar». A comarca dos Monegros puxo en marcha un proxecto que pretende, precisamente, a reivindicación do pasado nos seus termos precisos, a devolución ás xeracións actuais daquilo que a interpretación revirada da historia recente lles roubou, os feitos como foron durante a contenda que asolou España entre 1936 e 1939. A memoria, en definitiva, considerada como un ben patrimonial a través dalgunhas das súas manifestacións e vestixios na fronte de batalla, desprendida de adherencias e lustrada co verniz do rigor.

É certo que os xuízos sobre esta época se viron embazados pola visión comenenciada dos que gañaron a contenda. A ningún se lle oculta que a historia escribena os vencedores, pero parece chegado o momento de revisar, contrastar e desvirtuar —no sentido preciso que advirte María Moliner— o contido desas olladas fragmentarias e críticas, en beneficio dunha reinterpretación allea a sectarismos

e xuízos interesados. O proxecto a que aludimos nace cun propósito inequívoco de coñecemento, de busca das fontes e de restitución á historia dos Monegros dos capítulos, heroicos ou non, que se escribiron nas súas vilas, nos campos e nos montes. Formúlase con vocación didáctica e afán divulgativo, procurando dar a coñecer os acontecementos vividos en escenarios tan importantes para a denominada Frente de Aragón como a Serra de Alcubierre ou o aeródromo de Sariñena, os avatares sufridos por un e outro bando na ermida de Santa Quiteria en Tardienta, as vicisitudes na cova do «Capitán» de Robres ou en Lanaja. Fitos dunha grande epopea escrita con sufrimento e dor que deixaron una pegada inmarcescible na alma dos monegrinos, pero tamén nas súas vilas.

Parapetos, trincheiras, cavidades naturais que se tornan improvisados centros de mando ou hospitais de campaña, niños de metralladoras, observatorios mimetizados coa árida paisaxe... elementos bélicos reais da contenda que aínda se poden observar na contorna destas poboacións. Estes son os materiais dos que se valerán o proxecto histórico e o programa didáctico que se pretende pór en marcha. O Instituto de Estudos e Investigación dos Monegros, organismo encargado polo ente comarcal para tutelar o proxecto, establecerá percorridos, itinerarios polos escenarios que foron testemuñas das grandes xestas e os pequenos actos, das miserias e as epopeas habidas nunha guerra cruel con todos, se ben extremada cos perdedores, os que morreron ou aqueles que tiveron de partir ao incerto exilio. O obxectivo non obstante, só pretende —o que, ben considerado, non é pouco— revalorizar aqueles elementos reais que serviron na campaña para dar protección, acubillo ou asilo aos combatentes e que a intemperie ou o esquecemento non deron borrado, aínda que o sol e o cerzo os leven rabuñando e erosionando tantos días e anos. Protección e acubillo, dicimos, ou ben punto de avanzada e atalaia dende a que fustrigar o inimigo.

Pero non sería unha recuperación completa, fiel, correlato verídico da memoria histórica aquela que non revele as razóns da elección do material recuperado en cada punto. Así, xunto á reparación dos muros que serviron de trincheiras, parapetos, casamatas, fortalezas ou arquitectura militar varia, colocarase un panel explicativo no que, con precisión e elocuencia, se dará conta pormenorizada dos máis notables feitos acaecidos no lugar en cuestión.

Así as cousas, a proposta cumpre varios obxectivos ao servizo do coñecemento e a difusión da historia local. En primeiro lugar, tal como queda apuntado, unha vez localizados e estudiados os escenarios naturais das más significadas batallas ou puntos estratégicos que pola súa localización alcanzaron un protagonismo inequívoco durante a Guerra Civil, un equipo experto e multidisciplinar reconstruirá, «rehabilitará» en definitiva, o espazo e o seu contorno para lle devolver o verismo e actualidade necesarios que fagan do sitio un ámbito histórico crible e asemade evocador.

A singularidade dos episodios desenvolvidos durante a Guerra Civil nos Monegros foi descrita por numerosos autores que dan fe non só dos feitos bélicos, tamén das penalidades sufridas polos contendentes por mor da calor ou do frío, do rigor dun clima que non perdoa e a sequidade dunha terra áspera aínda que fermosa. Así o contan escritores do bando republicano como Alardo Prats, José Gabriel, Avelí Artís Gener coñecido como «Tísner», Franz Borkenau, os correspondentes de guerra Ilya Ehrenburg e Mijail Koltsov, B. Fernández Aldana, ou a enfermeira australiana Agnes Hodgson, autora dun intenso diario redactado durante o ano 1937 en poboacións como Grañén, Robres, Poleñino e Sariñena, onde as tropas republicanas contaban con hospitais e centros sanitarios. Pero tamén escribiron acerca dos Monegros, desde a óptica dos sublevados, Manuel Aznar, Joaquín García Morato ou Víctor Ruiz Albéniz *El Tebib Arrumi*.

Porén, un dos documentos literarios e históricos de maior alcance e aprecio para a crítica internacional e o coñecemento da Guerra Civil en España é sen dúbida a grande obra do escritor inglés George Orwell, *Homenaje a Cataluña*. O título desta excepcional reportaxe escrita por Orwell a fins de 1937 e considerada unanimemente como unha das pezas esenciais das letras europeas do século XX, alude ao cegamento que lle produciu o clima revolucionario establecido en Barcelona cando o



voluntario inglés se presentou no Cuartel «Lenin» de alistamento co POUM. Pero *Homenaje a Cataluña* podería ter sido, inequivocamente, «Homenaxe a Aragón», se ben en xustiza, e aténdonos á súa estancia durante varios meses da contenda, resulta más axustado circunscribir as súas más intensas e emotivas vivencias aos Monegros, en particular á Serra de Alcubierre, onde se establecerá un dos fitos deste proxecto.

A presenza de Orwell en Alcubierre constitúe un valor esencial para a historia

da Guerra Civil na comarca, dado que o brillante escritor dedica boa parte da súa obra á descripción de paisaxes, circunstancias da fronte e sensacións que procura o feito da proximidade da morte asexando polos parapetos ou instalada no fondo dunha trinchera. Monólogo interior, reflexión transcendente, pero tamén pintura de tipos e situacións, olores e percepcións que conforman un cadro tecido de sutís pinceladas que nos aproximan ao tempo e os detalles vividos e sufridos por miles de milicianos ou soldados que combateron nos nosos campos rendendo tributo de sangre ás súas ideas.

George Orwell foi destinado ás posicións de Monte Pucero e Monte Irazo, na Serra de Alcubierre, desde onde vía con toda nitidez Leciñena e Perdiguera, e malia a dureza das condicións en que se vivía na fronte —«el frío me atemorizaba más que el enemigo», chegou a escribir—, foi quen de apreciar a beleza inhóspita da paisaxe, os seus amences luminosos e as tardiñas a devalar no horizonte infinito.

A proposta patrimonial, como xa sinalamos, recuperará os escenarios orwellianos na serra mercé á restauración dun tramo de trincheras. O lector atento do grande escritor inglés poderá recrear o ambiente daqueles primeiros meses de 1937 nos montes de Alcubierre, pero constituirán unha auténtica revelación o escenario e o contorno para quen non tivera a oportunidade de acercarse á lectura de *Homenaje a Cataluña*.

As covas de Robres ou Monegrillo, o búnker de Lanaja, o aeródromo de Sariñena, a polvoreira en Farlete, escenarios en Perdiguera, a ermida de Magallón ou a disputada posición de Santa Quiteria en Tardienta constitúen obxectivos que cómpre recuperar para o patrimonio e a historia. Rehabilitación, en definitiva, como motor de desenvolvemento cultural, económico e turístico para que estes conxuntos patrimoniais poidan ser visitados, estudiados e divulgados, é dicir, que sexan útiles.

VÍCTOR PARDO LANCINA
XORNALISTA

A UNIVERSIDADE E A MEMORIA HISTÓRICA

A CÁTEDRA EXTRAORDINARIA MEMORIA HISTÓRICA DO SÉCULO XX

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Do interese social que nos últimos tempos espertou en España con respecto á memoria histórica fala a creación durante o curso pasado dunha cátedra universitaria con carácter extraordinario na Universidade Complutense de Madrid, dedicada a traballar no ámbito que se contén no seu título constitutivo. Baixo a dirección dun historiador de prestixio como é o catedrático desa universidade Julio Aróstegui, propuse desenvolver toda unha serie de actividades que permitan cumplir os obxectivos intelectuais e de demanda social que a universidade ten encorridas na nosa sociedade.

Nese sentido, formulase a organización de ciclos, seminarios, congresos e outros acontecementos académicos, o desenvolvemento de ensinanzas específicas, materias e diversos estudos, xunto á creación de grupos de investigación que traballen no eido da memoria histórica. Igualmente, propuse desenvolver iniciativas de todo tipo que teñan como obxectivo reivindicar a memoria do pasado recente de España e a reparación das vítimas que sufrieron a violencia das súas vicisitudes. A cátedra tamén se propón contactar e traballar en actividades conxuntas coas asociacións que levan xa un tempo procurando os obxectivos que agora se fixan neste ámbito universitario.

Nos últimos meses do curso pasado xa se desenvolvieron actividades moi interesantes. A primeira, a súa presentación pública nun acto presidido polo reitor desa universidade,

Carlos Berzosa, e que reuniu persoas de diferentes campos de traballo en torno ao tema *Democracia, Memoria Histórica e Universidad*: o director de cine Luis García Berlanga, o historiador Josep Fontana, catedrático emérito da Universidade Pompeu Fabra, o xa mencionado Julio Aróstegui e Miguel Núñez, presidente da Asociación da Memoria Social e Democrática (AMESDE).

Unha das primeiras propostas xurdidas desa presentación é a de recuperar a memoria da propia universidade, coa organización dun acto de homenaxe e recoñecemento público a todos os seus profesores represaliados polo franquismo, o que será posible coñecer cando culmine unha investigación que se está desenvolvendo sobre o tema na propia institución.

A cátedra organizou tamén as xornadas *Movimientos Sociales por la Memoria en España: balance, trayectoria y perspectivas*, nas que se desenvolveu un denso programa de sesións. Na primeira: *Historia, memoria y políticas de la memoria*, interviñeron os profesores Juan José Carreras Ares da Universidade de Zaragoza, que presentou un suxestivo relatorio baixo o título de «¿Por qué hablamos de memoria cuando queremos decir historia?»; e Juan Sisinio Pérez Garzón da Universidade de Castela-A Mancha sobre «Memoria y políticas de la memoria». Despois das intervencións do Comité Científico Asesor produciuse un interesante debate.

A segunda sesión xirou arredor de *Las asociaciones por la memoria en España* e

partiu da intervención de Gregorio Dionis, presidente internacional do Equipo Nizkor, que falou sobre «Derechos humanos y movimientos por la memoria». Posteriormente interveu Sergio Gálvez da Universidade Complutense, que no seu «Relatorio general y sobre las Asociaciones por la Memoria y la Recuperación de la Memoria en España», analizou a situación das iniciativas que nese sentido componen o actual mapa do asociacionismo.

As seguintes sesións estiveron dedicadas ás intervencións das diferentes asociacións presentes tanto no ámbito provincial ou local coma no estatal ou autonómico, entre as que se atopaba a Fundación 10 de Marzo, onde tivemos a oportunidade de presentar un balance apresurado dos obxectivos e actividades desenvolvidas desde a súa creación en 1991. O debate que seguiu a esta sesión estivo moderado polo profesor Aróstegui.

A derradeira sesión tratou sobre *Publicís-*

tica, legislación y realizaciones institucionales. Tivo como relator o historiador Francisco Espinosa, quen achegou unha visión xeral acerca das publicacións sobre historia e represión franquista. Nesta sesión interviñeron tamén representantes das asociacións verbo das iniciativas lexislativas e actividades en curso sobre a memoria histórica en España; seguiu o correspondente debate, moderado nesta ocasión polo historiador da Universidade Autónoma de Barcelona, Pere Yàs.

O balance das xornadas desenvolvidas permítenos percibir no futuro novas iniciativas e encontros que seguramente darán froitos de grande interese para a recuperación da memoria histórica e, neste sentido, podemos adiantar que ao longo do curso que se está iniciando se editará en soporte electrónico un dossier monográfico sobre a represión franquista e un balance sobre as actividades dos movementos pola memoria.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN
DEZEME

OS CAMIÑOS DA RETIRADA

C o gallo da recente conmemoración do exilio republicano, diversas institucións entre as que se atopan a asociación Fils et Filles de Républicains Espagnols et Enfants de l'Exode (FFREE), os concellos de Cerbère e Portbou, o Conseil Général des Pyrénées-Orientales e a Fundación Antonio Machado, coa participación dalgúnsas instancias educativas, organizaron diferentes actividades que tiñan como obxectivo prioritario resaltar a importancia do exilio republicano en Francia.

Os actos tiveron como eixe o camiño da retirada. Un camiño que vai desde Portbou aos campos de internamento. Trátase de manter viva a memoria dos milleiros de republicanos que cruzaron aquela fronteira desde o 29 de xaneiro ao 10 de febreiro de 1939 buscando refuxio no veciño país. Este ano as actividades inclúian a inauguración dunha placa conmemorativa en Portbou e en Cerbère,


principio e cabo do camiño, e na que se fai referencia aos máis de cen mil españois e a súa loita contra o franquismo, e na que son considerados como «as primeiras vítimas da segunda guerra mundial». Organizouse ademais unha marcha simbólica que cubría a distancia percorrida polos republicanos.

En torno a estes actos celebrouse en Argelès-sur-Mer un acto de homenaxe coa lectura de poemas, ademais dun salón do libro sobre a guerra de España e o exilio, no que participaron bibliotecas españolas e francesas, e diversas sesións cinematográficas, así como un recital coral de cancións da guerra civil. Tamén se inaugurou unha exposición de fotografías da retirada de 1939, unha exposición de pintura, unha conferencia sobre as deportacións con testemuños dalgúns deportados e un concerto de música clásica.




REDACCIÓN DEZEME


NOVIDADES CRÓNICA




Antonio Pedrós-Gascón
Conversas con Suso de Toro
Un diálogo coa creación
e o tempo contemporáneo



Alberto Fortes
O Corsario
Vida e tempos de Juan Gago
de Mendoza




Xosé Manuel del Caño
Conversas con Méndez Ferrín
Historia, literatura,
nación



Pedro Feijoo
¡Viva o Fu Remol!
A música pop
en Galicia

A DITADURA FRANQUISTA E A SÚA ESTRATEXIA DEFENSIVA

Pere Ysás, *Disidencia y subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia. 1960-1975*, Barcelona, Crítica, 2004, 342 páginas



En primeiro lugar hai que destacar deste libro a documentación utilizada, que é ampla, de diversa natureza e en parte inédita, e que considero de grande interese para poder investigar a etapa do franquismo, principalmente desde os anos sesenta ata o seu esgotamento final. A través dela, o autor quere demostrarnos que a ditadura estaba minada polo disentimento que desde o inicio da década manifestaban obreiros e estudantes, xunto dalgúns intelectuais, amplos sectores da igrexa e a oposición antifranquista organizada. A novidade deste volume non é a descripción da conflitividade, senón o tratamento sobre a visión que as institucións franquistas tiñan do problema e os esforzos realizados con diversas estratexias e recursos para facer fronte a *disidentes e subversivos*.

O libro estrutúrase en cinco capítulos dedicados ás actitudes e actuacións dos responsables franquistas ante as cinco principais manifestacións de desacordo co réxime.

A primeira, a dos estudiantes universitarios, que preocuparía

fondamente ao goberno polo perigo que implicaba non ter o apoio da xuventude. O réxime, tras longos anos de control absoluto das universidades, topaba co rexeitamento destas, coa non identificación co que o Movemento Iles ofrecía. Manifestacións, asembleas, folgas, peche de facultades e escolas, presenza policial nos recintos universitarios e detención dos considerados líderes, fóreronse convertendo nunha constante.

Ante o problema universitario, a clase política franquista tiña posicións diverxentes. Para os inmobiliastas, a conflitividade era froito da «subversión», considerando que se estaba a usar a uni-

versidade para outros fins e non cabía outra política fóra da represiva. Outros manifestaban actitudes reformistas e esperaban cambios, aínda que crían indispensable o mantemento da orde pública, condicionando as ditas reformas á volta á «normalidade».

A responsabilidade recaía no Ministerio de Educación, pola ausencia dunha política «adicta» que moitos consideraban que facilitaba a penetración dunha política «desafecta». A Lei xeral de educación, o proxecto máis ambicioso e importante do ministro Villar Palasi, non empeceu ao cabo a persistencia e aínda unha meirande extensión da conflitividade estudiantil.

O segundo capítulo ocúpase dos problemas derivados da oposición-crítica dos intelectuais, en particular ante determinadas accións gobernamentais. A procedencia é moi variada. Desde vencedores da guerra civil, en particular de tradición católica e falanxista (esta será unha evolución persoal cara a formulacións liberais e socializantes) ata intelectuais do bando vencido: liberais, republicanos e socialistas principalmente. Será nos anos sesenta cando arquezan as críticas. A remuda xeracional e os propios cambios nos que estaba inmersa a sociedade española favoreceron indubidablemente a disidencia intelectual, o que contribuirá á

erosión e deslegitimación da ditadura.

No terceiro capítulo trátase da mobilización obreira, que constituiría un desafío continuado para o réxime franquista, e a creba da «paz social», que se pretendía presentar como un dos logros más importantes.

A maioría dos conflitos tiñan a súa orixe en reivindicacións de carácter laboral que se politicizaban irremediablemente ao transgredir a legalidade vixente, pois non existía dereito ningún a manifestar o desacordo. Numerosas detencións que acabaron con procesos abertos perante o Tribunal de Orde Pública así o proban polos «delitos» de asociación, reunión e propaganda ilegalis.

As folgas obreiras da primavera de 1962 provocaron a declaración do estado de excepción en provincias do norte (Asturias, Biscaia e Guipúscoa), estendéndose por toda España ao comezar o verán. A represión desencadeada non conseguiu amainar a conflitividade laboral, que irá en aumento a partir de 1967 e terá a resposta institucional dun novo estado de excepción con numerosas detencións. Estas detencións serán obxecto de denuncias desde o exterior, dada a falta de liberdade sindical habida en España e as duras penas sufridas polos detidos. En 1975 era evidente o fracaso

das estratexias de «encauzamiento» e de «integración» realizadas polo réxime, e o bienio 1974-1975 caracterizarase por un recrumento da conflitividade laboral e da acción opositora, evidenciándose que a ditadura carecía de alternativas eficaces.

O capítulo cuarto está dedicado á oposición antifranquista organizada, considerada e definida simplemente como «subversión». Tratabase da «anti-España», comunismo, masonería, ás veces tamén mesturada co separatismo; e fronte desta oposición non cabía en principio outra política que non fose a represiva, segundo as necesidades de cada momento. En novembro de 1962, o Ministerio de Información (naquela altura encabezado por Manuel Fraga) comunicou a outros membros do goberno a decisión de crear un departamento de investigacións sobre comunismo e solicitaba a colaboración de distintos ministerios; nacía entón a Oficina de Enlace, destinada a coordinar aspectos concretos de información política.

O derradeiro capítulo versa sobre os problemas ocasionados ao réxime pola disidencia eclesiástica, que a fins dos anos sesenta non só discrepará respecto á política, senón que as diverxencias afectaban á natureza mesma do réxime.

Ao primeiro tratarase do apoio de organizacións apostólicas, dependentes da Acción Católica, aos obreiros que facían folgas, sumándose algúns sacerdotes. Máis adiante farano importantes sectores da xerarquía, as denominadas «xerarquías desafectas», que en última instancia contaban co apoio do Vaticano. A XVI Asemblea Plenaria da Conferencia Episcopal foi

seguida con suma atención polas autoridades franquistas e o paso das comisións más importantes a mans dos más progresistas, considerados conflitivos, irritounos enormemente. Carrero Blanco, no discurso pronunciado en decembro dese ano, acusou abertamente a Igrexa de ser inimiga do réxime. As medidas adoptadas —administrativas, económicas e xudiciais—, semellaba non daren resultado, e a piques estivo de producirse a ruptura Igrexa-Estado.

A referencia á conflitividade realizada desde varios sectores, que se describe neste libro, sendo importante non é o obxectivo central. Como se indica ao principio, o seu obxecto é analizar a percepción da ditadura respecto ao crecemento e extensión daquelas formas de loita que tiveron unha meirande relevancia pola súa dimensión colectiva e pública. Desde esa mesma percepción procédese ao exame das actitudes adoptadas, así como das propostas elaboradas e das actuacións efectuadas desde as institucións do réxime, avaliando o impacto producido nelas e as respostas dadas, o que permite coñecer o valor e a importancia concedidos polo réxime a eses fenómenos. Apúntase un aspecto relevante: as diferenzas existentes dentro da clase política franquista, coñecéndose algúns desacordos con determinadas actuacións, así como certas propostas dun ou outro signo.

As políticas aplicadas e os seus resultados achegan igualmente novos coñecementos, non só do réxime, senón dos profundos cambios socioeconómicos e culturais que se estaban a producir na sociedade.

GLORIA BAYONA FERNÁNDEZ

UNIVERSIDADE
DE ALACANTE


A DIGNIDADE DUNHA BIOGRAFÍA DA RESISTENCIA DEMOCRÁTICA

Ricard Vinyes, *El daño y la memoria. Las prisiones de María Salvo*, Barcelona, Plaza y Janés, 2004. 202 páginas

El daño y la memoria constitúe unha nova achega do historiador Ricard Vinyes, da Universidade de Barcelona, para facer visible o papel das mulleres na represión da ditadura de Franco, xa abordado en traballo anterior como *Irredentas* ou *Los niños perdidos del franquismo*.

Unha achega que, coma as das súas obras precedentes, reviste un especial valor dada a énfase outorgada á articulación dun sistema conceptual iluminador dos datos das fontes orais e escritas. Conceptos cuñados por Vinyes como «industria penitenciaria», «industria de transformación de existencias» ou o obxectivo do universo penal franquista entendido como un proceso de «dobregamento e transformación» —máis alá da «vixilancia e o castigo» foucaltianos— proxectan unha luz indispensable sobre a materia prima da oralidade e o documento escrito. Este é sen dúbida o principal logro do historiador —á parte do seu destacado labor de campo na investigación documental ou nas entrevistas—, como quedou novamente de manifesto na súa última obra, definida modesta-

Ricard Vinyes



El daño y la memoria

Las prisiones de María Salvo

ASÍ FUE. LA HISTORIA RESCATADA

mente por el mesmo como unha «indagación histórica» sobre a vida dunha destas presas da ditadura, María Salvo Iborra. E é que recen-

temente o propio Vinyes se encargaba de subliñar a importancia deste labor teórico ao afirmar que o labor de comprensión histórica...

(...) no se obtiene con la divulgación, sino con la socialización del conocimiento, es decir, dotando no sólo de información, sino de ideas para que los públicos confecionen argumentos propios.

Vinyes constrúe *El daño y la memoria* sobre o eixe da traxectoria vital da militante comunista María Salvo —presa durante dezaseis anos nos cárceres franquistas—, unha das fundadoras da Asociación Dones del 36, consagrada á investigación e difusión do papel das mulleres durante a guerra e a ditadura. E faino cun estilo ameno e áxil que, ao tempo que mantén a atención do lector, permite a inclusión dun sólido arsenal de datos que o converten nunha obra historiográfica de referencia. A narración comeza e remata coma se dunha película se tratar, con dúas escenas tan gráficas como a excarcelación de María Salvo na prisión de Alcalá de Henares, en 1956, desterrada e obrigada a reconstruír a súa vida nun territorio estranxo, e a imaxe gozosa dun 1978 eufórico, con dúas vellas loitadoras superviventes, a propia María e a súa compañeira Tomasa Cuevas, a intercambiaren recordos co pano de fondo das festas da Mercé en Barcelona, en plena euforia da Transición. Entre medias, un longo *flash-back* que lle permite ao autor ir debullando, capítulo a capítulo, as vivencias de María trufadas de análise sobre as realidades represivas que lle tocou vivir, dende a súa detención en 1941 ou o paso pola prisión de Les Corts ata o seu encarceramento en Segovia e os últimos anos de encerro en Alcalá de Henares, talvez a etapa máis difícil de todas, cando as presas políticas eran minoría fronte ás comúns e

as autoridades estaban más preto ca nunca de culminaren o obxectivo de dobrigar a súa resistencia como disidentes.

No centro de todo este relato, á xeito de segundo eixe inserto na vida de María Salvo, descóbrese un acontecemento fundamental que había marcado a vida da militante comunista, e cuxa definitiva aclaración no texto o converte, ademais, nunha obra vindicativa, animada por un particular propósito de xustiza. Ao pouco da súa detención en 1941, María Salvo foi inxustamente acusada pola dirección do partido de ter participado na delación de cinco destacados dirixentes vindos do exilio e executados ao ano seguinte: o famoso *grupo de Lisboa*, formado por Asarta, Barreiro, Diéguez, Girabau e Larrañaga. Unha combinación de malentendidos, casualidades, terciveras, covardías e intransixencias fixo que María aparecera falsamente aos ollos das súas compañeiras como unha delatora, co conseguinte padecemento arrastrado no cárcere en forma de baleiro e recriminación. Só transcorridos varios anos e grazas á intervención da militante Antonia García, podería María ceibarse ao cabo de tales acusacións. Xa na entrevista realizada por Tomasa Cuevas en 1978, tivo ocasión de despexar determinados puntos escuros do suceso.² Pero a rehabilitación definitiva veu de mans do texto de Vinyes, a maneira de feliz encontro entre historia e memoria, testemuña e historiador, vida privada e relato histórico.

Volvendo ao terreo dos conceitos, xa na introducción establece Vinyes o marco teórico necesario onde inserir as vivencias descritas pola entrevistada, en forma de análise evolutiva do sistema penal fran-

quista, desde as súas orixes ata a súa consolidación máis ou menos firme nos anos corenta. De aquí en diante, o libro organízase en dúas partes: o proceso de formación de María Salvo e a súa posterior experiencia no universo penal, ben entendido que na construcción identitaria de presos e presas, o relato que se contan a si mesmos da súa vida —decote recordado e elaborado— átase arredor da centralidade da experiencia carceraria. O autor explícao maxis tralmente cando afirma que «era pues la totalidad de su vida la que sentían afectada por la prisión, el *antes* y el *después* de la cárcel» (páx. 20). Dentro desta estrutura, e seguindo sempre o fio de Ariadna da voz de María Salvo, o autor ilumina en cada capítulo un tema diferente do seu particular labirinto: o encarceramento na prisión barcelonesa Les Corts, xa estudiado en *Irredentas* mais noutros traballos anteriores a partir do exame dos arquivos conservados; o episodio da detención do pequeno grupo de militantes que se reunían na Barceloneta —*El Oasis*— apoiándose nos documentos do Arquivo Central do PCE; a detención de María Salvo en Madrid, narrada polo miúdo a partir do relato da súa protagonista así como da información incluída na causa xudicial; ou a narración, tamén detallada, da folga de fame das presas políticas en Segovia, en xaneiro de 1949, resultado do diálogo entre os testemuños dos seus protagonistas e os documentos do cárcere.

O resultado é unha mestura dinámica de relato e ensaio de grande acerto, malia que por veces coxeen algunas das fontes. Se no episodio da detención do grupo de *El Oasis* en setembro de 1941 se

advirte a excesiva dependencia dunha única fonte documental, polo demais non estudiada a fondo —o informe do compaño *Enrique*³, o relato do xuízo de María Salvo celebrado en febreiro de 1944 adoece quizais doutra dependencia de signo diferente: a da propia versión oral, por forza exposta á crítica e ao contraste con outras fontes. Cando non, non se entende o comentario atribuído a Antonia García e presumiblemente dado por bo por María —e polo autor— sobre un suposto camión de guerrilleiros dispostos a executar a María Salvo en saíndo esta do consello de guerra.⁴

En calquera caso, trátase de cuestiós de detalle, xa que o panorama xeral abrangue unha gran variedade de temas cuxo manexo entraña múltiples dificultades e no que o autor se manexa comodamente. En resumo, unha obra máis ca recomendable nun ronsel que encaixa nunha tradición inaugurada décadas atrás a partir do resorte dunha formulación ética e política: a visibilización e a memoria dunhas mulleres marxinadas e discriminadas por partida tripla, como *roxas, ex presas e mulleres*. Unha tradición de historiadoras feministas —Giuliana di Febo, Fernanda Romeu e Shirley Mangini— que souberon abrir un camiño novo e incomprendido ainda que agora, ironías da vida, xusto nesta época de apoxeo de estudos sobre a represión franquista de homes e mulleres, sexan tan poucos os que as lembrén.⁵

NOTAS

¹ En colaboración con Montse Armengou e Ricard Belis, Barcelona, Plaza y Janés, 2002.



² A entrevista ocupa todo un capítulo: «La catalana», páxs. 409-438 da reedición preparada por Jorge Montes, *Testimonio de mujeres en las cárceles franquistas*, de Tomasa Cuevas Gutiérrez, Huesca, Instituto de Estudios Altoaragoneses, 2005.

³ Bótase en falta un estudio crítico do informe elaborado en febreiro de 1942, más alá da transcripción dos parágrafos más iluminadores, empezando pola aclaración da identidade de *Enrique*, en realidade Vicente Peñarroya, secretario xeral do Comité Executivo do PSUC, ou de Ramón Oró —non «Oro»—, secretario de axitación e propaganda do Comité Provincial cando a caída do grupo de Barcelona en setembro de 1941. O estudio que aclara todas estas identidades, o de José Luis Martín Ramos (*Rojos contra Franco. Historia del PSUC, 1939-1947*, Barcelona, Edhsa 2002) non figura na bibliografía do texto de Vinyes. Algún outro dato é erróneo e podería ter sido aclarado co texto citado, como o de que Albert Assa, *El Turco*, residía a primeiros de setembro de

1941 en Lisboa en contacto con Girabau. Assa foi detido na mesma redada que acabou co grupo de *El Oasis* e outros cadros e militantes aquel mesmo mes.

⁴ P. 108. Semella a todas luces improbable que unha dotación de guerrilleiros se ocupara dunha acción tan arriscada como executar unha militante na viaxe de María Salvo a Alcalá de Henares para asistir ao consello de guerra. E con maior motivo cando o suposto obxectivo non era outro que impedir unha delación, cando é sabido que de terse producido esta —que non foi o caso— o lugar non sería precisamente a ritualizada escena do xuízo, senón as declaracions e interrogatorios na comisaría ou perante o xuíz instructor.

⁵ Cuxos textos tampouco aparecen citados na bibliografía de Vinyes.

FERNANDO HERNÁNDEZ
HOLGADO
HISTORIADOR

A RECUPERACIÓN DAS MARXINADAS DA HISTORIA

Mirta Núñez Díaz-Balart,
Mujeres caídas. Prostitutas legales y clandestinas en el franquismo, Madrid, Oberón, 2003, 222 páxinas

Mirta Núñez Díaz-Balart é un nome de referencia obrigada na paisaxe dos traballo sobre a represión franquista, que durante o último par de anos está a coñecer un auténtico momento de gloria, expresado na cantidade e calidade daqueles. Se a súa especialidade en Ciencias da Información como doutora e profesora titular da Universidade Complutense de Madrid se traduciu en diversos estudos sobre a prensa republicana de guerra, empezando pola súa propia tese de doutoramento,¹ non menos importante é a súa contribución ao esclarecemento do alcance e mecanismos do universo penal do franquismo. *Consejo de guerra. Los fusilamientos en el Madrid de la posguerra (1939-1945)*, quizais a súa mellor obra, escrita en colaboración con Antonio Rojas Friend e publicada en 1997 — cando o desinterese por estes temas seguía sendo notorio — tivo o enorme mérito de rescatar o triste local das execucións de homes e mulleres nas tapias do cemiterio madrileño do Leste, ou da Almudena, tras a entrada na capital das tropas franquistas. E fixoo ademais a partir do estudio

OUTUBRO 2005

92

dez.eme



dunha fonte de tremenda importancia na que, polo menos para o meu entender, non volveu traballar ninguén: o rexistro de enterramentos do propio cemiterio, cuxa listaxe de fusilados quedou

reproducida no apéndice documental do libro.

Sete anos despois, e ao abeiro da actual corrente de interese por recuperar a memoria histórica dun pobo asoballado e traumatizado

como o noso, ao que o «pacto de silencio» da transición deixou sumido nun estado llindeiro coa amnesia, Mirta Núñez publicou case de seguido dúas importantes obras centradas tamén na represión franquista: *Mujeres caídas* e *Los años del terror. Mujeres caídas* describe e analiza o cínico tratamento da prostitución no discurso moralizador nacional-católico, que nun alarde esquizoide tolerou a súa práctica intra muros dos bordeis e non acometeu definitivamente a súa ilegalización ata 1956.² Ata esa data a prostitución estivo formalmente consentida e abertamente regulada: isto é, existían as prostitutas ‘legais’ —establecidas en *meublés*, coa súa correspondente cédula sanitaria— e as ‘clandestinas’ ou da rúa, cuxa represión de tipo carcelario alcanzou, a partir de 1941 e dentro dun clásico discurso de hixiene social, a delirante forma de prisións especiais nas que eran encerradas en calidade de detidas gobernativas, sen xuízo previo ningún e sen teren sequera o dereito de redención de pena, recoñecido á maioría dos presos.

Como sinala Mirta Núñez, nas prisións especiais de Aranjuez, Calzada de Oropesa, El Puig ou Xirona —gobernadas por ordes relixiosas femininas, como a maior parte dos cárceres da época— procedeuse á represión das chamadas ‘mulleres caídas’, é dicir, de todas aquelas que non encaixaban no estreito modelo de feminidade imposto polo réxime, e que ademais carecían dos contactos ou apoios necesarios para regularizaren a súa anormal situación. Tratábase, en suma, do castigo normalizador dos sectores

femininos máis desasistidos e vulnerables, desde prostitutas profesionais de baixa estofa ata mozas descarreiradas obrigadas a vender os seus corpos para sobreviviren na miseria da posguerra, cunha ampla mayoría de menores de idade e vítimas de enfermidades venéreas. Non por casualidade, e logo dun período máximo de internamento de dous anos, a ‘muller caída’ soamente era excarcelada tras recibir o visto e prace do médico do centro, sendo posteriormente obrigada a pasar revisión nos dispensarios antiveneríeos.

En suma, *Mujeres caídas* aborda un complexo tema que transcende a represión por motivos políticos do franquismo para ampliarse ao discurso de moralización pública do réxime,atravesado pola variable económico-social ou de clase. As prisións especiais foron, de feito, o destino concreto do *lumpenproletariat* social, moral e feminino da España de posguerra. Unha vez máis, Mirta Núñez innova no tratamento das fontes e utiliza unha absolutamente nova, eu diría que virxe: os arquivos das propias ordes relixiosas encargadas da represión carceraria, como o das Oblatas que se fixeron cargo de varias prisións especiais, como as de Calzada e Aranjuez. Porén, é esta mesma complexidade do tema —reflectida na mesta interacción de institucións diversas como o padroado de Protección á Muller ou as direccións de Policía e Prisións— a que escurece un tanto as explicacións. O cal, más ca un defecto, debería poñer o acento na necesidade de seguir iluminando os mecanismos do

universo penal franquista na liña iniciada polo profesor Ricard Vinyes con *Irredentas* ou *Los niños perdidos del franquismo*.

NOTAS

¹ *La prensa de guerra en la zona republicana durante la Guerra Civil española, 1936-1939.*

² Habería que facer aquí unha mención do interesante traballo de Assumpta Roura, *Mujeres para después de una guerra. Una moral hipócrita del franquismo* (Flor del Viento Ediciones, 1998).

NOVA ACHEGA Ó ESTUDIO DA REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA

Xulio Prada, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2004, 672 páxinas


OUTUBRO 2005

94

dez.eme

Xulio Prada é unha referencia entre os historiadores da represión en Galicia. A súa vasta tese de doutoramento —tres mil páxinas— vén dando lugar a varias publicacións, moitas delas en forma de artigos e comunicacións en congresos, que cobren exhaustivamente o proceso represivo acontecido na provincia de Ourense durante os tres anos de guerra civil. Se en *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia* (Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia, 2003) daba ao prelo a primeira parte do seu traballo de doutoramento verbo da problemática conceptual da violencia política e a dinámica represiva xeral do franquismo e das fontes e historiografía da represión, nesta obra céntrase expresamente no estudo dos custos humanos que causou no territorio ourensán o estoupidío da guerra civil e a aplicación da política de vinganza do réxime franquista.

Estamos diante dun traballo microhistórico que focaliza o estudo da represión nunha das provincias galegas que menos sufriu cuantitativamente o seu impacto, pendentes de datos aproximativos da represión nas dúas provincias más castigadas, A Coruña e Pontevedra. En reali-



dade, Prada súmase a esa imparable necesidade dos historiadores —e tamén dunha parte da sociedade sensible ao devir histórico estatal— de pescudar non só a magnitude da brutalidade do réxime imposto polo franquismo, senón tamén as orixes e os apoios sociais e ideolóxicos da represión. O labor de ourives de especialistas como Xulio Prada na reconstrucción histórica do proceso de alzamento, guerra, resistencia e posterior represión do frontepopulismo —con todo un conxunto de peculiaridades que requieren unha pormenorizada descripción en cada

zona— coinciden ao cabo, por suposto en diferentes planos, coa narración silenciada da memoria popular de moitos dos que padeceron directa ou indirectamente aquel poderoso trauma da guerra civil. A fixación case definitiva e a análise dos datos agachados no interior de centos de causas militares, de informes policiais ou expedientes carcerarios, xudiciais, civís e políticos esixe un traballo de poda, selección e redacción final sumamente complexo, que só unha lectura atenta pode estimar no seu xusto valor.

Malia que a explicación acadé-

mica do acaecido en Ourense naqueles traumáticos anos puidera verse na perspectiva historiográfica actual como un estudo recorrente dunha «provincia en guerra», Prada optou por presentar unha hipótese singular respecto da represión exercida nun territorio situado desde os primeiros días na retagarda do conflito. Neste traballo, que entronca coa necesidade científica de completar o mapa da represión franquista durante os anos da guerra civil (áinda carecen de estudos miníamamente axeitados unha ducia de territorios do estado español: Pontevedra, A Coruña, León, Salamanca, Ávila, Palencia, Cantabria, o País Vasco, Cuenca, Guadalaxara e Cádiz), o autor defende a tese de que a intensidade do fenómeno repressivo na provincia ourensá está relacionada con certas variables que xustifican a contía da cifra final de vítimas da represión. Para Prada, a represión «arbitraria», a resultante de retesías persoais, foi menor do que decote se tende a afirmar. En cambio, certos parámetros como a significación dos sucesos revolucionarios de 1934, a relevancia das manifestacións anticlericais, o peso dos conflitos sociolaborais, as alteracións da orde pública durante o goberno da Frente Popular, e, en especial, a resistencia á sublevación, influíron na aplicación da política de vinganza das autoridades militares.

O traballo de Prada divídese en dúas partes. En corenta páxinas resolve os seis meses de conspiración contra a República, mentres que o resto do libro se centra na narración do alzamento e represión nos diferentes territorios naturais da provincia de Ourense, con especial interese no partido xudicial da capital (cento setenta páxinas) e nas bis-

barras centro-orientais da provincia vinculadas ás obras de construcción do camiño de ferro (case cen páxinas), que foron os territorios cun maior número de víctimas por represión. Finalmente, o autor engade un apartado coas conclusións e máis de setenta páxinas de substancials anexos comentados, áinda que cremos que os referidos aos nomes das vítimas da represión querían outro tratamento tipográfico por parte da editorial, quizais semellante ao recibido na recente obra de Santiago Vega Sombria, *De la esperanza a la persecución. La represión franquista en la provincia de Segovia* (Crítica, 2005). Parece lóxico que tamén a recuperación da memoria histórica chegue ata a digna visualización dos nomes dos represaliados.

O percorrido que nos propón o autor parte da xestación do golpe militar xa antes de febreiro de 1936 na provincia, no que participaron forzas do exército, pero tamén membros da Garda Civil e cadros dos tradicionalistas e da Falanxe ourensá, con Fernando Meleiro como figura destacada. En realidade, como aconteceu noutras zonas, aos militares golpistas interesarían, non tanto «a vocación insurreccionalista da Falanxe», senón o seu Servizo de Información e Investigación, cuxa influencia mesmo se deixaba notar nas organizacións de esquerda. Son días nos que a Falanxe vai variando a súa táctica na procura de maiores contactos cos militares —esperando un sinal que os obrigase a poñerse do lado dunha medida de forza que permitiese «corrixir unha situación anárquica e desintegrada»—, tanto como para que as autoridades amosen a súa preocupación ante as conspiracións en marcha e os choques na

rúa, chegando algúns dos seus dirixentes a seren deportados e outros, entre eles Meleiro, a refuxiárense en Portugal. Era unha mostra da percepción da Falanxe como organización ilegal, cuxa proba más palpable se manifestaba na detención de José Antonio o 15 de marzo.

Ourense, coma toda Galicia, estaba a expensas das decisións da Capitanía xeral da Coruña, convertida no enlace galego do golpe militar. As posibilidades de que este acontecese durante o mes de abril quedaron abortadas ante a falta de apoios e un clima de opinión desfavorable a esa decisión, pero tamén ao coñecemento por parte do Goberno dos plans, malia que a súa actuación posterior non fose contundente dabondo como para afastar a pantasma da conspiración.

Nesa altura xorde a figura do xeneral Emilio Mola como «director da conxura» que reúne baixo a súa influencia cinco plans preparativos desiguais de golpe de estado (un dos falanxista requetés, outro das gornicións provinciais, un terceiro preparado desde Madrid pola xunta de xenerais, un cuarto propiciado desde a Unión Militar Española e, finalmente, o que deseña el mesmo). Aqueles militares enrolados nese proceso conspirador que xa desde entón encabeza Mola estaban animados por un ideario sumamente reaccionario no que o anticomunismo e a visión dunha patria en perigo caracterizaban a armazón de planificación e o clima favorable ao golpe. Tamén en Ourense era evidente esa atmosfera, malia os escasos progresos organizativos que se conseguían, xa que entre os oficiais ourensáns había división de opiniões, entre os golpistas e os legalistas, se ben comeza a activarse a pre-

senza dunha Liga Secreta anticomunista no cuartel de Infantaría, e no medio rural establecense os primeiros contactos con algúns militares retirados que, porén, carecen dunha noción real do que se está a preparar. Algo máis alertados ca estes permanecían os comités civís, dos que se esperaba o apoio económico, os datos que puidese proporcionar o seu aparato informativo durante a conxura e a creación dun contexto favorable a ela, especialmente a través dunha dinámica de radicalización da vida política. Neste sentido, Prada sinala a importancia do labor despregado por representantes da dereita local ourensá no seu papel de intermediarios cos militares, na creación dese clima de desgobierno, no financiamiento económico ao golpe, no apoio subministrado polas súas profundas redes de relacións sociais ou no cumprimento dos cargos administrativos dentro do poder local nos primeiros momentos tras o golpe.

Logo da conmoción que provoca na provincia o asasinato de Calvo Sotelo, os acontecementos sucedense vertiginosamente. Rumores, preparativos de defensa abortados, confianza no poder antifascista da folga revolucionaria e vixilancia das estradas, especialmente das que conectaban con Portugal, polas que se sospeitaba podía entrar un alijo de armas e municións, ou mesmo puidesen aparecer os xenerais Sanjurjo e Cavalcanti, protagonizan eses días previos ao definitivo golpe e tamén a mesma mañá do 18 de xullo. A realidade do levantamento militar dispara a creación dunha sorte de Comité de Defensa da República (CDR), no que participan os principais representantes da Frente Popular. Prada asegura,

fronte ao que semella acontecer noutras zonas lixeiramente más organizadas, que non hai constancia de que dentro do CDR ourensán se establecese unha xerarquía ou sequera unha división de funcións, pois «a improvisación foi a nota dominante», sobre todo porque os membros dese recentemente formado organismo valoraron de diferente xeito tanto o desenvolvemento dos acontecementos como o xeito de acometelos, en especial no referido á repartición de armas, que axiña pasaron a estar nas mans da Garda Civil. A pormenorizada descripción dos sucesos ata o rápido triunfo dos militares é unha mostra máis dese traballo con escrupulo do historiador, que Prada traza partindo da documentación inédita, que sistematiza, selecciona e transforma en materia narrativa.

Coma no resto do territorio galego, o gobernador civil controlou e «adormeceu» a cativa resistencia ao golpe impedindo a ausencia dun poder alternativo que puidese opoñerse realmente aos militares, se ben en ningún caso xurdiron na provincia apoios evidentes á legalidade por parte das forzas policiais ou militares para contrarrestaren a forza do alzamento. Entanto algúns grupos defensores da lexitimidade republicana se concentraron en lugares preto da cidade ou das vilas deseñando actos de resistencia de notoria fraqueza, os militares foron quen de improvisar a constitución de grupos civís armados coa finalidade de manter a orde. Eran nalgúns casos «axentes de policía honorarios», que colaboraron —xunta os policías e os gardas civís— nas operacións de recoñecemento, vixilancia e limpeza dos diferentes centros do frontepopulismo na provincia, nas que se

significaron as escuadras de falangistas da capital e algúns membros de Castrelo de Miño ou O Carballiño.

Ganada a cidade e o resto das poboacións da provincia, a preocupación dos sublevados centrarse na «desarticulación da folga convocada dende a Casa do Pobo». Comezan as alocucións radiadas preparadas para que os obreiros se reincorporen aos seus traballoos «coa manifestación expresa de que serían anulados os seus contratos no caso de non facelo de inmediato». Os empregados de comercios e oficinas foron os primeiros en obedecer as ordes das novas autoridades. Era martes 21 de xullo. Dous días despois, moitos obreiros mantíñanse en folga, polo que as autoridades militares optaron por recorrer aos «métodos de Mola», centrados en inflixir «ejemplares castigos en los más destacados miembros de la directiva del sindicato correspondiente o partido político». O día seguinte, case todos os empregados se reincorporaron aos seus postos, ainda que nalgún sector, como o da Compañía de Ferrocarrís do Oeste, as autoridades comprenderon que cumplía manter criterios más flexibles, dada a súa importancia estratégica, máis tras sufriren a vía férrea Ourense-Vigo un intento de voadura nas pontes de Santa Mariña e Fillaboa, nos concellos pontevedreses das Neves e Salvaterra, tras un operativo realizado polo CDR desta última localidade, que se mantivo activo ata o 27 de xullo, data na que tamén empeza a acadarse unha certa normalidade laboral na cidade das Burgas.

Porén, moitos obreiros non se reincorporen aos seus postos de traballo durante os días seguintes, pois decidiran fuxir aos montes ante

o perigo de convertérense en obxectivos da represión. Era unha proba evidente da «nula utilidade da folga xeral revolucionaria como instrumento de loita fronte a un Exército fortemente armado», apoiado polas milicias e por diferentes sectores sociais.

Aínda que o proceso represivo se inicia cos rexistros e incautacións nos locais dos partidos de esquerda xa o mesmo día 22 de xullo, os grupos de fuxidos agachados nos montes, que ao primeiro confiaron nun rápido restablecemento da situación política anterior, comezaron a regresar nos primeiros días do mes de agosto. Nesa altura, o Exército e as milicias cidadás iniciaron de modo exhaustivo e amplio «a limpeza sistemática das aldeas consideradas núcleos esquerdistas de certa consideración», impedíndolle ao resto dos fuxidos verse protexidos nas proximidades das poboacións. Destas periódicas e intensas operacións de limpeza xorde un feixe de historias de vida, algunas axiña truncadas pola violencia da represión, outras protexidas por unha dose de fortuna, como a do empregado de farmacia e socialista Juan Rodríguez Dever, que logo de fuxir do cerco das patrullas paramilitares se agacha ¡oito anos! na pensión onde vivía na rúa do Progreso, baixo a protección da familia propietaria.

En realidade, a intensidade da represión que comezou naqueles primeiros días de agosto no territorio ourensán, coma noutras lugares onde non houbo resistencia das autoridades ou dos militares legalistas, responde, segundo Prada, ao fracaso do golpe en gran parte do estado e «a resistencia das masas» que transforma o pronunciamento en guerra civil. Nese momento, as

diferentes comandancias militares espalladas polas catro provincias galegas reciben ordes da Xunta de Defensa Nacional, por medio do xefe da VIII División, para que se levase a cabo «unha minuciosa represión de todos cantes se significaran durante a etapa republicana», co fin de garantir o dominio real e efectivo sobre todo o territorio. Para ese labor de limpeza cumpriron a mobilización dos apoios á sublevación, a desaparición da rede legal republicana e a creación dunha estrutura na que o terror fose a arma para lograr a parálise dos desafectos ou mesmo dos indiferentes. Esta magna operación de selección arruinou en calquera caso a posibilidade dunha *terceira vía*, xa que os resistentes e os seus apoios pagaron coa vida ou co cárcere a súa fidelidade á lexitimidade republicana. Só unha semana despois do golpe comezaron as sacas e os paseos, e o 28 de xullo o presidio ourensán estaba ateigado de prisioneiros amoreados durante os días anteriores. Durante ese primeiro verán de guerra civil, os militares preocupáronse fundamentalmente por acabar coa presenza dos fuxidos nos montes próximos a certas poboacións, mediante unhas cada vez más perfeccionadas batidas de limpeza, nas que participaban representantes de todas as forzas militares e policiais así como milicianos civís. Neste sentido, as análises realizadas en varias zonas do territorio galego permiten amosar que os sublevados toparon axiña moitas persoas decididas a colaborar e incitar ao exercicio da violencia represiva. A delación converteuse nun mecanismo de colaboración entre a poboación civil e as diferentes forzas represivas, dentro dun contexto sociopolítico propicio

no que o réxime militar ofrecía incentivos de variada tipoloxía, pero, sobre todo, a exención de calquera tipo de responsabilidade, especialmente das relacionadas con penas que obligasen a prolongadas estancias no cárcere. Falanxistas, pero sobre todo veciños ‘correntes’, dirixíanse especialmente á Garda Civil para incriminaren membros das súas antigas redes de sociabilidade, que pasaban a engrosar as listas negras que começaron a circular nas mans dos represores. As figuras dos delatores aumentaron durante os meses da guerra civil, ao agrumar o desexo de moitos de avirse coas novas autoridades. Retesías ou intereses persoais, conflitos de clase ou ideolóxicos comezaron a empregarse como escusas para presentar denuncias diante das autoridades respecto dalgúns veciños que o medradeiro colectivo de colaboracionistas non dubidaba en delatar. A análise do fenómeno represivo no concello de Seixalbo, a través do «sistema de triangulación» empregado polos antropólogos, permite ao autor tirar conclusións do fenómeno represivo en diferentes etapas da investigación. Os fuxidos deste concello ourensán máis significados políticamente mantiveron a súa condición de «fuxidos itinerantes», condicionada tanto pola axuda dalgúns apoios da vila como pola ameaza de seren denunciados polos veciños más belixerantes cos resistentes.

En realidade, a represión aplicouse a través de dúas modalidades que Prada delimita como dúas etapas coexistentes dun mesmo proceso represivo. A *represión institucionalizada* practicouse mediante as causas incoadas ás principais autoridades da provincia e aos persoiros más sobranceiros do

mundo republicano. Así, Martín March, o ex gobernador civil da provincia, como aconteceu co resto dos gobernadores provinciales galegos, foi executado no Campo de Aragón o 17 de setembro de 1936 acusado dun delito de traizón. A cifra de fusilados por sentenza xudicial elevouse finalmente a 143 ata a fin da guerra civil, case unha cuarta parte do total das vítimas da represión, con especial incidencia en 1937. Mesmo unha trentena de persoas foron fusiladas por ordes directas da Comandancia Militar, sen que se emprendese ningún tipo de proceso xurídico.

Pola *represión paralegal* —cos ‘paseos’, ‘visitas’ nocturnas ou a tristemente coñecida «lei de fugas»— serán as bisbarras de Ourense, Ribadavia, Valdeorras e Verín as más castigadas da provincia, coas frecuentes sacas nocturnas que saen dos cárceres coa escusa dunha orde de traslado ou dunha suposta concesión de liberdade, diligencias que adoito remataban con varias víctimas da represión deitadas nalgúns dos *lieux de memoire* que se ergueron en boa parte dos territorios, onde a violencia represiva dos sublevados foi impoñéndose; na maioría dos casos eran gabias de estradas ou lugares afastados das poboacións. Con todo, non resulta doadoo establecer cifras aproximativas —Prada achega unha cifra de 345 vítimas— do impacto real deste tipo de represión cos datos que proporcionan as fontes orais e os rexis-

tros civís, polo que permanece a sólida sensación de que en certas bisbarras o número finalmente presentado non recolle a cifra real de vítimas da violencia represiva.

A aplicación das diferentes modalidades de represión durante todo o período da guerra civil impediu que, tras case sete décadas, poida facerse un reconto apropiado das vítimas. Prada soamente conseguiu establecer a cifra exacta dos fusilados na provincia ourensá. En realidade, desde 1937 certas vítimas da represión —nun número que ignoramos— camufláronse baixo causas dispares ou, en ocasións, a caótica situación administrativa daqueles anos favoreceu que non fosen rexistradas. Moitas mortes recollidas nos libros de defuncións dos Rexistros Civís como resultado de ‘hemorraxia interna’ ou ‘externa’ quedaron, por supostos, sen investigar, e, posiblemente, respondían a mortes acontecidas durante os durísimos interrogatorios realizados polos policías franquistas ou durante os rexistros efectuados polas patrullas paramilitares que aterrorizaron as vilas galegas a partir de agosto de 1936. De feito, unha vella normativa das últimas décadas do século XIX, ainda vixente durante a guerra civil, permitía que nos Rexistros Civís non se consignasen as causas das mortes violentas, das execucións ou das ocorridas en presidio. Semella que o novo réxime pudo recorrer a esta normativa para ‘velar’ pola honra das familias, eludindo citar na acta de defunción a condición de ‘paseado’ e ‘executado’ do defunto. E mesmo as familias, nese contexto de brutal represión psicolóxica que se padeceu durante a guerra civil, especialmente nas zonas rapidamente con-

vertidas en feudos dos sublevados, non solicitaban certificados da defunción para evitaren problemas, acataban descoñecer o lugar da morte dos seus familiares represaliados ou, cando non, que tamén aconteceu, eran castigados por delitos de inhumación ilegal.


A intensidade do uso da violencia como elemento fundamental na sublevación militar explica que a imposibilidade de cuantificar o número de víctimas en Ourense, en Galicia e no territorio estatal. Moitos dos estudos feitos ata o de agora non pasan de apoiarse en datos provisionais. A ininterrompida aplicación das dúas modalidades do proceso represivo —a paralegal e a institucionalizada— permitiu que o réxime militar manipulase os datos reais da represión, conseguindo que a súa reconstrucción, sesenta e seis anos despois, sexa unha quimera. Non obstante, como a necesidade de achegar «datos reais» non é nesta altura do proceso historiográfico da represión unha obsesión, as análises dos últimos anos veñen centrándose na «función social do réxime e da súa violencia», na descripción das estruturas económicas, administrativas, sociais e culturais que ampararon tanto a aplicación da brutalidade como a formación dunha superestructura mental autorrepresiva, que provocou a supresión da conciencia individual e a distorsión da memoria colectiva. Non doutra maneira deben analizarse as consecuencias da aplicación da política franquista de «todo oponente será destruído», cuxo obxectivo fundamental era o exterminio do inimigo e non soamente a súa derrota. Testemuño rigoroso desa aniquilación é este traballo científico que o profesor Xulio Prada acaba a entregarnos.

UNHA NOVA APORTACIÓN Ó ESTUDIO DAS LOITAS OBREIRAS

VV. AA., *La Conquista de la libertad. Historia de las Comisiones Obreras de Andalucía (1962-2000)*, Fundación de Estudios Sindicales de CC.OO.-Andalucía, Puerto Real, 2004, 823 páxinas

O libro editado pola Fundación de Estudios Sindicales de CC.OO. de Andalucía abrangue o período histórico que vai dende o nacemento desta organización en 1962 ata o ano 2000. O traballo dividiuse en catro partes que percorren —algunhas delas de forma cronolóxica, como a primeira e parte da segunda— o devir da organización ata a legalización do sindicato en 1977 e desde aquí ata o 2000, con tres grandes temas: a organización, a negociación colectiva e a concertación social. Os autores do libro son Alfonso Martínez Foronda (coordinador), Encarnación de Lemus López, Antonio Barragán Moriana e Ángeles González Fernández. Elaborado sobre unha ampla bibliografía pero, sobre todo, cun traballo de campo que recuperou —coas entrevistas a dirixentes históricos de CC.OO. de toda Andalucía— a memoria oral de moitos dos seus protagonistas, ocupando un espazo que estaba baleiro pola ausencia de documentos escritos.

Quizais a parte máis innovadora, por menos coñecida, é a refe-



rida á orixe das CC.OO. en Andalucía en cada unha das súas provincias, rastrexando fundamentalmente a achega que fixeron para a organización do movemento obreiro os seus protagonistas. Neste sentido, a investigación arranca da peculiaridade das lóitas do Marco de Jerez, únicas en España na metade da década dos cincuenta, e penetra na achega que desde Andalucía —cunha raquíctica arquitectura industrial— se fixo á loita antifranquista desde a necesidade de aguzar os sentidos para tirar o máximo proveito. Nas súas páxinas aparecerán mobilizacións que foron pioneiras en España, como a folga dos taxistas e dos transportes públicos de Sevilla en 1967, as marchas lentas que se

inventaron na Hispano Aviación en 1968 ou as grandes folgas xerais da construcción de Xerez en 1968 e de Sevilla e Granada en 1970, nesta última cidade co tráxico balance de tres albaneis mortos. O libro rasstrexa a xeografía da represión en Andalucía aos militantes de CC.OO., con centos de detidos e miles de despedidos, para deducir que a democracia non foi senón unha conquista na que a espiña dorsal a constituíu o novo movemento obreiro organizado desde as Comisións Obreiras.

ELOÍSA BAENA
ARQUIVO HISTÓRICO
CC.OO. ANDALUCÍA

UNHA PROPOSTA EDITORIAL NECESARIA

Cultura moderna, número 1,
Editorial Doble J, Sevilla,
163 páxinas

Cultura moderna é unha revista nova de periodicidade semestral que procura o obxectivo fundamental de constituírse en marco de reflexión multidisciplinar verbo do pensamento cultural e artístico contemporáneo. Os contidos xiran arredor dun tema monográfico e presenta unha mestura de artigos, algúns especialmente preparados para a revista, outros aparecidos en publicacións de prestixio de fóra de España; tamén se inclúen textos considerados clásicos.

Se o seu número cero trataba o tema Cultura y política, esta segunda entrega versa sobre as relacións entre cultura e xénero. Arrinca cun artigo que enlaza co número anterior: «El fascismo de Dalí; la paranoia de Lacan», de Robin Adèle Greeley da Universidade de Connecticut. Neste traballo, xa publicado en *Art History*, analízase a figura do pintor español e o significado dalgúnhas das súas obras, entendidas entón polos surrealistas como perigosamente próximas ao fascismo; desta acusación defendíase o pintor, que a vía como un intento de comprensión do fenómeno do nazismo pola utilización do seu método crítico paranoico. O articulista, amais de encontrar sospeitosa a actitude de Dalí con respecto a Hitler, faino seguindo o percorrido vital e intelectual do artista e das relacións da esquerda co movemento surrealista. Para iso, as referencias a algunas das obras de Dalí como *El destete del mueble-alimento* ou *El enigma de Hitler* convértense en instrumentos de análise sobre os que



asenta a visión do autor respecto daquela relación.

Outro artigo interesante é «Pintar con dos pelotas. El género (mascu-lino) de la pintura informalista», no que Julián Díaz Sánchez utiliza a obra de Jasper Johns, Pintura con dos pelotas, crítica do expresionismo abstracto, para introducirnos na análise do monopolio da figura do home dentro dos grupos artísticos e das súas propostas centrados aquí no expresionismo abstracto.

Incorpórase unha entrevista densamente ilustrada coa artista Marina Núñez e un traballo de Miguel Cabanillas Bravo sobre «Margarita Nelken, crítica de arte», que vén a reivindicar a súa figura política e a súa obra, ao tempo que se recupera un escrito desta muller da II República: *El arte y la sociedad*.

Maria López Fernández desentraña en «Los inicios de la emancipación femenina y su reflejo en las artes plásticas españolas de fin de siglo (1890-1914)» os tópicos misóginos das representacións artísticas das mulleres feministas na sociedade española dacabalo entre o século XIX e o XX; para iso utiliza a aparición da muller en todas as canles de representación gráfica, coincidindo co inicio do proceso de emancipación feminina desde fins do século XIX. A aparición dun pensamento feminista, os seus ins-

trumentos de concienciación feminina que permitiron a confrontación cos sectores sociais que representaban o pensamento tradicional. Naquela etapa, importante para a liberación da muller, popularizouse a súa presenza en actividades de todo tipo que antes lle estaban vedadas e, en consecuencia, a súa imaxe pasou a formar parte do cotián nalgúns medios de comunicación e nas súas ilustracións comerciais.

O número finaliza co ensaio de Carmen Bernárdez Sanchís, «Materiales para el arte y la memoria», que enfía co tema do próximo número: Cultura y violencia. O traballo da profesora da Universidade Complutense de Madrid céntrese na utilización de materiais, non artísticos en apariencia, e as súas relacións coa violencia desde a óptica de seis mulleres artistas. Supón entrar no territorio destas creadoras a través dalgúnhas performances ou instalacións que son vistas como un intento de explicar esa tendencia do proceso creativo contemporáneo caracterizado pola confluencia de linguaxes, signos e soportes materiais como forma de «romper el potencial fetichista de ciertos productos de la industria cultural, relativizándolos. Preservar los restos, las ruinas y las huellas para, a partir de ellas, reconstruir un imaginario, describirlo y memorizarlo».

Velaquí unha revista de grande interese intelectual polo carácter interdisciplinario, as imaxinativas propostas de reflexión e debate e porque, no ámbito das revistas culturais en España, supón unha aposta arriscada polas dificultades de subsistencia ao seren só frequentadas por un público minoritario. Sena cal for o seu devir, benvida nestes tempos de atonía intelectual e pensamento politicamente correcto unha revista desta feitura, que, como pouco, merece o noso apoio e recoñecemento.

INFORME DE AMNISTÍA INTERNACIONAL

POÑER FIN AO SILENCIO E A INXUSTIZA

EDUARDO BRAGADO

Na páxina web de Amnistía Internacional (www.es.amnesty.org) atopamos un interesante documento que pode servir para centrar o debate sobre o tema da memoria histórica en España e o papel do Estado e da sociedade civil nesta inescusable tarefa. O documento (podémolo baixar en formato pdf) titúlase *España: poner fin al silencio y a la injusticia. La deuda pendiente con las víctimas de la Guerra Civil española y del régimen franquista* (A. I. Sección Española, xullo 2005).

O informe de A. I. parte dunha argumentación fundamental para afrontar a débeda do Estado español coas vítimas da guerra civil e do franquismo. Os delitos que cometieron nesa época ían de xeito absoluto e meridiano contra dereito internacional daquela vixente. Esta afirmación, documentada na legalidade internacional nos anos trinta e nos xuízos da posguerra, é unha peza básica para entender ata que punto debe ser un compromiso fundamental para a democracia española reparar a sostida inxustiza e por fin ao esquecemento.

As torturas, desaparicións, paseos, execucións extrajudiciais, violacións, ataques contra a poboación civil e outros abusos xa eran considerados daquela crimes de guerra e contra a humanidade.

Durante o réxime franquista, as vítimas destes atroces delitos non tiveron compensación de ningún tipo, ben ao contrario, a chamada *Causa General* de 1940 exculpaba os agresores de calquera responsabilidade e resolvía a cuestión da memoria da guerra civil na absoluta culpabilidad dos membros do chamado «bando roxo», mentres as igrexas, rúas e prazas do estado español se enchían de símbolos na honra e glorificación dos caídos pola patria. No réxime, a represión política converteuse nun eixe básico. Os cargos políticos e sindicais, os funcionarios leais á república e tamén as súas familias foron perseguidos de xeito sostido e contumaz, como tamén o foron a minoría xitana e os homosexuais e transexuais (incluídos en 1954 na *ley de Vagos y Maleantes* de 1933), que sufrieron os perversos efectos dunha lexislación creada para reforzar a persecución e a represión. A prolongación do estado de guerra ata 1948 permitiu ao exército controlar todo o relacionado co mantemento da orde pública, e ainda despois detivo competencias políticas e xurisdicionais que lle permitiron actuar á marxe de calquera control civil. Así, durante o réxime franquista continuaron as sistemáticas vulneracións do

dereito internacional; a lei de Orde pública de 1960 reafirmaba a pena de morte como castigo para multitud de delitos «por considerar necesaria su continuidad para reprimir eficazmente actuaciones subversivas o reveladoras de peligrosidad».

Na transición democrática, a cuestión das vítimas da guerra civil resolveuse de xeito vergonzoso cun mero recoñecemento da existencia do problema e a compensación económica que non satisfizo a xusta reparación das vítimas e as súas familias de tan graves delitos. Na transición democrática, a *lei de Amnistía xeral* de 1977, se ben permitiu a saída do cárcere e o regreso do exilio de miles de opositores, tamén serviu como lei de punto final para evitar a aplicación da xustiza aos torturadores e responsables da represión. Militares, encargados da seguridade pública, cargos políticos e funcionários que cometean delitos contra a humanidade na guerra civil e durante o franquismo evitaron ser xulgados e os seus crimes quedaron impunes. Nos primeiros anos da democracia, o perigo involucionista serviu de coartada para sostener este veo de silencio, e a censura caeu sobre aqueles que reclamaban a xusta reparación das vítimas da ditadura franquista. Só a tenacidade das familias das víctimas e das organizacións da esquerda política máis com-

prometidas coa rehabilitación dos dereitos humanos conseguiron manteñer viva a chama da loita contra a impunidade.

Na segunda metade dos noventa creáronse organizacións para a recuperación da memoria histórica, entre as que destacan a Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica e o Foro pola Memoria Histórica, esta última alentada polo Partido Comunista. Ambas as organizacións obrigaron a pór na axenda política do Goberno español a cuestión das vítimas.

A páxina da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (www.memoriahistorica.org/) aglutina distintos grupos locais nos que se desenvolve a procura de desaparecidos, se escavan foxas comúns e se investigan as execucións extrajudiciais. A web de Memoria Histórica permite a adhesión como usuario rexistrado, o que posibilita pórse en contacto con outras persoas interesadas no tema da recuperación da memoria histórica. O foro da web converteuse así nun instrumento útil para a cooperación nesta tarefa, xa que as familias das vítimas poden contactar con outras familias das distintas comarcas para iniciar os traballos de localización. A páxina tamén contén entradas a outras páxinas valiosas para a recuperación da memoria histórica e a reconstrucción histórica da época republicana, da guerra civil e da represión franquista. Inclúe ademais unha hemeroteca e unha galería de imaxes.

A páxina do Foro pola Memoria ten moita información sobre as actividades que están en marcha

nas distintas comunidades para a recuperación da memoria histórica (www.nodo50.org/foroporlame-moria/inicio.htm). O Foro pola Memoria xurdiu no ano 2002 e foi promovido polo Partido Comunista de España, que ten entre os seus obxectivos políticos reclamar a digna reparación das vítimas da guerra civil e do franquismo. Na propia páxina está aberto na actualidade un foro sobre o grao de vinculación que este debe ter coa organización comunista e que tipo de relación debería establecer o foro con outras asociacións con obxectivos semellantes.

Nesta páxina atopamos un completo protocolo de actuación para o desenvolvemento das escavacións; nel precisanse os obxectivos, equipo humano, fontes de financiamento, equipo material e normas para cumplir nas escavacións. O Foro pola Memoria non só pretende reparar as familias das vítimas, senón que entende a recuperación da memoria como un derecho cívico a coñecer a verdade do ocorrido na época da represión fascista. Así, subliña a importancia de reconstruír o contexto histórico, político e relixioso no que ocorrerón os feitos obxecto de investigación. A localización das vítimas debe implicar un rigoroso traballo de documentación, identificación e interpretación dos restos. Unha vez recuperados e exhumados os restos, deben ser entregados ás súas familias atendendo á necesaria asistencia psicolóxica. Mais o traballo non debe rematar aí, pois a reparación das vítimas e a restitución dos dereitos ás súas familias ten unha dimensión de revisión xudicial dos feitos que

non se pode esquecer. Así mesmo, as institucións públicas han contribuír ao financiamento das campañas e a divulgación dos resultados, tarefa indispensable tamén na reparación.

O desafío das exhumacións das foxas comúns e a procura de testemuñas sobre desaparecidos esixe un traballo interdisciplinario; por iso o foro recomenda que nunha escavación estean presentes, cando menos, os seguintes profesionais: un coordinador, avogados, historiadores, especialista en fontes orais, arqueólogos, antropólogos, documentalistas, psicólogos, fotógrafos, médicos e outros especialistas segundo as circunstancias específicas de cada caso.

En Galicia é a Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática (www.memorahistoricademo-cratica.org) a que, co apoio de distintos colectivos e case todas as organizacións políticas e sindicais de Galicia, organiza o Congreso da Memoria. A súa primeira edición, celebrada en Narón en decembro de 2003, estivo dedicada á represión franquista. As actas deste congreso xa están publicadas. Este ano levarase adiante o Segundo Congreso da Memoria en Culleredo, os días 1, 2 e 3 de decembro, dedicado á II República e a Guerra Civil. Na páxina podemos ler a relación das comunicacións dun congreso do máximo interese para coñecer o estado da cuestión atendendo ás últimas investigacións. O traballo da Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica de Galicia e do Foro pola Memoria contribúe a desvelar

datos e analizar un período da nosa historia que, como se di na páxina de presentación de Memoria Histórica Democrática, estivo esquecido durante moito tempo polas institucións académicas.

Defenden as asociacións cívicas pola recuperación da memoria histórica, e así se afirma tamén no informe de A. I., que o rigor nos protocolos de actuación e a implicación das institucións do Estado son fundamentais en canto neste proceso se resolve un aspecto central nos sistemas democráticos: o dereito á verdade e a recordar, dereitos recoñecidos na legalidade internacional. O dereito á verdade que teñen as familias das vítimas e do que debe dotarse unha sociedade resolta a non aturar a reedición de tan horribles crimes. O Estado, como lexítimo garante dos dereitos da cidadanía, debe ofertar a xusta reparación ás vítimas e as súas familias. Os anos transcorridos sen habilitar a dita reparación non fan outra cousa que prolongar a inxustiza e son unha verdadeira lousa que empardece a calidade da nosa democracia.

As familias das vítimas e a sociedade española teñen dereito a coñecer as circunstancias de tan horribles delitos; sen pretender abrir novas feridas, a verdade dos feitos debe saír á luz. As políticas de esquecemento e de impunitude teñen consecuencias para as vítimas pero tamén, a longo prazo, para o conxunto da sociedade. A mellor maneira de previr transgresións futuras é reparar os delitos cometidos contra os cidadáns no pasado; non podemos construír un porvir democrático confiado se non

poñemos os medios para a reparación das vítimas de crimes de guerra e contra a humanidade. Así o están a facer outras democracias europeas que sufrieron procesos históricos semellantes.

O informe de A. I. chega a cinco conclusións sobre as que o Estado español debería reflexionar e actuar con prontitude. En primeiro lugar, afirma que malia o carácter sistemático da tortura durante a represión franquista, non se recoñeceu nin reparou as víctimas, nin foron arbitradas medidas suficientes para evitar a repetición destes feitos e permaneceron en activo sinalados autores destes abusos. En segundo lugar, a situación das persoas desaparecidas e executadas extrajudicialmente, cuxos restos permanecen en foxas comúns e clandestinas, non foi asumida como tarefa do Estado, o que obrigou as familias das víctimas a emprender unha procura dos restos, feito que debería ser unha obriga pública. O Estado mantívose alleo a esta tarefa e non facilitou o desenvolvemento das investigacións nin das exhumacións. En terceiro lugar, o informe destaca que as familias e organizacións que perseguiron a revisión e anulación das sentenzas de persoas executadas baixo procesos inxustos atoparon nos tribunais unha defensa pechada da «cousa xulgada» e a validez dos fallos na aplicación da legalidade vixente na ditadura. En cuarto lugar, o dereito de reparación, que comprende a indemnización polos danos, a restitución, rehabilitación, satisfacción e garantías de non repetición, non foi tutelado pola Administración de xustiza. Por último, o informe

destaca que o Estado español privou de recursos efectivos para alcanzar a verdade, xustiza e reparación a numerosas víctimas da guerra civil e do franquismo, o que constitúe unha segunda vulneración dos dereitos internacionalmente recoñecidos. A situación prolongouse na transición e persiste ata a actualidade. En definitiva, non existiu en España unha política de estado para responder ao dereito das vítimas a unha reparación na súa dimensión individual e colectiva.

Finalmente, no documento de A. I. fanse as seguintes recomendacións ao Estado español para modificar esta situación de prolongada inxustiza que ennegrece gravemente o panorama dos dereitos humanos no noso territorio. A. I. recomienda que o goberno español aproveite a xusta resposta ás vítimas do franquismo para adherirse á *Convención da ONU sobre imprescritibilidade dos crimes de guerra e dos crimes de lesa humanidade*.

No referente á memoria colectiva, o dereito á verdade e o deber de non esquecer recomenda que o Estado adopte as medidas para preservar os arquivos e outras probas relativas aos crimes contra o dereito internacional que ocorreron na guerra civil e no franquismo. Debérase adoptar as medidas necesarias para impedir a subtracción, disimulación ou falsificación dos arquivos. Debérase organizar un arquivo que, contando coas novas tecnoloxías, catalogase todos aqueles documentos relevantes para a recuperación da memoria colectiva. Tamén se recomenda que para

o esclarecemento da memoria histórica se cree un órgano oficial temporal de carácter non xudicial, co mandato de investigar os abusos graves cometidos no período da guerra civil e do franquismo e introducir na nova Lei de educación a cuestión da memoria histórica na materia que desenvolva o contido dereitos humanos.

Sobre o dereito das vítimas para facer efectivo o seus dereitos á verdade, xustiza e reparación, o Estado español debería recoñecer que privou as vítimas de tales dereitos e comprometerse solemnemente na súa rehabilitación. As familias das vítimas terán dereito a interpoñer recursos e obter reparacións en aplicación do acordo sobre *Principios e directrices básicas sobre o dereito das vítimas de violacións manifestas das normas internacionais de dereitos humanos e de violacións graves do dereito internacional humanitario, aprobado pola Comisión de Dereitos humanos de Nacións Unidas en abril de 2005*.

Así mesmo, o Estado español, na súa lexislación, políticas, programas e medidas de reparación, deberá ocuparse de maneira expresa de recoñecer as vítimas de persecución, detencións arbitrarias,

tortura e tratos crueis e degradantes; deberá restaurar a verdade sobre os abusos que durante a ditadura sufriron cidadáns e cidadás por razóns políticas, étnicas, relixiosos ou de orientación sexual.

Con respecto aos desaparecidos e as execucións extraxudiciais, A. I. recomenda ditar lexislación e normas sobre as actuacións en materia de localización de foxas, exhumacións, identificación de restos e restitución ás familias para a inhumación segundo a presunta vontade da vítima ou a expresada polos seus. Recomenda tamén a creación dunha fiscalía específica para asegurar a coordinación de todas as administracións implicadas na investigacións dos casos de desaparición e execución extraxudicial. Nesta tarefa cumpliría articular un protocolo de actuación desta fiscalía e dos funcionarios implicados na reparación das vítimas. Ese protocolo ha axustarse aos principios relativos a unha eficaz prevención e investigación das execucións extraxudiciais, arbitrárias ou sumarias recomendado pola ONU na súa resolución de 1989/65, do 24 de maio de 1989.

Con relación ás persoas executadas por sentenzas ditadas no marco da represión franquista, o documento de A. I. recomenda adoptar as medidas lexislativas necesarias dirixidas á nulidade de tales sentenzas e garantir o dereito de reparación ás vítimas e os seus familiares.

O documento de A. I. sección española ten data do 18 de xullo do 2005. Lamentablemente, a

democracia española está tardando de máis en afrontar esta cuestión inadiable. O 20 de novembro do 2002 aprobouse unha proposición non de lei que por primeira vez abordaba o recoñecemento das vítimas da guerra civil e do réxime franquista en sede parlamentaria. Nesta iniciativa parlamentaria condénase por primeira vez, aínda que sen mencionalo, o golpe de Estado de xullo de 1936 e faise un recoñecemento das víctimas da guerra civil e da ditadura. Así, a proposición de lei «condena o emprego da violencia co fin de impoñer conviccións políticas e establecer réximes totalitarios contrarios á liberdade e a dignidade de todos os cidadáns como ocorreu no pasado, para más adiante reafirmar o recoñecemento moral debido a todas as víctimas da guerra civil e da ditadura franquista, e insta o goberno a desenvolver de maneira urgente unha política integral de recoñecemento e de acción protectora económica e social dos exiliados da guerra civil, así como dos chamados nenos da guerra». Foron a presión das organizacións citadas e as múltiples iniciativas que se desenvolven na actualidade sobre a recuperación da memoria histórica as que obligaron a actual administración socialista a crear unha comisión interministerial coordinada dende a vicepresidencia do goberno para acometer de xeito global a reparación das vítimas da guerra civil e do franquismo. No grao de compromiso do Estado español na resolución desta cuestión pendente medirse o nivel de calidade democrática que pretendemos para o noso estado nos inicios do século XXI.

EDUARDO BRAGADO

PROFESOR DE SECUNDARIA
ebragado@mundo-r.com

CONCLUSIÓNS DO III CONGRESO INTERNACIONAL HISTORIA A DEBATE¹

CARLOS BARROS

Meses despois de celebrado este congreso, estamos en condicións de realizar unha valoración que debe ter aínda un carácter provisorio por dúas razóns: *a)* consideraremos máis ben o congreso-acontecemento que o congreso-actas; *b)* concedémonos a nós mesmos a liberdade de variar, modular ou completar as propias conclusións logo dunha (re)lectura detallada dos cento vinte relatorios, da transcripción das mesas redondas, materiais cuxa publicación está prevista en 2005, das recensións que están a facerse por parte dos congresistas más dinámicos. Cada Ano Xubilar celebramos en Santiago de Compostela, desde o primeiro Xacobeo en 1993, unha sorte de peregrinación mundial de historiadores para debater e reflexionar sobre o estado da nosa disciplina. Nesta terceira edición colaboraron catrocentas trinta entidades de máis de trinta países, multiplicouse por dez a lista de colaboracións académicas que tivemos no I Congreso. Houbo nesta terceira edición cento vinte relatores que chegaron dos cinco continentes. Durante cinco días e tres sesións simultáneas, desenvolveronse trece seccións temáticas e dezasete mesas redondas.

Un terzo aproximado do congreso foi transmitido en directo a través da nosa páxina web (www.h-debate.com), desde o Auditorio da

Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela, grazas ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Que nós saibamos, é a primeira vez que se transmite así a todo o mundo un congreso de historia por Internet, polo tanto demos un salto cualitativo no uso académico das novas tecnoloxías de comunicación, ata o presente restrinxido a videoconferencias puntuais.

Os congresos de Historia a Debate son, ademais, internacionalmente únicos na temática de metodoloxía histórica, historiografía, teoría da historia, historia e sociedade, problemas laborais e profesionais dos historiadores, historia inmediata...²

Dez conclusións provisionais

Tentarei adiantar os avances, problemas, ensinanzas para mim máis significativos do congreso de xullo de 2004, sabedores polas experiencias anteriores de que os Congresos Internacionais de HaD son un excelente barómetro para medir a conxuntura historiográfica internacional, nun contexto incluso máis «académico» có dos debates cotiáns na rede, a miúdo irreverentes. Vexamos as conclusións.

1) A rampante fragmentación da historia que se escribe. En flagrante

contradicción coa globalización histórica e historiográfica que estamos a vivir, observamos con inquietude que, desde 1993, non deixou de medrar o número de especialidades e microespecialidades académicas, temáticas e cronolóxicas, o que levou a un gran baleiro historiográfico de comunicación e proposición que explica, no seu anverso, a paralela e fulgorante expansión de HaD como rede global, e doutras iniciativas historiográficas de vocación global.

2) Avances na reconstrucción da alternativa historiográfica. O temario do congreso tivo como guía un programa global de investigación e intervención historiográficas. As achegas recibidas serven directa e/ou indirectamente, desde o acordo ou a discrepancia,³ a nosa intención previa de reconstrución paradigmática.

3) Adiantos na definición e práctica plural dunha nova historia global. Cada vez se fala e se fai máis, desde lugares e posicións diversas pero converxentes, dunha «nova historia global». Son tres as vías historiográficas —complementarias— que veñen reclamando a denominación «nova historia global».⁴

A) *A historia mixta como historia global*, xurdida como desenvolvemento do punto v do

Manifesto de HaD «contra a fragmentación» da historia, en proceso de experimentación, foi un dos temas do congreso; implica mestura de temas, métodos, liñas de investigación e especializacións académicas,⁵ coa intención de facer de novo unha historia total ou global.

B) *A historia mundial como historia global*. Xerminada en América nos anos setenta, foi desenvolvida entre os historiadores —tamén en Europa— nos anos noventa á calor da globalización. Estivo praticamente allea ata hoxe á historiografía española e latina. ¿É mester cambiar de base os conceptos de historia e historiografía herdados, para pasar da historia nacional do positivismo (en pleno retorno) ou da historia rexional dos «novos historiadores» (con incursións macrorregionais), a unha historia de ámbito mundial? Pensamos que si.⁶

C) A terceira variante destas novas historias globais emergentes é, por descontado, a *historia dixital como historia global*, efecto da globalización sobre a historiografía pola vía da informática e da revolución das comunicacións. O exemplo de Historia a Debate entre 1999 e 2005 é posiblemente único na historiografía internacional. A nosa perspectiva agora é levar este novo e consolidado ámbito mundial de sociabilidade académica da historiografía á historia empírica, animando «grupos internacionais de investigación en rede» ao redor de enfoques de investigación histórica e historiográfica que nos permitan

seguir avanzando na definición, e posta en práctica, dunha escritura da historia afeita ao século da globalización.

4) *Consolidación do que en HaD vimos chamando «Historia Inmediata»*. Espazo historiográfico de debate sobre feitos actuais, cunha importante achega latinoamericana, nado na nosa rede dixital en xaneiro de 2000. A Historia Inmediata de HaD vén sendo a culminación dun proceso lento de incorporación do tempo presente ao ámbito dos historiadores, iniciado no anos setenta en Francia no Institut d'Histoire du Temps Présent —fóra, polo tanto, da escola de *Annales*—, se ben non lograra ata hoxe cumplir o seu obxectivo, pois non rebordaba os feitos acontecidos hai cincuenta, trinta ou vinte e cinco anos: II Guerra Mundial, resistencia, guerra de Alxeria (franquismo e transición na versión española).⁷

5) *Maior aceptación no ámbito académico internacional do liderado latino que HaD representa*, unha década despois do inicio das nosas actividades, nos debates e propostas sobre cuestiós actuais de metodoxía, historiografía, teoría da historia, relación historia-sociedade, etc. Na terceira edición dos nosos congresos houbo un incremento cuantitativo e cualitativo dos relatores de fala non hispana, especialmente chegados doutros países europeos, en menor medida doutros continentes, salvo América.

Una boa demostración do presente poder de convocatoria da nosa iniciativa historiográfica, española e latina, na América anglosaxona, é a entusiasta recepción que está tendo allí —e por extensión no ámbito aca-

démico anglófono — a edición en inglés dunha selección de relatorios do II Congreso de 1999, por parte da editorial The Haworth Press de Nova York, co título *History under Debate. International Reflection on the Discipline*, cuxa saída á luz fixé-mola cadrar coa realización do III Congreso. As recensións de historiadores norteamericanos —ou de fala inglesa— solicitadas pola casa editorial foron unánimes ao avaliar *History under Debate* como un libro «important, stimulating and highly provocative, valuable and revealing...». Tamén para os autores é ‘importante’, ‘estimulante’, ‘altamente provocador’, ‘valioso’ e ante todo ‘revelador’ que na historiografía norteamericana haxa sectores que acepten que se pode ‘aprender’ algo⁸ dunha iniciativa académica que vén de Galicia, de España, do mundo académico latino.⁹

6) *Confirmación do dinamismo e a autonomía da historiografía española nesta última década*. Non o dicimos só por Historia a Debate, foro e movemento historiográfico nado en 1993; xurdiron cando menos, despois, outras dúas importantes iniciativas españolas sobre a escritura da historia que apuntan na mesma dirección. Referímonos aos promotores e practicantes —desde 1996— da «Idea Histórica de España», e mais os promotores e practicantes —desde 2000— da «Recuperación da Memoria Histórica». Tres proxectos historiográficos tan distintos coma complementarios nos contidos, intereses, medios de comunicación e dimensións. Desde esta diversidade, antitética nalgúns aspectos, comparten os tres novedades no panorama historiográfico español, incluso inter-

nacional: *a)* desbordan a dimensión de equipo ou grupo, constituíndo auténticas «tendencias historiográficas actuais» (con peculiaridades no caso da RMH en canto a composición); *b)* responden a accións académicas españolas ou de orixe española con perfís propios, autocentradou, non miméticos aínda que conectados se queira ou non con tendencias larvadas do panorama mundial; *c)* constitúen tres formas diferentes da recuperación actualizada da vella idea do compromiso ético, social e político do historiador co seu tempo (precisaremos máis logo), a través dunha investigación participativa que permite avanzar desde unha memoria pasiva, obxecto afastado de estudio a unha memoria activa, actual, contribuíndo a amosar así a utilidade cultural, social e política da investigación histórica e historiográfica.

7) O retorno do compromiso historiográfico con novos xeitos. No III Congreso fixose visible algo que xa agromara no II Congreso, para desconcerto dalgúns. Cando se fala, para ben ou para mal, de «compromiso» tense na mente o concepto e a experiencia militantes vividos nos anos sesenta e setenta. O caso é que a historia e a historiografía cambiaron enormemente nestes últimos trinta ou corenta anos, abandonando a maioría dos historiadores as «absorbentes» militancias ou simpatías historiográficas e políticas daquela altura. O compromiso dos historiadores rexorde con renovados trazos que cómpre recoñecer: A) O novo compromiso do historiador tende a realizarse desde a profesión, incluso entre os historiadores cunha práctica más politizada, sexa coas institucións sexa coa sociedade

civil. A separación esquizofrénica —por irreal e inútil— entre prácticas historiográficas e inquietudes extra académicas, que seguiu a crise nas novas historias, está sendo substituída¹⁰ por novos xeitos de facer historia que demostran a compatibilidade (diversa) entre o rigor profesional e a utilidade pública da historia investigada e ensinada. B) O compromiso que se impón entre os historiadores más avanzados é democrático, pluralista, tolerante co «outro» historiográfico, máis interesado en convencer do que en «vencer», en contraste co compromiso a miúdo sectario das tendencias historiográficas ou políticas do século XX. C) Nas súas versións más adiantadas, esta nova forma de entender o compromiso historiográfico tende a ser solidaria seguindo o signo dos tempos. Temos que asumir activamente a globalización ou universalización hoxe dos grandes valores da paz e da xustiza, da igualdade e da democracia, escribindo unha «historia con valores» (punto XVI do Manifesto de HaD). A contribución específica de HaD é a solidariedade académica cos colegas historiadores que poidan sufrir persecución en calquera parte do mundo no exercicio da súa profesión.

8) Adiantos, insuficientes pero significativos, na tarefa urxente de ampliarmos a comunidade de historiadores á investigación histórica non universitaria. Un dos sinais de identidade de HaD en Internet é a participación activa de historiadores non vinculados a institucións superiores de ensino e de investigación. Participación extra universitaria sempre más sinxela na redes dixitais ca nos congresos. A clara insuficiencia desta incorporación activa

aos nosos congresos, que diferenciamos da simple asistencia, ánimanos a elevar esta necesidade a «conclusión» co fin de ir estirando o concepto de historiador máis alá do profesorado universitario, achegando pasenxilmente a historiografía oficial á historiografía real. Unha parte nada desprezable da investigación histórica (ademas da didáctica e da divulgación) faise xa fóra dos cadros de persoal docente das universidades e dos escasos centros de investigación.¹¹ En moitos casos, estes historiadores non profesionais (no sentido de que gañan a vida con outra profesión) teñen unha cualificada formación universitaria e historiográfica, ademas dun acusado carácter vocacional e comprometido,¹² algo do que estamos moi precisados.

9) Reiterada vontade de non facer táboa rasa do que foron as vanguardas do século XX. De aí que a conferencia inaugural fose encorrmendada a Etienne Bloch, xuíz retirado, historiógrafo non profesional, fillo do cofundador de *Annales*, gran coñecedor e testamenteiro da súa obra. Na recepción oficial da Universidade de Santiago de Compostela no Pazo de Fonseca, berce da nosa Universidade hai cincocentos anos, puxémonos en pé para cantarmos a Marsellesa un 14 de xullo, cando os franceses celebran a toma da Bastilla, en homenaxe a Marc Bloch, exemplo imperecedoiro de historiador innovador e asemade comprometido co seu tempo, xustamente no sesenta cabodano da seu fusilamento polos nazis en Lyon. Outras dúas conferencias plenarias foron pronunciadas por André Gunder Frank e Ciro Flamarión Cardoso, inesquecibles representantes latinos (o primeiro por adopción)

dese materialismo histórico que tanto nos achegou nos anos sesenta e setenta, referente historiográfico hoxe para afrontar os retos do presente e do futuro da historia.

Así e todo, estamos noutro tempo, noutra tesisura historiográfica. Precisamos unha «nova nova historia» que, sen deixar de asumir (auto)criticamente as incapacidades pasadas e os retos presentes, reivindique o que tiña de xusto e necesario aquela «revolución historiográfica do século XX». Cómpre deixarmos claro que os historiadores marxistas e *annalistes* non se trabucaron tanto hai trinta, corenta ou máis anos, como se pretende hoxe desde posicións extremas neorankeanas ou posmodernas. A recuperación da memoria histórica non será eficaz nin completa¹³ mentres non sexamos quen de recobrarnos tamén a memoria historiográfica, sabendo como sabemos que non se trata, por suposto, nin de repetir a historia nin de repetir a historiografía, senón de poñer en práctica unha memoria historiográfica e histórica activa, integrada nas tarefas do presente e iluminadora dun futuro simplemente mellor.

10) *¿Que interese teñen os nosos traballos congresuais para a sociedade?* Cuestión pertinente precisamente agora, que se está a ampliar enormemente a nómina dos interesados pola historia en España e outros países. Para a nosa disciplina é moi bo que desde gobernos e outras institucións, políticos, auténticos afeccionados e outros profesionais se interesen, falen e escriban sobre a historia, que non é nin debe ser monopolio de ningún, tampouco dos historiadores. É ben positivo que determi-

nados medios de comunicación social¹⁴ estean dispostos a publicar cousas de historia.¹⁵ Está ben que as grandes editoriais devezan polas biografías dos «grandes persoeiros» da historia, novelas históricas e outras demandas do mercado más ou menos reais. Toda esta recente atención pública sobre a historia,¹⁶ non exenta de pluralidade e novidade, serve desde logo, como pasou noutros períodos históricos, para formar a cidadanía —outra cuestión é o debate dos contidos— e xerar vocacións de historiadores,¹⁷ pero tamén hai que denunciar os seus efectos perversos ao «obrigar» o historiador a traballar «por encarga», condicionando sen dismulo non soamente os temas históricos, senón tamén os enfoques historiográficos, cando non as interpretacións históricas.¹⁸ A historia académica vén dunha situación de debilidade que fixo posible que os poderes externos exerzan unha influencia sobre unha parte substancial dela que non coñeciamos desde o século XIX.¹⁹ Debater e consensuar entre historiadores o perfil do noso oficio neste novo século é capital para restaurar a nosa autonomía, decidindo libre e colectivamente o que, o como e o porqué da nosa contribución desde a historia á historia que estamos a vivir, tentando desenvolver *motu proprio* iniciativas académicas e públicas que máis conveñan á historia como disciplina. Non foi iso o que pasou cando o «debate das humanidades» que seguiu á vitoria do Partido Popular nas eleccións de 1996, iniciativa política institucional que tivo os seus mellores resultados atraendo importantes historiadores —marxistas, *annalistes* e neopositivistas—, editoriais e *media*, á

tarefa de recuperar a «idea histórica de España» e as súas «grandes figuras», sen lograr claramente potenciar o ensino e menos ainda a investigación da historia en España.

Gustarianos que este renovado interese público pola historia se mantivese co cambio de goberno do 14 de marzo de 2004²⁰ de xeito menos instrumental, pero isto esixe pór moito máis da nosa parte: utilizar a liberdade de cátedra para decidir o que debe ser hoxe en día a responsabilidade cultural, social e política do historiador, nos diferentes ámbitos territoriais e sociais. O III Congreso de HaD está axudando xa para que a escritura académica da historia sirva mellor ao conxunto da sociedade, que financia cos seus impostos a maior parte da historia investigada e ensinada. Sobre unha base común deontolóxica, os enfoques han de ser plurais e heteroxéneos, tamén na súa relación política, institucional e social, pero tamén dicimos que é preciso unha «discriminación positiva» a favor da relación da historia académica e a sociedade civil, pois está manifestamente desequilibrada en favor das institucións políticas, mediáticas e editoriais, o que se traduce historiográficamente nun abandono dos suxeitos colectivos en favor das «grandes figuras». Respondendo, en resumo, á pregunta que encabezaba esta décima conclusión final sobre HaD III, debemos dicir que o que nós podemos ofrecer, reflexionando e actuando colectivamente, cara a fóra é o rigor e a honestidade no tratamento dos datos dunha vella profesión con vocación de servizo social e (re)asunción de valores, no cadre da autonomía que lle é propia á universidade —institución ainda

máis vella có Estado (moderno)— respecto dos diferentes poderes, co fin de que a historia, e os seus praticantes e actores, goce neste novo século dunha nova primavera. Mais nada.

NOTAS

¹ Versión escrita (reducida) da conferencia ditada ás 20 horas do 17 de novembro de 2004 na Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña (Galicia, España) no cadre dos actos do V Premio de Ensaio Manuel Murguía (textos completos, galego e español, e arquivo de audio en www.h-debate.com ou en www.cbarros.com).

² Escribimos «historia inmediata» no sentido máis rigoroso: toda investigación e interpretación que trate de xeito histórico ou historiográfico relevantes feitos ou procesos contemporáneos ao propio historiador.

³ Dicímoso así para sermos pedagóxicos, en realidade para nós é o mesmo o acordo e o desacordo, nutrimos o consenso do debate e o disenso, practicamos de xeito cotián o que en galego se chama «trasacordo».

⁴ O problema non é tanto de palabras como de contidos, substituímos usualmente «total» por «global» pola finitude, realismo e actualidade do segundo termo, cuxos diversos usos dilúcidanse doadamente segundo o contexto, o mesmo ca calquera outra entrada do diccionario.

⁵ A proposta é así mesmo consecuencia da miña experiencia persoal, véxase «Historia social y mentalidades: nuevas perspectivas», *Medievalisme: novas perspectivas*, Lleida, 2003, páxs. 81-108.

⁶ O mesmo acontece coa historia inmediata, coa recuperación da memoria histórica ou, retrocedendo máis no tempo, coa historia oral, a historia das mulleres ou a historia ecolóxica: encerradas nas especializacións empíricas, academicistas, van perdendo pouco a pouco as súas potencialidades innovadoras.

⁷ A «historia do tempo presente» é máis unha ampliación ao século XX da área de Historia contemporánea, ca unha histo-

ria realmente actual, sempre algo máis comprometido, un motivo máis por tanto para empregar un termo academicamente menos ambiguo como «Historia Inmediata», tamén susceptible naturalmente dun uso espiro.

⁸ Para atopar formas de intercambio igual non nos serven as vanguardas do século XX: historiografías tan avanzadas como a francesa de *Annales* ou a inglesa de *Past and Present* ensinaban máis do que aprendían (no sentido que ten o verbo na lingua castelá) das consideradas «periferias», países latinos e americanos, incluídos os Estados Unidos, o que creou malos hábitos («colonialistas») entre os emisores e os receptores daquel entón.

⁹ Outra evidencia máis dos efectos positivos, democráticos, igualadores, da globalización das comunicacións, no ámbito das relacións académicas internacionais, que tan ben coñecemos: véxase «Historia a Debate, tendencia historiográfica latina y global», *Aula-Historia Social*, Valencia, n.º 13, primavera 2004, 84-90.

¹⁰ Os bos historiadores saben, como M. Bloch, que o profesional da historia, queiramos ou non, parécese máis ao seu tempo ca aos seus pais.

¹¹ É unha consecuencia da falla de prazas, situación que se vai aliviar na próxima década coa xubilación do profesorado da xeración *baby boom*, fenómeno sinalado que afectará escasamente aos actuais historiadores non universitarios.

¹² De seguro que non podemos dicir o mesmo do espírito renovador nos métodos e nos enfoques, pero tampouco andamos moi sobrados diso agora nas universidades.

¹³ Eficaz no sentido de implicar máis a academia historiográfica; completa no sentido de abranguer toda a historia, non soamente o século XX.

¹⁴ Os *media* tradicionais pasaron dunha función crítica como *cuarto estado* nos anos do Watergate a formar parte nos anos noventa do poder establecido, ainda que non todos os medios escritos e televisivos sufriren a mesma evolución, naturalmente.

¹⁵ Sobre todo se están enfocados ao seu gusto historiográfico e/ou ideolóxico, o dirixismo dos medios más influentes está cambiando —para mal— o sentido do que Gramsci chamou os «intelectuais orgánicos».

¹⁶ Auxe relacionado entre nós polo retorno

da historia de España, dúas décadas despois de que floreceran pendularmente as historias das nacionalidades e rexións, quedando para un futuro (inexorable) a historia mundial.

¹⁷ Formacións e vocacións con certa tendencia ao conservadorismo historiográfico que debemos combater non soamente entre os alumnos.

¹⁸ Non o foi o caso da Xunta de Galicia, que financiou os nosos congresos de Historia a Debate nos Xacobeos 1993, 1999 e 2004, sen condicionamento ningún en canto a temas, enfoques, invitados, etc., como temos posto de relevo en varias ocasións.

¹⁹ Esta influencia política, mediática e editorial sobre determinada historiografía veu substituír a influencia doutras ciencias e movementos sociais, características do século XX, reflectindo un novo *presentismo* institucional, que naturalmente ten outras lecturas e influencias compensatorias desde a sociedade civil e a globalización alternativa.

²⁰ Con todo, o novo goberno do PSOE non semella ter entre as súas prioridades a historia, a diferenza do goberno anterior, coa excepción relativa do Centenario do Quijote: non desenvolveu ata o momento ningunha iniciativa a favor dunha historia plural de España, o que se correspondería en aparenzia

CARLOS BARROS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


DÚAS CONVOCATORIAS

Con motivo do trinta aniversario da morte do ditador, o xeneral Franco, a Fundación de Investigaciones Marxistas Rey del Corral, en colaboración coa Universidade de Zaragoza, pensa en organizar unha serie de encontros periódicos baixo o título xenérico de **Historia e Compromiso**. O primeiro deles vaise celebrar entre o 9 e o 11 de novembro e versará sobre *Violencia política y coacción en el franquismo*.

O obxectivo deste primeiro encontro é xuntar a longa tradición historiográfica en torno á violencia franquista e a demanda do que se denomina «memoria vencida». Trátase de reflexionar acerca das máis recentes investigacións sobre o papel da violencia como piar da ditadura na súa longa vida. O encontro non se centrará só na represión durante a Guerra Civil e a posguerra, senón que alongará a súa mirada a todo o período ditatorial. O programa de relatorios completarase cunha selección de comunicantes e dúas mesas redondas, non exclusivamente académicas, encamiñadas a conxugar aspectos científicos e cívicos do estudo do pasado e da represión franquista.

Tamén se está a programar unha serie de actividades paralelas como proxeccións e unha exposición de materiais sobre o tema. Ademais, os organizadores pensan realizar, dado o carácter cívico das xornadas, unha homenaxe ás vítimas da violencia franquista en Aragón.

Quen teña interese en recibir



máis información e asistir a estes encontros, que nacen coa pretensión da continuidade, pode facelo solicitando o boletín de inscrición á Fundación Rey del Corral de Investigaciones Marxistas: R/ Mayor, 55, bajos. 50001 Zaragoza.

Así mesmo, está xa convocado o **VI Encontro de Investigadores do Franquismo**, que terá lugar en Zaragoza os días 15, 16 e 17 de novembro do 2006. Estes encontros xa tradicionais e recoñecidos polos historiadores como unha das citas más importantes para os que investigan o período franquista, celébranse cada tres anos. Nesta ocasión a organización corresponde á Fundación Sindicalismo y Cultura de CC.OO. de Aragón, conxuntamente co Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Zaragoza, en cuxa Facultade de Humanidades se desenvolverán as correspondentes sesións.

Nesta altura podemos informar de que as mesas para as que se poden remitir as comunicacións son:

- Franco e as políticas da ditadura
- Sociedade e movementos sociais durante o franquismo
- A cultura e o poder: discursos, memorias, identidades
- mundo do traballo: obreiros, empresarios, Estado
- As mulleres na ditadura: fascismo, catolicismo e resistencia
- Represión e violencia: as caras do terror

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Desde o anterior número da nosa revista, a Fundación desenvolveu as actividades xa anunciadas. Así, exposicións como *A vida cotiá durante o primeiro franquismo*, *Imaxe gráfica da II república*, *Luís Seoane. 13 estampas de la traición* ou *O ensino na II República* continuaron o seu itinerario polos centros culturais e de ensino galegos. A exposición *Arte y solidaridad. Los pintores españoles y el cartelismo sociopolítico*, producida pola Red de Archivos Históricos de CC.OO., que está a ter unha gran proxección polo seu valor histórico e artístico, presentouse no Museu de la Ciutat de Girona, no Museu de Historia de Catalunya de Barcelona e na Fundación Luís Seoane da Coruña.

Así mesmo, tal como vén ocorrendo desde a nosa creación, e cumprindo un dos nosos obxectivos, o de recuperar a memoria histórica do movemento obreiro galego, o 10 de marzo e con motivo do Día da Clase Obreira Galega celebrouse o xa tradicional acto de homenaxe e de recoñecemento a sindicalistas históricos e outras personalidades que achegaron o seu compromiso na loita polas liberdades democráticas. Neste ano os homenaxeados foron Xosé Iglesias dos estaleiros de Barreras de Vigo; Xosé Manuel Iglesias da Bazán de Ferrol; Roberto Alonso Ucha, enxeñeiro naval e fundador das Comisións Mariñeiras; Milagros Portabales, dirixente das Comisións no sector do ensino e Julio Portela antigo delegado de traballo da Coruña.

Polo que se refire ao ámbito editorial, a Fundación publicou dous traballos de investigación. O primeiro, *Astano. A empresa, a comisión obreira e a conflitividade (1941-1977)*, de Leonardo Rei Castro, é un estudo

que percorre a historia sociolaboral dun dos estaleiros más importantes de Galicia. O traballo analiza desde as orixes da empresa ata a transición, e faino deténdose en aspectos importantes como a organización do traballo, as condicións laborais e a conflitividade industrial que converteu os seus traballadores nunha referencia da clase obreira galega durante o franquismo. É esta unha investigación que contribuirá a un mellor coñecemento do proceso de recuperación do sindicalismo na Galicia franquista.

O segundo libro é *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero* de Ángel Rodríguez Gallardo, que editamos coa colaboración do Concello de Lugo. Este traballo recupera a biografía da mestra comunista Enriqueta Otero. Unha biografía que parte da militancia republicana da protagonista e do seu compromiso durante a Guerra Civil asumindo as propostas educativas e o código de valores éticos e sociais da II República. A investigación de Rodríguez Gallardo percorre todos os aspectos desta mestra, desde a guerrilla e a súa experiencia no universo carcerario do franquismo ata a militancia clandestina no Partido Comunista. Un libro que vén a contribuír tamén a recuperar a memoria colectiva das mulleres da II República a partir da experiencia vital de Enriqueta Otero.

Polo demais, nos últimos meses na Fundación estase a traballar no deseño de novas exposicións e na preparación doutras actividades que deberán ver a luz ao longo do próximo curso.



O período franquista ocupa unha parte fundamental das actividades e das investigacións que se desenvolvén na Rede de Arquivos Históricos de CC.OO.. e en DEZEME témonos ocupado en anteriores números dalgúns aspectos desa etapa histórica. Agora queremos dedicarlle unha atención especial a un aspecto aínda non tocado como tal nestas páxinas; referímonos aos movementos sociais durante o franquismo, tema sobre o que pivotará a seguinte revista e que estará nas mans dos nosos lectores dentro de seis meses.



CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome

Apelidos

Enderezo

Cidade

C.P.

SI, DESEJO SUBSCRIBIRME Á REVISTA DEZEME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOIS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

SUBSCRICIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOIS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

Contrareembolso Xiro postal

Talón bancario

(a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)

DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario / / Nome da entidade Endereço postal En , a de

Asdo.

Normas para a presentación dos orixinais

- O número de caracteres dependerá da sección á que vaya dirixido o artigo:
 - Ó redor da Historia: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Na clase: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Testemuño: entre 15.000 e 20.000 caracteres.
 - Unha imaxe: 7.000 caracteres.
 - Concepto: 6.000 caracteres.
 - De libros: 12.000 caracteres.
 - Encontros: 5.000 caracteres.
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, de se-lo caso, do correo electrónico. Incluirán un resumo de 400-500 caracteres e, no caso das recensións de libros, unha reproducción da portada da obra comentada.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: (Apellido do autor, ano da publicación: páxina). Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluirase ó final do artigo do seguinte xeito: Apellido do autor, Nome (ano de publicación), Título, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz, Barcelona, Crítica.
- Os artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, preferentemente en formato Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaya acompañado de imaxes ou ilustracións, indicarase o pé que levará.
- As imaxes enviaranse en formato TIF ou JPEG (JPG), cunha resolución non inferior a 240 pp.
- Os artigos serán corrixidos polo Gabinete de Normalización Lingüística do Sindicato Nacional de Comisións Obreras de Galicia, seguindo a normativa do Instituto da Lingua Galega.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO Via Pasteur, 45 B Polígono do Tambo - 15890 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es. A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de DEZEME resérvara o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

CARLOS BARROS GUIMERÁNS

Profesor titular de Historia Medieval na Universidade de Santiago de Compostela, é actualmente coordinador da rede académica internacional Historia a Debate e nos últimos anos foi o organizador das tres edicións do Congreso Internacional Historia a Debate, así como editor das correspondentes actas. Na actualidade orienta o seu traballo cara á análise historiográfica, coordinando diferentes proxectos de investigación relacionados con esa cuestión. Ten publicados numerosos traballos en obras colectivas e en diferentes revistas científicas, tanto impresas como dixitais. Entre os seus libros podemos citar: *Mentalidad y revuelta en la Galicia irmandiña: favorables y contrarios* (1989); *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XIV* (1990); *Viva el Rei; Ensaios medievais* (1996); *Historiografía fin de siglo* (1998); *History under Debate. International reflection on the discipline* 2004 (editor).

GLORIA BAYONA FERNÁNDEZ

Profesora de Historia Contemporánea na Universidade de Alacante. Ten orientado o seu traballo investigador cara ao período franquista dos anos sesenta e setenta. É autora do libro *Conflictividad y oposición política en la crisis del franquismo en Murcia* (2003). Entre as súas publicacións más recentes poden sinalarse: *Las fuerzas de oposición política en la crisis del régimen franquista en Murcia: oposición consentida y oposición perseguida* (1999); *Activación de la conflictividad laboral murciana: 1962* (2002); *Movimiento social en el mundo laboral en la España de los sesenta*.

(2003); *Permeabilidad de los modelos teóricos interpretativos de la Transición democrática en el contexto de ámbito local* (2001); *La transición española como objeto de estudio* (2001) e *Nuevos modos y formas de acción sindical agro-industrial en la crisis del Franquismo y Transición en Murcia* (2003).

FRANCISCO ERICE SOLARES

Profesor titular de Historia Contemporánea da Universidade de Oviedo. Orienta o seu traballo á historia social contemporánea, con especial atención a burguesía e a clase obrera asturiana. É autor de numerosos artigos en revistas e obras colectivas relacionados coa historia do movemento obreiro, por exemplo: *Entre el mito y la memoria histórica: las huelgas de 1962 y la tradición épica de la Asturias roja* (2002) e *Condición obrera y actitudes ante el conflicto. Los trabajadores asturianos a comienzos de la década de 1960* (2002); *La política sindical del PCE en los orígenes de las Comisiones Obreras: las confusiones en torno a la OSO* (2004). Entre as súas publicacións atopamos: *Propietarios, comerciantes e industriales en Asturias. Burguesía y desarrollo capitalista en la Asturias del siglo XIX, 1830-1885* (1996); é coautor e coordinador do libro *Los comunistas en Asturias 1920-1982*, (1996).

IRENE DÍAZ MARTÍNEZ

Licenciada en Xeografía e Historia. É colaboradora do proxecto I+D+I «Archivo de Fuentes Orales para la historia social de Asturias». Entre os seus traballos historiográficos podemos sinalar: *Aproximación a la*

huelga de 1936 en Asturias (2003); *Entre el entrismo y la abstención consciente. La postura de los comunistas asturianos ante las elecciones sindicales* (2004). Actualmente é bolseira do proxecto «Identificación de fosas comunes y otros lugares de enterramiento de personas desaparecidas como consecuencia de la Guerra Civil» ao tempo prepara a súa tese de doutoramento: *Conflictividad laboral en la minería asturiana (1962-1991)*.

FERNANDO HERNÁNDEZ HOLGADO

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidad Complutense de Madrid. O seu campo de investigación é moi amplio e abarca desde as prisóns de mulleres na época franquista —tema da súa tese de doutoramento— ata o militarismo e a política internacional ou os estudos de recuperación da memoria histórica. Entre os seu libros podemos destacar: *Mujeres encarceladas: La prisión de Ventas: de la República al franquismo, 1931-1941* (2003); *Soledad Real* (2001); *Historia de la OTAN. De la guerra fría al intervencionismo humanitario* (2000) o *Miseria del militarismo. Una crítica del discurso de la guerra* (2004).

ERIC HOBSBAWM

Foi profesor do Birkbeck College da Universidade de Londres e da New York School Research of New York. Os seus traballos son obras de referencia historiográfica mundial. Foi membro fundador da revista *Past and Present* e tamén colaborador frecuente de *New Left Review* e *Marxism Today*. Entre a súainxente obra podemos destacar algúns dos seus libros máis coñecidos en España: *Rebelde primitivos* (1968);

En torno a los orígenes de la revolución industrial (1971); *Bandidos* (1976); *Trabajadores*; (1979); *El mundo del trabajo* (1987); *Naciones y nacionalismo desde 1780* (1991); *Industria e imperio* (1977); *Los ecos de la marellesa* (1992); *Las revoluciones burguesas* (1974); *La era del Capitalismo* (1977); *La era de Imperio* (1990); *Historia del Siglo XX* (1995); *Política para una izquierda racional* (1993) ou *Sobre la historia* (1998).

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ.

Profesor de ensino secundario e doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid. Participou en numerosas actividades e experiencias artísticas e como conferenciante en diversos ámbitos académicos. Ten publicados artigos e estudos sobre o Equipo 57 e Arte normativa española. É autor do libro *Arte e ideología en el franquismo (1936-1951)*.

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Licenciado en Historia. Ten publicado numerosos artigos sobre temas históricos nas diversas revistas nas que colabora habitualmente e participou en obras colectivas. Especialista en historia local, entre os seus libros podemos destacar: *Historia das parroquias de Sesamo e Sueiro* (1998); *O que fixeron en Galicia, 1936* (1998); *A Cultura en Culleredo na II República*; *O Ateneo de la Villa de Rutis* (2001); *Asociacionismo e movemento obreiro en Oleiros, 1900-1936* (2002) e *Germinal. Centro de Estudios Sociais (Cultura obreira na Coruña, 1902-1936)* con Ana Romero (2003). É historiador do Concello de Culleredo (A Coruña), onde dirixe as Xornadas de

Historia que van pola décima edición e actualmente está a rematar a súa tese de doutoramento.

ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO

Profesor de ensino secundario e doutor en Filoloxía Hispánica. Recibiu o III Premio de Investigación Fermín Bouza Brey polo traballo *A represión franquista en Ponteareas*. Como investigador, orienta o seu traballo cara á resistencia guerilleira e a represión en Galicia, e entre os seus últimos traballos publicados podemos destacar: *La mujer comprometida en el franquismo: el emblemático caso de Enriqueta Otero Blanco* en V Encontro de Investigadores do Franquismo (2003); *Entre Bandas e invernadeiras: refuxiados durante a guerra civil na fronteira entre Ourense e Portugal* en A Trabe de Ouro (2004); *Memoria da Guerra Civil en Portugal: refuxiados políticos en Castro Laboreiro* (2004) e o libro *Letras armadas. As vidas de Enriqueta Otero* (2005).

PERE YSÀS

Profesor titular na Universidade Autónoma de Barcelona. É membro do Centro de Estudios sobre las Épocas Franquista y Democrática (CEFID/UAB). Ademais de dirixir, editar ou participar en máis de cincuenta obras colectivas e de colaborar nas más importantes revistas especializadas, ten publicados varios libros en colaboración con Carme Molinero, entre os que podemos destacar: *Patria, Justicia y Pan. Nivell de vida i condicions de treball a Catalunya, 1939-1951* (1985); *Els industrials catalans durant el franquisme* (1991); *El règim franquista. Feixisme, modernització i consens*

(1992), *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España Franquista* (1998); *Catalunya durant el franquisme* (1999). Ademais de *Historia política de España, 1939-2000* (2001), con Carme Molinero e José M. Marín. O seu último libro publicado é *Disidencia e subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975* (2004).

JAVIER TÉBAR HURTADO


Licenciado en Historia Contemporánea pola Universidade Autónoma de Barcelona e director da Fundació Cipriano García-Arxiu Històric de CC.OO. de Catalunya. Especializado en historia do mundo do traballo e dos movementos sociais e máster en organización de arquivos empresariais pola Universidade Politécnica de Cataluña. Coordinador do proxecto *Biografías obreras: fuentes orales y militancia sindical (1939-1978)*. Ten publicado diferentes artigos en revistas e obras colectivas relacionadas coa historia social do franquismo en Cataluña.

dezen·eme



*Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo*

Vía Pasteur, 45 B - Polígono do Tambre
15890 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 574 082
correo electrónico: f10m@galicia.ccoo.es



fundación 10 de marzo
sindicato nacional de cc.oo. de galicia